

Concello de Vigo

2010/11

Guía de Centros  
**PÚBLICOS**

Educación infantil, primaria  
e secundaria

CONCELLERÍA  
DE EDUCACIÓN

ALCALDÍA



VIGO

Guía de Centros  
PÚBLICOS

Educación infantil, primaria  
e secundaria

2010/11



ALCALDE

Abel Caballero Álvarez

CONCELLEIRA DELEGADA DE EDUCACIÓN

Laura López Atrio

EDITA

Concello de Vigo. Servizo de Educación

COORDINACIÓN

Juan Fco. Centrón Montero. Director do CEIP Mosteiro-Bembrive

DESEÑO E REALIZACIÓN

Táktika Comunicación, S.L.

FOTOGRAFÍA

Teresa Freiría. Fotógrafa

Servizo de Educación

Centros de Ensino

SUPERVISIÓN LINGÜÍSTICA

Servizo de Normalización Lingüística

D.L.: VG 79-2010

O Concello de Vigo agradécelles ás direccións dos centros públicos de infantil, primaria e secundaria de Vigo a súa colaboración para facer posible esta guía.



É a nosa decidida vontade facer de Vigo unha cidade educadora, polo que o Concello de Vigo está na obriga de facilitar e achegar aos vigueses e viguesas a oferta escolar presente no noso termo municipal, de tal xeito que as familias conten coa máxima información posible para escoller libremente o centro educativo que desexen para os seus fillos/as.

Na actualidade, da participación das familias na realidade educativa depende o éxito das xeracións futuras, que teñen nas súas máns o futuro desta cidade. Unha axeitada educación, plural e constructiva, precisa da implicación decidida das familias e do profesorado, pero tamén da sociedade en xeral e, como non, das institucións.

A edición por parte do Concello desta guía completa a información relativa aos centros de Vigo, poñendo en coñecemento dos cidadáns o abano escolar do que dispoñemos na rede pública, tanto no seu proxecto educativo como nos servizos, o equipamento, as instalacións e as actividades extraescolares que ofrecen.

Agardamos que esta guía sirva para o mellor coñecemento por parte das familias viguesas dos centros escolares públicos da nosa cidade e para que contribúa á mellor elección de centro educativo público que desexen.

ABEL CABALLERO ÁLVAREZ  
Alcalde de Vigo



## VIGO. EDUCACIÓN E CIDADE

Unha cidade educadora é aquela que transforma rúas, parques, prazas, centros comerciais, museos... en salas de clase. O seu papel é levar a educación máis alá dos muros das escolas

Coa perspectiva de educación integral, os nenos e nenas, mocidade e adultos aseguran a súa formación e vivencias diversificadas, ampliando así a calidade e as condicións ofertadas polas escolas. As diversas accións poden levarse a cabo cunha alianza entre a sociedade civil e o poder público, tanto por medio de organizacións non gubernamentais, asociacións de veciños, clubs de servizos, empresas, fundacións, entre outros, como polas ofertas educativas dun Concello que prioriza a educación dos seus cidadáns ao longo da vida.

No marco da cidade educadora as administracións locais teñen como función básica a promoción da participación cidadá na xestión e transformación da súa cidade, potenciando aquelas accións que impliquen a interacción entre nenos, novos, adultos e anciáns. Por esta razón é preciso promover a formación específica dos distintos axentes educativos e a participación e iniciativa cidadá, pondo os recursos necesarios á súa disposición.

O goberno local, como administración máis próxima aos cidadáns, deben velar pola racionalización e o equilibrio da oferta educativa que se dá no seu territorio, priorizando os sectores de poboación máis desfavorecidos. Por iso opta por unha colaboración activa cos demais niveis da administración e favorece a participación de axentes económicos e sociais na planificación das accións educativas.

Ademais de promover a existencia de propostas e recursos educativos, a administración local procurará un sistema de información que garanta o acceso de todos os cidadáns á oferta educativa. Os medios de comunicación de carácter local poden ser unha fórmula válida para a consecución dos obxectivos propostos, do mesmo xeito que os sistemas de difusión por medio dos mestres e outros axentes educativos e sociais que teñen efectos multiplicadores.

O obxectivo xeral é lograr que Vigo teña a mellor contorna para a aprendizaxe e para a vida das persoas que viven nela. Concrétase en ofertas de recursos que aumentan as posibilidades de aprendizaxe en campos como as novas tecnoloxías, a cultura, o arte, a expresión plástica, musical, teatral, a solidariedade, a convivencia, a comunicación, etc.

¿Qué fai habitable unha cidade? Sen dúbida que os seus habitantes teñan recursos económicos, emprego, vivendas saudables, servizos sanitarios e educativos e infraestrutura de comunicación, de relación e de ocio.... pero tamén, e fundamentalmente, o que a fai habitable son todas as cousas intanxibles que cohesionan as relacións humanas: respecto, seguridade, educación, confianza básica, comunicación, cooperación, calidade cultural e medioambiental, coidado e respecto aos animais, protección para os máis débiles, adecuación dos espazos para persoas discapacitadas, servizos sociais..., en suma, convivencia e calidade de vida.


Sábese que as aptitudes as aprendemos, pero as actitudes as contaxiamos. De ahí a nosa responsabilidade, pois o noso comportamento profesional, familiar ou social vai ter consecuencias educadoras: cada vez que saímos e nos atopamos con outra persoa, estamos educando. A forma en que nos diriximos a outros cidadáns, o noso respecto polas zonas verdes, polos animais, ou o ton da nosa conversa, denotan actitudes que son apreciadas e recollidas polos nosos iguais, especialmente polos que teñen menos idade. Ávidos de coñecemento dun mundo ó que están espertando e ó que se están a incorporar, os nenos aprenden directamente a través da observación do comportamento doutros, sen capacidade propia para decidir se o que observan é o máis apropiado, carentes da opción de comparar cando se enfrontan ós primeiros aprendizaxes. A educación na cidade é unha tarefa de todos, un labor compartido que esixe o noso compromiso e a nosa participación activa na medida do posible.

Unha cidade que educa non é só unha cidade que xestiona servizos materiais ou que incluso instrúe con programas patrimoniais. É tamén, e sobre todo, unha cidade que promove e crece en valores humanos e cívicos, que se coida a sí mesma, que aprecia o que ten e traballa por mellorarse, tendo presente as xeracións que a farán digna e habitable.

Desexamos que a información contida nesta Guía de Centros Públicos de educación infantil, primaria e secundaria de Vigo poida servirles como referente ás familias e tamén de apoio para facer a elección máis acertada para os seus fillos e fillas.

Recomendamos que, despois de consultar a información recollida nestas páxinas, se acheguen ós centros educativos para coñecerlos persoalmente e poder así valorar os equipamentos e servizos que prestan ó seu alumnado

# Configuración del sistema educativo español (LOE)



**Educación Infantil (0-6 anos).** É unha etapa voluntaria organizada en dous ciclos:

- Primeiro ciclo de 0 a 3 anos.
- O Segundo ciclo, de 3 a 6 anos, é gratuíto.

**Ensino Básico (6-16 anos).** Está formado pola educación primaria e a E.S.O.. É gratuíta, obrigatoria e organizada segundo os principios da educación común e da atención á diversidade.

**Educación Primaria.** Consta de 6 cursos que se fan entre os 6 e 12 anos. É obrigatoria e ordénanse en tres ciclos:

- Primeiro ciclo: 1º e 2º de primaria.
- Segundo ciclo: 3º e 4º de primaria.
- Terceiro ciclo: 5º e 6º de primaria.

**Educación Secundaria (12-18 anos).** Inclúe os catro cursos do Ensino Secundario Obrigatorio e o ensino postobrigatorio, onde se sitúan:

- 2 Cursos de bacharelato.
- Formación profesional de grao medio.
- Ensinanzas profesionais das artes plásticas e deseño de grao medio.
- Ensinanzas deportivas de grao medio.

**Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).** Consta de catro cursos que se farán entre os 12 e os 16 anos.

Hai programas de diversificación curricular a partires do terceiro curso, orientados á consecución do título de Graduado en ESO, que dá acceso á secundaria postobrigatoria.

**Programas de cualificación profesional inicial (P.C.P.I.).** Para alumnado maior de 16 anos, excepcionalmente de 15. Inclúe tres tipos de módulos:

- Conducentes á obtención dunha cualificación profesional.
- Formativos de carácter xeral.
- Voluntarios conducentes á obtención do título do graduado en ESO.

**Bacharelato.** Consta de dous cursos en tres modalidades: Artes, Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais. O título de Bacharelato dá acceso á Educación Superior. Ordinariamente cúrsase entre os 16 e 18 anos, e ten dous cursos: 1º e 2º de bacharelato.

**Formación profesional.** As ensinanzas de formación profesional abarcan os módulos profesionais e xerais dentro dos P.C.P.I., os Ciclos Formativos de Grao Medio (na Educación Secundaria Postobrigatoria) e os Ciclos Formativos de Grao Superior (na Ensinanza Superior).



Entra nun ensino á túa medida

Democrático e participativo

Equilibrador de desigualdades

Plural e integrador

Aberto á innovación pedagóxica

Totalmente gratuíto



# Centros de ensino de Educación Infantil de 1º e 2º ciclo (0-6 anos)



- |   |                                     |
|---|-------------------------------------|
| 1. E.I.M. SantaCristinadeLavadores(0-3) | 10. E.E.I. Carmen Giráldez (3-6)    |
| 2. E.I.M. Atalaia de Teis (0-3)         | 11. E.E.I. Rúa Hernán Cortés (3-6)  |
| 3. E.I.M. Santa Marta (0-3)             | 12. E.E.I. Cristo da Victoria (3-6) |
| 4. E.I.M. Costeira de Saiáns (0-3)      | 13. E.E.I. El Nogal (3-6)           |
| 5. E.I. Caeiro (0-3)                    | 14. E.E.I. Palencia (3-6)           |
| 6. E.I. Rosalía de Castro (0-3)         | 15. E.E.I. Monte da Guía (3-6)      |
| 7. E.I. Bouzas (0-3)                    | 16. E.E.I. Monte do Alba (3-6)      |
| 8. E.I. Relfas (0-3)                    | 17. E.E.I. Villalaura (3-6)         |
| 9. E.I. Rúa Palencia (0-3)              | 18. E.E.I. Zamáns (3-6)             |

## E.I.M. Escolas Infantís Municipais (0-3 anos)

páxs. 10 a 13

## E.I. Escolas Infantís de primeiro ciclo dependentes da Consellería de Educación da Xunta de Galicia (0-3 anos)

páxs.14 a 18

## E.E.I. Escolas Infantís de segundo ciclo dependentes da Consellería de Educación da Xunta de Galicia (3-6 anos)

páxs. 19 a 27

# 1. E.I.M. Sta. Cristina de Lavadores

## Etapas educativas

1º ciclo de educación infantil (0-3 anos)

Enderezo	Rúa Santa Cristina, 1. 36214 Vigo
Tfno. e fax	986 280 732
Correo elect.	ei.santacristina@vigo.org
Horario de oficina	de 9:00 a 17:00 horas (previa cita)



A EIM Sta. Cristina conta con tres unidades para nenos/os de 3 meses ata 3 anos de idade, sendo a súa capacidade de 41 nenos/os en horario simultáneo.

O horario no que se desenvolve o servizo é de luns a venres de 7:30 a 21:00 horas, dende o mes de setembro ata o 31 de xullo.

O Equipo Profesional está formado por 9 persoas, todas elas debidamente

calificadas para o desempeño das súas funcións. A mais, a Escola dispón dun servizo de Atención Temperá e de Asesoría Nutricional.

O idioma vehicular é o galego, respectando o Decreto 124/2007 de promoción da lingua galega no sector educativo e a Ordenanza Municipal acordada polo Pleno en 1998. Nas aulas trabállanse os dous idiomas oficiais da nosa Comunidade Autónoma e introdúcese o inglés como terceira lingua no aula de 2-3 anos.

A Escola ten, entre outros, os seguintes obxectivos específicos: promover e fomentar o desenvolvemento integral das nenos/os, así como a aprendizaxe de habilidades sociais afectivas e cognitivas; promove-la participación activa de tódolos sectores que forman a comunidade educativa.

O Centro ofrece ás familias usuarias reunións periódicas coas mestras, participación e colaboración en distintas actividades, unha Escola de Nais e Pais organizada polo Equipo de Atención Temperá e Actividades Extraescolares coas familias os sábados desenvolvidas por persoal cualificado.

## Equipamento e instalacións

3 Aulas · Comedor e cociña propia · Aula de psicomotricidade · Sala de Mestras, de lactancia e Biblioteca · Patio · Xardín con zona de xogos · Lugar cuberto para deixa-las cadeiras de paseo

## Actividades organizadas pola ANPA

Horario de atención ás familias fixo durante todo o curso · Servizo de empréstito de libros · Colaboración en actividades organizadas pola Escola · Actividades Extraescolares en familia: “Educar xogando”: programa de xogos e obradoiros - “Descubriendo o mundo”: programa de saídas

## 2. E.I.M. Atalaia de Teis

### Etapas educativas

1º ciclo de educación infantil (0-3 anos)

Enderezo	Avda. Dona Fermina, 9 (subida á Guía) Teis. 36207 Vigo
Tfno. e fax	986 376 503
Correo elect.	ei.atalaia@vigo.org
Horario de oficina	de 10:00 a 18:00 h (previa cita)



Escola infantil municipal de primeiro ciclo. Conta con tres unidades para nenos e nenas de 3 meses a 3 anos e cun equipo humano de 12 persoas, todas elas debidamente cualificadas para o desempeño das súas funcións.

Na nosa escola queremos que cada neno e nena desenvolva ó máximo as súas primeiras relacións sociais, acade os hábitos de autonomía necesarios para a súa correcta adaptación o seguinte

ciclo, descubra o mundo que lle rodea, e aprenda a expresarse; todo nun clima de seguridade e confianza así como de respecto cara si mesmo e cara os demais.

Así mesmo na nosa escola propoñémosnos prestar especial atención á diversidade, respectando tódalas diferenzas e facilitando a integración.

E como entendemos que educar é unha tarefa conxunta entre a escola e a familia poñemos especial interese en involucrar aos pais e nais no proceso educativo manténdoos informados de tódalas actividades que se realizan na escola e explicándolles como poden participar nelas na propia escola ou dende a casa a través de boletíns mensuais, orientacións trimestrais, informes dos cativos e cativas, festas, saídas, obradoiros, escola de nais e pais, etc.

O período de actividades lectivas é do 1 de setembro o 31 de xullo en horario de 7:30 a 21:00 horas de luns a venres.

A escola conta cun plan de autoprotección e un regulamento de réxime interno. A lingua que se utiliza é o galego.

### Equipamento e instalacións

3 aulas · Comedor-salón polivalente · Cociña propia · Sala Psicomotricidade · Patio exterior con zona de xogos (acceso dende cada aula) · Iluminación natural · Equipo de Atención Temperá · Nesta escola hai ANPA · Escola de nais e pais

# 3. E.I.M. Santa Marta-Casco Vello

## Etapas educativas

1º ciclo de educación infantil (0-3 anos)

Enderezo	Santa Marta, 38-Interior. 36202 Vigo
Tfno.	986 442 153
Fax	986 442 154
Correo elect.	ei.santamarta@vigo.org
Horario de oficina	de 10:00 a 17:00 horas (Previa cita)



A nosa escola promove o desenvolvemento integral das nenas e nenos e a aprendizaxe das actividades cognitivas e creativas. Entendemos que educar é unha tarefa conxunta entre escola e familia. Fomentamos o desenvolvemento de valores como a tolerancia, a cooperación, etc; respectando a singularidade de cada persoa. Procuramos a integración das nenas e nenos con necesidades educativas especiais e a incorporación das familias ao proceso educativo na escola. O ambiente creado nas clases favorece a adquisición progresiva de hábitos de autonomía, orde, limpeza, etc.

Periódicamente infórmase ás familias da evolución dos seus fill@s en boletíns, reunións e tutorías.

O persoal está composto por: directora, 2 mestras de educación infantil, 6 técnicas especialistas en educación infantil, 2 cociñeiras, 1 limpadora.

O horario das actividades lectivas é de 7,30 a 21,00 horas de luns a venres dende o 1 de setembro ao 31 de xullo. Convócanse xornadas de portas abertas en abril e ao inicio do curso. A lingua empregada é o galego e introducimos como terceira o inglés na aula de 2-3. Facemos saídas, celebracións, festas tradicionais e aniversarios.

Actividades complementarias: obradoiros tódolos meses (cociña, pintura, medio ambiente, reciclaxe...). Escola de Nais e Pais. Festival Fin de curso. Excursión Fin de curso. Os pais e nais poden participar nas actividades, nos obradoiros e nas festas da escola.

Equipamento e instalacións

## Equipamento e instalacións

3 aulas · Comedor / Aula de usos múltiples · Cociña propia · Patio e zona de xogos  
Gabinete psicopedagóxico · Servizo médico · Biblioteca · Horta escolar · ANPA

## 4. E.I.M. Costeira de Saiáns

### Etapas educativas

1º ciclo de educación infantil (0-3 anos)

Enderezo	Baixada á praia, 79. 36392 Saiáns. Vigo
Tfno. e fax	986 498 677
Correo elect.	ei.costeira@vigo.org
Horario de oficina	de 10:00 a 18:00 h (previa cita)



Escola Infantil Municipal de primeiro ciclo. Consta de tres unidades para nenos e nenas, dende os tres meses ata os tres anos. O plantexamento educativo que seguimos no centro, é o que corresponde a un tipo de escola aberta, flexible, innovadora, eficaz, creativa e acolledora. Deixamos que sexa o propio neno o protagonista do seu proceso educativo e se convirta en mente activa, para iso, proporcionámoslle tódolos recursos e a

atención individualizada que necesite en cada momento. Dentro da nosa liña de actuación, apostamos por un ensino activo e participativo, por iso, os nosos nenos intégranse dentro do proxecto “Facendo Escola” que leva a cabo o C.E.I.P. Ría de Vigo.

Contamos cun equipo debidamente cualificado e preparado para atender as demandas dos cativos, participando regularmente en actividades de formación continua (primeros auxilios, manipulador de alimentos, prevención de riscos, etc.).

Tamén facemos partícipes ás familias á hora de organizar talleres e festas (Magosto, Nadal, Entroido, Maios...), xa que queremos que participen da organización e funcionamento da escola, que a coñezan e nos coñezan, que sigamos ámbalas dúas un mesmo camiño.

O período de actividades lectivas vai do 1 de setembro ao 31 de xullo, en horario de 7:30 a 21:00 h, de luns a venres. O mes de agosto a escola permanecerá pechada por vacacións.

Existe un programa de adaptación para facilitar a chegada cada setembro dos novos alumnos e as súas familias á escola, cunha incorporación paulatina e progresiva.

### Equipamento e instalacións

Tres aulas con acceso directo ao patio · Comedor e cociña propia, con menús (almorzo, xantar, merenda e cea), elaborados por persoal especializado e seguindo o sistema de calidade consonte o Real Decreto 3484/2000, polo que se establecen as normas de hixiene e elaboración de comidas preparadas · Zona axardinada con xogos e porche cuberto · Contamos cunha ANPA “Agarimo” que desenvolve cursos de formación para nais e pais.

# 5. E.I. Caeiro

## Etapas educativas

1º ciclo de educación infantil (0-3 anos)

Enderezo	Gorguiña, 2. 36215 Vigo
Tfno.	986 486 088
Fax	986 487 631
Correo elect.	escolacaeiro@escolacaeiro.com
Horario de oficina	12:00 a 15:00 horas



As actividades organizanse en obradoiros integrais:

- Obradoiro de estimulación sensorial
- Obradoiro de xogo heurístico
- Obradoiro de loxica matemática
- Obradoiro de expresión oral e escrita
- Obradoiro de expresión plástica
- Obradoiro de música e dramatización
- Obradoiro de psicomotricidade

Periódicamente infórmase ás familias da evolución dos cativos en informes, reunións e titorías.

Existe un periodo de adaptación para facilitar a chegada dos novos alumnos en setembro.

Agrupamento alumnado: 3 unidades de 1 ano: 33 prazas · 2 unidades de 2 anos: 34 prazas.

Persoal: 6 Técnicos Especialistas en Xardín de Infancia, 4 Camareiras-Limpadoras, 1 Cocifeiro, 1 Axudante de Cocina, 1 Dirección.

Horario: de 8:00 a 17:00 h de luns a venres. Calendario: Do 1 de Setembro ao 31 de Xullo.

## Equipamento e instalacións

Espacios: 2 plantas de 400 m<sup>2</sup> cada unha e xardín de 800 m<sup>2</sup>

Planta baixa: sala de berces, sala usos múltiples, obradoiros de estimulación sensorial e xogo heurístico, comedor de camiñantes e de persoal, cocina, lavandería, despensa, vestiarios persoal, sala de caldeiras, aseos.

Planta alta: sala educadoras e dirección; obradoiros de lingua, plástica, matemática, psicomotricidade e música; aseos.

# 6. E.I. Rosalía de Castro

## Etapas educativas

1º ciclo de educación infantil (0-3 anos)

Enderezo Rúa Baiona, 9. Vigo  
Tfno. e fax 986 205 862  
Correo elect. ei\_rosaliadecastro@yahoo.es



Dende o curso 2009/10 e ata o curso 2010/11 incluído o proxecto educativo desta escola desenvólvese cunhas liñas de aprendizaxe baseadas na manipulación, observación e experimentación dos obxectos cotiás e da propia natureza, introducíndose no mundo sensorial, cun enfoque artístico do que sairán producións artísticas coa aplicación da natureza. E unha incidencia especial sobre a alimentación sana.

Os recursos metodolóxicos vincúlanse coas festas tradicionais e ligadas ao calendario.

· Lingua materna · Psicomotricidade · Saídas didácticas · Uso de novas tecnoloxías (mesa de luz, retroproyector, pantalla dixital, ordenador)

Equipo Educativo: 1 Directora, 2 Mestres en E.I., 9 T.E.X.I.

Persoal de Servizos: 1 Oficial 1º de cociña, 1 Axudante de cociña, 10 camareiras limpadoras

Alumnado: 8 nenos/as nivel 0-1 · 39 nenos/as nivel 1-2 · 60 nenos/as nivel 2-3  
15 nenos/as internivel

Horario: o centro permanece aberto 12 h, dende as 7,45 h ata as 19,45 h, coas modalidades: xornada continuada, xornada partida e media xornada.

## Equipamento e instalacións

Comedor con menús elaborados no centro para cada nivel de idade, incluíndo dietas de prescrición médica e por cultura

8 aulas con aseos e acceso directo a zona de xogo externa · 2 salas de usos múltiples

## 7. E.I. Bouzas

### Etapas educativas

1º ciclo de educación infantil (0-3 anos)

Enderezo	Pardaiña, 2. Vigo
Tfno.	986 207 697
Fax	986 207 697 e 986 248 022
Correo elect.	eibouzas@xunta.es
Horario de oficina	de 10:00 a 17:00 horas



A escola pertence á Xunta de Galicia. Está situada no barrio de Bouzas, nun contorno natural.

Hai un contacto diario coas familias ou titores e realízanse reunións trimestrais por aula, habendo un intercambio de criterios educativos e unha transmisión de mutua información sobre actitudes e comportamentos.

O persoal do centro está composto por: 1 mestre especialista en educación infantil, 6 técnicos especialistas en Xardín de Infancia, 1 Oficial 1º de Cociña, 1 Axudante de Cociña, 4 camareiras-limpiadoras e 1 Directora. Hay 6 grupos de nenos/as: 1 grupo de 0-1 ano (máximo 8 nenos), 2 grupos de 1-2 anos (máximo 13 nenos/as por aula) e 3 grupos de 2-3 anos (máximo 20 nenos/as por aula). Celébranse festas tradicionais e culturais: Magosto, Samain, Nadal (organizase un Belén vivente con todos os nenos/as), Día da Paz, Entroidos, Enterro da Sardiña, Día do Pai, Semana do libro, Día da Nai, Festa dos Maios, Día das Letras Galegas, Semana do Medio Ambiente e Festa de final de curso con actuacións dos grupos de 2-3 anos, ademais de saídas lúdico-educativas.

### Equipamento e instalacións

Superficie total: 2.300 m<sup>2</sup> · Unha aula que conta con sala de gateo e de berces, aseos, cuarto de mochilas e cuarto de xoguetes · 5 aulas con bufardas, baños incorporados e acceso directo ao patio de 45 m<sup>2</sup> cada unha · Patio descuberto e soportal cuberto, con diversos xogos, árbores e zona axardinada, con un total de 600 m<sup>2</sup> · Patio cuberto con bufarda · Horta escolar · Biblioteca · Sala de ordenadores · Salón de actos múltiples de 160 m<sup>2</sup>. Utilízase para facer actividades de psicomotricidade, música, festas, durmir os nenos/as de 2-3 anos, etc. · Comedor e cociña, con menús elaborados no centro. Non existe transporte escolar.

## 8. E.I. Relfas

### Etapas educativas

1º ciclo de educación infantil (0-3 anos)

Enderezo	Marco, 28. Moledo. Vigo
Tfno.	986 417 433
Fax	986 482 225
Horario de oficina	de 10:00 a 17:00 horas



A nosa escola pertence á Xunta de Galicia e está localizada nunha zona rural. Impártense clases a nenos e nenas desde os tres meses ata os tres anos. As clases favorecen un clima educativo que fomenta a integración de todos os/as alumnos/as atendendo ás necesidades específicas de cada un/unha. Foméntase a participación das familias nas actividades do centro e mantense un contacto continuo co resto do contorno. Fanse reunións trimestrais.

Grupos de nenos/as: están agrupados segundo a data de nacemento.

- 1 grupo de 0-1
- 2 grupos de 1-2
- 2 grupos de 2-3

### Equipamento e instalacións

Comedor con menús elaborados no centro · Biblioteca · Salón de actos · Obradoiros de educación infantil · Patio: superficie de 2.000 m<sup>2</sup>

### Actividades

Festa de Nadal · Saídas culturais · Festas tradicionais · Excursións.

# 9. E.I. Rúa Palencia

## Etapas educativas

1º ciclo de educación infantil (0-3 anos)

Enderezo	Rúa Palencia, 32. 36205 Vigo
Tfno. e fax	986 267 794
Correo elect.	escolainfantil.vigo@igualdadebenestar.org
Páx. Web:	<a href="http://escolasinfantis.net">http://escolasinfantis.net</a>
Horario de oficina	9:00 a 16:00 h



Ostrazos de identidade danosa a escola vincúlannos ao resto das escolas da rede da Galiña Azul formando un proxecto en común.

Un dos nosos obxectivos é procurar que todas as nenas/nenos sexan educadas e atendidas en contextos de calidade onde se teñan en conta as súas necesidades e ritmos de aprendizaxe. A participación como forma básica de funcionamento, onde a colaboración coas familias

(comunicacións diarias, participación activa dentro da actividade diaria da aula, xuntanzas e titorías, consello de participación,...) parte da confianza, o respecto e a capacitación mútua.

Aparella educativa, como forma de organización, onde dúas persoas comparten as mesmas responsabilidades coas nenas/nenos facendo así unha atención máis individualizada. Na proposta metodolóxica apostamos pola creación de espazos e ambientes cálidos e funcionais, provocadores de procesos educativos. Resaltamos a importancia das actividades cotiás (comedor, hixiene, rutinas,...) como facilitadora dos primeiros coñecementos e consolidación progresiva da autonomía das nenas/nenos.

Agrupamento do alumnado: 1 aula para crianzas de 0-1 anos: (7 bebés) · 1 aula para crianzas de 1-2 anos: (12 nenas/os) · 1 aula para crianzas de 2 · 3 anos: (19 nenas/os)  
Persoal cualificado: 5 educadoras, 2 mestras de Educación Infantil, 1 PSX (persoal de servizos xerais), persoal de cociña.

Horario: de 7,30 a 21,30 horas (en caso de existir demanda); de luns a venres. Aberto todo o ano agás festivos nacionais e locais.

## Equipamento e instalacións

3 aulas, unha por cada grupo de idade · 1 sala de usos múltiples · 1 cociña · 1 espazo para deixar os carriños · 2 aseos · 1 sala de xuntas · 1 despacho de dirección.

# 10. E.E.I. Carmen Giráldez

## Etapas educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)

Enderezo	Rúa Aragón, 114. 36206 Vigo
Tfno. e fax	986 374 278
Correo elect.	eei.rua.aragon@edu.xunta.es
Páx. Web:	centros.edu.xunta.es/eeiruuaragon
Horario de oficina	de 13:00 a 14:00 h



Situada no Calvario, entre as rúas Aragón e Redomeira. O horario é de 9:00 a 14:00 horas.

O noso proxecto educativo fomenta unha escola na que se dé unha formación afectiva nun ambiente de seguridade, confianza e liberdade.

Procúrase potenciar a igualdade, favorecendo a convivencia e rexeitando

actitudes de discriminación e intolerancia.

Desexamos ser un centro aberto onde se atenda a cada neno/a segundo a súa realidade concreta e personal. Tentamos crear hábitos de pensamento, actitudes críticas, apertura, flexibilidade, iniciativa e creatividade.

Buscamos unha escola na que vida e educación sexan inseparables. Traballamos por proxectos.

O centro conta cos seguintes recursos persoais: 4 mestras de Educación Infantil, 1 mestra de Audición e Linguaxe, 1 mestra de Linguaxe Extranxeira-Inglés. 1 Orientadora.

**Equipamento e instalacións** 4 aulas moi amplas, luminosas, con abundante material pedagóxico, ordenadores e internet · 1 aula de usos múltiples de 145 m<sup>2</sup> Aula de Psicomotricidade, música/ audiovisuais · Biblioteca escolar con servizo de préstamo · Patio exterior valado, con xogos infantís e ariero · Material multimedia, ordenadores, encerado dixital · Comedor.

**Actividades organizadas pola ANPA** de 16 a 18 horas: Danza e Movemento · Manualidades · Teatro de nais.

**Actividades complementarias:** Saídas culturais Festivais de Nadal, Fin de Curso · Celebración de aniversarios conxuntos · Celebración do Magosto, Samain, Entroido... · Participación Activa das familias.

# 11. E.E.I. Rúa Hernán Cortés

## Etapas educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)

Enderezo	Hernán Cortés, 15 baixo. Vigo
Tfno. e fax	986 432 331
Correo elect.	eei.rua.hernancortes@edu.xunta.es
Horario de oficina	11:30 a 12:00 h
Centro ao que está adscrito	CEIP García Barbón



No noso centro tendemos ao desenvolvemento integral do neno/a levando a cabo o labor docente baseado nos principios de tolerancia, solidariedade, respecto, integración, igualdade e paz. Tendo en conta o ritmo de desenvolvemento de cada neno/a, tentando facer unha escola participativa e aberta de cara ao alumnado, profesorado, familia e institucións.



Impártense clases de inglés, incluídas na programación escolar do centro.

E contamos con profesorado de audición e linguaxe.

O horario é de 9:30 a 12:30 e de 15:30 a 17:30 horas.

## Equipamento e instalacións

Patio interior · Ordenadores e internet en todas as aulas · Comedor (xestionado pola ANPA).

## Actividades organizadas pola ANPA

Clases de pintura · Natación · Festas · Outras dependendo da demanda.

# 12. E.E.I. Cristo da Victoria

## Etapas educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)

Enderezo

Tfno.

Correo elect.

Horario de oficina

Centro ao que está adscrito

Rúa Caldas de Reis, 11. 36209 Vigo

986 202 717

eei.cristo.victoria@edu.xunta.es

luns: 9:00 a 10:00 h; xoves e venres: 13:15 a 14:00 h

CPI Celso Emilio Ferreiro



O Proxecto Educativo da escola é un documento vivo, integral e vencellante para toda a comunidade educativa, como resultado das reflexións e dos acordos que orientan o modelo educativo do centro, con xuntamento coa Programación Didáctica e o Regulamento de Reximen Interior e de Convivencia.

Unha escola para todas e para todos que camiña polos vieiros da inclusión,

potenciadora das capacidades e das competencias nas que a diversidade é un valor, non un problema. Unha escola infantil aberta ao contorno social e natural no que está inmersa, na que as nenas e os nenos son o eixo dunha escola na que poden medrar como persoas en liberdade, tolerancia, autonomía e respecto.

A aprendizaxe é un proceso de descubrimento e construción polo que as aulas están deseñadas por recantos e obradoiros. Os procesos de ensino-aprendizaxe, a través da metodoloxía de proxectos, realízanse en castelán e en galego, ademais de facer un achegamento o inglés como primeira lingua estranxeira, así como a potenciación das Tics nas aulas e no centro para camiñar polas autoestradas da comunicación e da información global.

O equipo educativo está formado por mestras especialistas en educación infantil, especialista de inglés, pedagogía terapéutica, audición e linguaxe, persoal auxiliar-educativo e de servizos.

## Equipamento e instalacións

A escola conta cun servizo de comedor escolar de xestión indirecta (cáterin) da Consellería de Educación en horario de 14.00 a 16.00 h.

Dóus edificios con 6 aulas-titorias, sala de actividades múltiples, servizos varios, aulas-obradoiros. Dous patios dotados con xogos para os tempos de lecer, entradas independentes para o alumnado, os vehículos adaptados e os servizos.

## Actividades organizadas pola ANPA

A “ANPA” do centro organiza e xestiona as actividades extraescolares como: natación, música, actividades predeportivas. en horario de 16.00 a 18.00 h.

# 13. E.E.I. El Nogal

## Etapas educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)

Enderezo	Nogal, 8. Vigo
Tfno. e fax	986 416 574
Correo elect.	eei.nogal@edu.xunta.es



O centro conta con dúas unidades para o segundo ciclo de educación infantil (3, 4 e 5 anos). O proxecto pedagóxico baséase no desenvolvemento integral do alumnado e nas aprendizaxes significativas.

A educación réxese polo principio de socialización, globalización e atención á diversidade. Téntase que as nais e pais teñan conciencia do deber, de

seren eles, as/os principais educadoras/es dos/as seus/súas fillos/as, sendo a escola un lugar de afianzamento dos principios e valores do proceso educativo do alumnado.

Equipo docente:

- Dúas mestras especialistas en educación infantil.
- Mestra de inglés.
- Especialista en Audición e Linguaxe.
- Especialista en pedagogía terapéutica.
- Profesora de relixión.
- Orientadora (dependemos do Departamento de Orientación do CEIP Lope de Vega).

## Equipamento e instalacións

O colexio ten unha superficie total de 149,50 m<sup>2</sup> distribuídos en:  
Patio exterior de 80 m<sup>2</sup> con areira, tobogán e casaña · Dúas aulas comunicadas.  
Un pequeno vestidor que dá paso aos dous baños adaptados e á aula de usos múltiples (aula de música, vídeo e psicomotricidade). Aula de informática na que os nenos e nenas divírtense e aprenden cos xogos educativos.

## ANPA Os Miudiños

A ANPA Os Miudiños colabora coa escola en diversas actividades, como a realización de festas (magosto, nadal, entroido, día da paz, letras galegas e fin de curso), excursións e axudando en todas as necesidades que xurdan durante o curso.

# 14. E.E.I. Palencia

## Etapas educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)

Enderezo	Palencia, 34. 36205 Vigo
Tfno. e fax	986 379 179
Correo elect.	eei.rua.palencia@edu.xunta.es
Horario de oficina	de 9:00 a 10:00 horas
Centro ao que está adscrito	a orientación educativa ao CEIP "O Pombal" compartindo, ámbolos dous centros a orientadora.



- Escolarización de nenos/as do 2º ciclo de Educación Infantil (3, 4 e 5 anos).
- Horario con xornada continuada de 9:00 a 14:00 horas.

Os puntos principais do noso proxecto educativo, resumíremolos en:

- Educar baseándonos na igualdade, diversidade, tolerancia, participación...

· Axudar ao alumnado a lograr unha progresiva maduración física e socioafectiva co fin de acadar a súa autonomía persoal

· Concienciar ás familias de seren elas as principais educadoras das e dos seus fillos.

A escola conta con proxectos de iniciación á lingua inglesa, e tamén á informática.

Así mesmo conta cunha orientadora e unha mestra de audición e linguaxe.

Todos os alumnos/as teñen garantido o seu posto para educación primaria, nos colexios da zona.

## Equipamento e instalacións

Patio exterior valado de 600 m<sup>2</sup> con xogos infantís, areeiro · Patio cuberto de 300 m<sup>2</sup>  
3 aulas amplas, luminosas e con chan de cortiza de 60 m<sup>2</sup> · 1 aula de usos múltiples: psicomotricidade, inglés, informática, etc. · 1 aula de Audición e Linguaxe · Servizos adaptados a estas idades.

## Actividades organizadas pola ANPA

Xestiona os gastos de material escolar do alumnado.

Organizaas distintas conmemoracións escolares (Nadal, Entroido, Fin de curso). Organiza as actividades Extraescolares: Natación (na piscina de Santa Cristina) · Obradoiro de teatro, música, plástica, etc. (na escola)

# 15. E.E.I. Monte da Guía

## Etapas educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)

Enderezo	Irmáns Misioneros dos enfermos pobres, 37. 36207 Vigo
Tfno. e fax	986 379 779
Correo elect.	eei.montedagua@edu.xunta.es
Blog	montedagua.blogspot.com
Centros ao que está adscrito	CEP Santa Tegra e IES A Guía



Xornada continuada de 9 a 14 h. A nosa escola acolle nenos/as de 3 a 6 anos. O traballo reflíctese no proxecto educativo do centro, programado en equipo e aprobado polo Consello Escolar.

Centrámonos no desenvolvemento integral da nena e do neno, na súa maduración psicomotriz e nas aprendizaxes significativas, mediante

o emprego neste proceso, das nosas dúas linguas oficiais: galego e castelán. Tamén participamos no proxecto de anticipación da lingua inglesa, dende os 3 anos.

Entre outros, priorízanse proxectos de: Dinamización da Biblioteca, das TICS ou novas tecnoloxías (hai ordenadores nas aulas como unha ferramenta máis de aprendizaxe, blogue do cole, ...) de convivencia (eixo fundamental da nosa escola) e do equipo de D. e Normalización Lingüística (semana das Letras Galegas, xornal escolar: “Tegriña”, etc).

Equipo docente :

Catro especialistas de Educación Infantil (3 titoras e 1 de apoio), 1 especialista en Audición e Linguaxe, especialista de inglés e Orientadora.

Temos unha “Escola de Pais e Nais” que leva adiante charlas de interese para as familias.

## Equipamento e instalacións

3 aulas de 70 m<sup>2</sup> con moita luz natural, calefacción, biblioteca, abundante material pedagóxico e xogos · Biblioteca · Aula de Audición e Linguaxe · Aula de psicomotricidade e música/audiovisuais e usos múltiples (70m<sup>2</sup>) · Patio de 1400m<sup>2</sup>. Conta con dúas areeiras e xogos infantís, un amplo xardín con flores, céspede, árbores de distintas especies e horta escolar · Baños axeitados · Patio cuberto · Comedor escolar.

## Actividades organizadas pola ANPA

A relación coas familias é continua e aberta, e os pais/nais participan activamente na programación das festas, saídas, actividades extraescolares (multideporte, natación, patinaxe, ...) e outras. A ANPA xestiona o comedor (de 14:00 a 16:00 horas).

# 16. E.E.I. Monte do Alba

## Etapas educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)

Enderezo

Tfno. e fax

Correo elect.

Web: <http://centros.>

Horario de oficina

Centros ao que está adscrito

Camiño da igrexa, 133. Valadares. Vigo

986 469 241

[eei.monte.alba@edu.xunta.es](mailto:eei.monte.alba@edu.xunta.es)

[edu.xunta.es/eeimontedealba](http://edu.xunta.es/eeimontedealba)

de 9:15 a 14:15 horas

CEP Igrexa-Valadares e IES Sobreira-Valadares



O Proxecto educativo da nosa escola recolle como obxectivo principal o desenvolvemento integral do neno/a que se consegue a través do traballo por Proxectos que leva a cabo a escola. Recóllese no PEC o Proxecto de Convivencia, co cal se pretende que todos os nenos e nenas se desenvolvan nun ambiente sá e sen violencia; atendendo á diversidade.

Celebramos as festas tradicionais: Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Maios; todas elas en colaboración coas familias.

Conta o centro cunha biblioteca de préstamo para a casa, da que se encargan mestras e nais. Cada semana o neno/a leva un libro que elixe para que un membro da súa familia o lea con él/ela na súa casa.

Temos mestra de inglés, un mestre de Audición e Linguaxe, mestra de psicomotricidade.

Facemos uso das TICs como ferramenta de aprendizaxe. En cada aula hai un ordenador.

Linguas: Galego e castelán.

Comedor e transporte: co CEP Igrexa-Valadares.

## Equipamento e instalacións

Aula de Biblioteca · Aula de psicomotricidade · Aula de inglés · Aula de pintura, plástica e pizarra dixital · Patio e Xardíns · Comedor no CEP Igrexa-Valadares.

## Actividades organizadas pola ANPA

Realizan en horario de tarde: piscina, pintura, música.

# 17. E.E.I. Vilalaura

## Etapas educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)

Enderezo	Hispanidade, 86. Vigo
Tfno. e fax	986 471 410
Correo elect.	eei.vila.laura@edu.xunta.es
Centro ao que está adscrito	Doutor Fleming



Nesta escola impártese o 2º Ciclo de Educación Infantil.

É unha escola aberta a todo tipo de culturas, que potencia a convivencia en harmonía, promove o desenvolvemento integral dos nenos e nenas e establece relacións sociais e afectivas en toda a Comunidade Educativa.



## Equipamento e instalacións

Patio cuberto e patio ao aire libre · Sala de informática · Biblioteca · Aula de psicomotricidade.

Aula de Inglés

## Actividades organizadas pola ANPA

No Centro: Baile galego · Música · Inglés · Teatro · Pintura · Predeporte · Contacontos  
Fóra do Centro: Natación · Outros servizos: Gardería matinal (xestionada pola ANPA)  
A ANPA Os Miudiños colabora coa escola en diversas actividades, como a realización de festas (magosto, nadal, entroido, día da paz, letras galegas e fin de curso), excursións e axudando en todas as necesidades que xurdan durante o curso.

# 18. E.E.I. Zamáns

## Etapas educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)

Enderezo  
Tfno. e fax  
Correo elect.

A igrexa, 136. Zamáns. Vigo  
986 469 250  
eei.zamans@edu.xunta.es



A escola conta cunha unidade de 2º ciclo de educación Infantil na que se escolarizan nenos/as de 3 a 6 anos.

O horario é de 9:00 a 14:00 h en xornada continuada.

As clases impártense tanto en galego como en castelán. Ao comezar o curso lévase a cabo unha reunión informativa con todas as nais e pais.



Fanse algunhas saídas ao longo do curso e celébranse algunhas festas: Nadal, Entroido, e Fin de Curso.


A escola ten dúas aulas (unha delas de usos múltiples), e un cuarto de baño adaptado ao alumnado. Tamén ten un patio exterior bastante grande.

## Equipamento e instalacións

Un aula de usos múltiples que se utiliza para facer actividades de música, educación artística e psicomotricidade, e como patio de recreo cando o tempo non permite saír fóra. O patio de recreo está totalmente valado. Conta cunha areeira, un tobogán, zona axardinada e algunhas árbores.

19. CEIP Javier Sensat
20. CEIP Balaídos
21. CEIP Coutada-Beadé
22. CEIP Chans-Bembrive
23. CEIP Mosteiro-Bembrive
24. CEIP Virxe do Rocío
25. CEIP Santa Mariña
26. CEIP Carballal
27. CEIP Sello
28. CEIP Fonte Escura
29. CEIP Igrexa-Candeán
30. CEIP A Doblada
31. CEIP Ría de Vigo
32. CEIP Mestres Goldar
33. CEIP Canicouba-Pereiró
34. CPI Celso Emilio Ferreiro
35. CEIP Emilia Pardo Bazán
36. CEIP Seis do Nadal
37. CEIP Illas Cíes
38. CEIP Escultor Acuña
39. CEIP Pintor Laxeiro
40. CEIP Párroco D.Camilo
41. CEIP Carrasqueira
42. CEIP A Paz-Tintureira
43. CEIP O Pombal
44. CEIP Valle Inclán
45. CEIP Eduardo Pondal
46. CEIP Otero Pedraio
47. CEIP Josefa Alonso
48. CEIP Alfonso R. Castelao
49. CEIP Lope de Vega
50. CEIP Sárdoma-Moledo
51. CEIP Vicente Risco
52. CEP Santa Tegra
53. CEIP Frián Teis
54. CEIP San Salvador-Teis
55. CEIP Paraixal
56. CEIP Altamar
57. CEIP Sobreira
58. CEP Igrexa-Valadares
59. CEP Doutor Fleming
60. CEIP Garcia Barbón
61. CEIP Ramón y Cajal
62. CEE Saladino Cortizo
63. CEP Caixanova
64. Escola Hospitalaria do Hospital Xeral

# Centros de ensino de Educación Infantil, Primaria e Educación Especial



C.E.I.P. Colexios de Educación Infantil e Primaria  
**(3-12 anos)**

C.E.P. Colexios de Educación Primaria  
**(6-12 anos)**

C.P.I. Centros Públicos Integrados  
**(3-16 anos)**

C.E.E. Centros de Educación Especial  
**(3-21 anos)**



## 19. C.E.I.P. Javier Sensat

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Xavier Sensat, 8. Vigo
Tfno. e fax	986 241 150
Correo elect.	ceip.javier.sensat@edu.xunta.es
Horario de oficina	de 9:00 a 10:00 horas
Centro ao que está adscrito	IES Álvaro Cunqueiro

Definímonos como defensores do modelo de escola pública, galega, aberta, pluralista e non sexista, na que educamos por e para a paz a través dun ensino activo e participativo.

Promovemos o respecto da natureza e a mellora do contorno.

O noso colexio permanece aberto de 8:00 a 20:00 horas todos os días do ano.



## Equipamento e instalacións

- Comedor (120 prazas, unha quenda).
- Biblioteca.
- Salón de actos.
- Laboratorio.
- Dúas pistas de tenis.
- Aulas de música, vídeo, informática, educación especial, audición e linguaxe e orientación.
- Patios de Infantil (cuberto e ao aire libre) con xoguetes adaptados e areeiro.
- Patios por cada un dos ciclos.
- Servizo de canguro de 8:00 a 9:00 horas.
- Horto escolar.



## Actividades da ANPA

- Inglés.
- Baile.
- Tenis.
- Fútbolito.
- Patinaxe.
- Multideporte.
- Cociña.
- Natación.
- Música.
- Baile moderno.

## Actividades de verán

- Campamento urbano "Javier Sensat" durante 3 semanas de Xullo.





## 20. C.E.I.P. Balaídos

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Pablo Iglesias, 1. Vigo
Tfno.	986 202 719
Fax	986 213 250
Correo elect.	ceip.balaidos@edu.xunta.es
Horario de oficina	de 9:00 a 9:45 h e de 13:00 a 14:00 horas
Centro ao que está adscrito	IES Alexandre Bóveda

O colexio está rexido por un proxecto curricular e un proxecto educativo de centro, aprobado polo Consello Escolar, que se concreta cada ano nunha programación anual na que constan as actuacións do claustro e da ANPA.

As ideas básicas do proxecto educativo son:

- Fomentar a educación do alumnado na liberdade e solidariedade, a convivencia democrática e o respecto aos dereitos e liberdades fundamentais para conseguir persoas e cidadáns responsables.
- Desenvolver unha actitude crítica ante os acontecementos.
- Desenvolver actitudes e hábitos de cooperación mediante o traballo en equipo.
- Sensibilizar ao alumnado cara a cuestións cívicas, culturais e artísticas.
- Potenciar un ensino activo no que se desenvolvan a iniciativa e a creatividade.
- Consegui que as nais e pais do alumnado se sintan implicados directamente na educación dos seus fillos.
- Potenciar o uso do galego para conseguir a súa plena normalización.

## Equipamento e instalacións

- Comedor con empresa de cáterin.
- Biblioteca con servizo de préstamos e actividades de animación á lectura.
- Salón de actos con capacidade para 150 persoas.
- Laboratorios para as clases de coñecemento do medio natural.
- Instalacións deportivas: campo de voleibol, campo de futbito, dous campos de baloncesto, zona de xogos populares, zona de area e ximnasio.

Conta con aulas de idiomas (Inglés-anticipación, inglés e francés), música, informática, ciencias e plástica.

Internet en todas as aulas.

Dispón tamén de aula de psicomotricidade, educación especial, audición e linguaxe e pedagogía terapéutica.

- Patio de 3.500 m<sup>2</sup>
- Patio cuberto de 600 m<sup>2</sup>
- Xardín.
- Servizo de gardería.



## Actividades organizadas pola ANPA

A ANPA do centro xestiona o comedor escolar e as seguintes actividades extraescolares, que se realizan de luns a venres de 16:30 a 18:30 h: pintura, manualidades, teatro en inglés, ximnasia rítmica, baile de salón, baile moderno, taekwondo, natación, balonmán, predeporte, guitarra, xadrez, obradoiro de xogos, patinaxe, servizo de gardería: horario de 7:30 a 9:00h.

## Outros datos de interese

- Edítase unha revista escolar na semana das Letras Galegas.
- Conta cun proxecto de autoprotección.
- Impártese francés dende 3º EP ata 6º EP.
- Programa de Educación en valores e Convivencia escolar,
- Unha liña impartida totalmente en galego en 5º e 6º de Educación Infantil, que continúa ata 2º de Primaria.





## 21. C.E.I.P. Coutada-Beade

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Camiño do Alén, 6. Vigo
Tfno.	986 211 813
Fax	986 237 445
Correo elect.	ceip.coutada.beade@edu.xunta.es
Horario de oficina	de 13:00 a 14:00 horas
Centro ao que está adscrito	IES de Beade

Dende as ventás do noso colexio podemos ver toda a ría e a cidade de Vigo, nun entorno semirural, tranquilo e seguro.

Somos un centro aberto á participación das familias e institucións locais, propoñéndonos impartir unha educación de calidade que non se queda só na instrución, senón que tenta transmitir valores como a coeducación, a responsabilidade, a autoestima e a convivencia (contamos cun plan de prevención do acoso escolar). O profesorado, a través da titoría e da orientación, presta unha atención individualizada que permita a cada nena ou neno desenvolver o máximo posible dentro das súas posibilidades. Para esta tarefa, conta coa corresponsabilidade das familias, coas que realiza un traballo compartido.

O centro celebra as seguintes conmemoracións: magosto, samaín, nadal, día da paz, entroido, día do libro, semana das letras galegas, festa dos vellos, e festa da cereixa.

Impártense os programas habituais en educación infantil e primaria, e ademais tamén se introduce o inglés dende infantil, existindo tamén a opción de francés (se hai demanda).

## Transporte escolar

Unha liña que discorre pola parroquia, que chega ata Saa do Monte pasando polas estradas de Porto, da Venda e de Ramiro Pascual.

## Equipamento e instalacións

- Comedor.
- Programa “Madruga” que recolle ós nenos desde as 7:45 h.
- Biblioteca con servizo de préstamo e actividades de animación á lectura.
- Programa de atención para os alumnos e familias que se incorporan ó centro por primeira vez.
- Ampla zona axardinada, patio cuberto, e dous patios específicos para educación infantil.
- Ximnasio e tres pistas polideportivas.
- Aulas específicas para música, informática, inglés, psicomotricidade, plástica, pedagogía terapéutica, logopedia, audiovisuais, coñecemento do medio e orientación.



## Actividades organizadas pola ANPA

- Para pais: informática, charlas pedagógicas e bailes de salón.
- Para nenos: atletismo, patinaxe, fútbol, ximnasia rítmica, manualidades, kárate e natación e pre-deporte.





## 22. C.E.I.P. Chans-Bembrive

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Camiño do Lecer, 2. 36313 Vigo
Tfno.	986 473 119 e 986 472 120
Fax	986 473 119
Correo elect.	ceip.chans.bembrive@edu.xunta.es
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipdechans.bembrive">http://centros.edu.xunta.es/ceipdechans.bembrive</a>
Horario de oficina	de 9:00 a 14:00 h. En setembro e xuño de 9:30 a 13:30
Centro ao que está adscrito	IES Carlos Casares (O Meixoeiro)

No noso centro defendemos un tipo de escola que reúna as seguintes características:  
Unha escola integradora que fuxa de etiquetas e intente compensar as diferencias.  
Unha escola participativa e aberta cara ao alumnado, profesorado, pais/nais, institucións, etc.

Unha escola universal na que partindo das nosas orixes fomentemos a apertura á universalidade para vivirmos nunha sociedade plural, plurilingüe e pluricultural.

Unha escola acolledora, cun clima de confianza e un ambiente de traballo sereno.  
Unha escola na que a dimensión ética da educación dos valores quede patente. Que busque a coherencia entre o que se di e o que se fai.

## Transporte escolar

Catrolíñas desde distintas zonas de Vigo e dúas líñas na parroquia de Bembrive.

## Equipamento e instalacións

- Comedor: Comida elaborada na cociña do propio centro.
- Biblioteca.
- Salón de actos: Utilízase o pavillón.
- Pista polideportiva e pavillón.
- Aulas de pedagogía terapéutica, audición e linguaxe, música, vídeo e TV, idiomas, educación artística e informática.
- Departamento de orientación e profesorado de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.
- Impártese educación musical e inglés dende infantil 3.
- Patios, xardíns e outros cunha superficie de 10.000 m<sup>2</sup> o colexio está situado na zona alta da parroquia de Bembrive rodeado de xardín, piñeiral e con vistas a ría. Espacios específicos para o recreo e xogos do alumnado de educación infantil.



## Actividades organizadas pola ANPA

Lévanse a cabo dende outubro a xuño nas tardes dos luns a venres en horario de 16:00 a 17:30 horas:

Luns: pintura iniciación, natación, informática mellora e baile moderno.

Martes: pintura iniciación, informática iniciación, fútbol (4º a 6º) e patinaxe.

Mércores: pintura mellora, informática iniciación e baile moderno.

Xoves: informática mellora, guitarra, fútbol (1º a 3º), patinaxe e xadrez.

Venres: natación. Ten lugar nas piscinas municipais de: As Travesas, Lavadores e Teis.

Organiza a Festa de Fin de Curso.

Leva a cabo a socialización de libros de texto a partir de 3º de primaria.





## 23. C.E.I.P. Mosteiro-Bembrive

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Estrada de Bembrive, 161. 36214 Vigo
Tfno. e fax	986 41 73 29
Correo elect.	ceip.mosteiro.bembrive@edu.xunta.es
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipmosteirobembrive">http://centros.edu.xunta.es/ceipmosteirobembrive</a>
Horario de oficina	todos os días, de 9:00 a 10:00 e de 13:00 a 14:00 h
Centro ao que está adscrito	IES Manuel Antonio

As clases impártense en xornada continuada. A organización, funcionamento e actividade do centro, como institución pública, está formada pola idea de servizo á comunidade na que está inserto. A actividade do centro está presidida polo respecto aos dereitos e liberdades individuais, baseada na tolerancia e principios democráticos de convivencia, fomentando a solidariedade, a cooperación e a paz. A participación activa da comunidade educativa na xestión do centro está reforzada polo funcionamento de comisións mixtas nas que se integran nais/pais, profesorado e alumnado para organizar diversas actividades.

Idioma estranxeiro: inglés a partir dos tres anos. Funcionan 19 obradoiros dentro do horario lectivo que abranguen actividades relacionadas co ritmo, a dramatización, a saúde, as manualidades, a información, os experimentos, os sentidos e as minusvalías, a natureza, a alimentación, etc. Actividades complementarias: plan estable de 20 saídas. Colonias en todos os niveis, a partir de cinco anos, saídas a distintos lugares de Galicia e norte de Portugal, coa inclusión de pernocta de unha a tres noites segundo as idades. Programación de festas anuais. Biblioteca aberta ao barrio e con funcionamento no verán. Equipo de Novas Tecnoloxías e Plan de tratamento das TICs. Departamento de orientación. Plano de incorporación do alumnado e plano de apoio familiar. Entrevistas persoais e por niveis. Escola popular (imparten nais e pais). Organízanse xornadas de portas abertas no período de matriculación. Todos os martes hai vídeo informativo.

## Transporte escolar

Unha liña que sae da Praza de América e fai o seguinte percorrido: Gran Vía, Avda. de Madrid, estación de autobuses, Gregorio Espino, Jenaro de la Fuente, Aragón, Martínez Garrido, Cebreira e Bembrive.

## Equipamento e instalacións

- Comedor.
- Biblioteca (aberta no verán).
- Salón de actos (usos múltiples).
- Laboratorio fotográfico.
- Ximnasio.
- Pista polideportiva.
- 2 pistas de baloncesto (unha cuberta).
- Aulas de música e informática.
- Aula de inglés.
- 2 locais equipados con canon de vídeo.
- Aulas de apoio e obradoiros.
- Patio axardinado con parque infantil.
- Máis de 6.000 m<sup>2</sup> de superficie.
- Recursos didácticos: Cociña, horto-invernadoiro, tenda e parque de ed. viaria.



## Actividades organizadas pola ANPA “Bene Vivere”

Organiza e financia as actividades extraescolares: baile moderno, modelado en barro, natación, patinaxe, futbito, atletismo taekwondo e predeporte.

Colabora activamente no programa de libros e material comunitarios.

Organiza un cross escolar.





## 24. C.E.I.P. Virxe do Rocío

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Rúa Rocío, 70. 36208 Vigo
Tfno. e fax	986 236 148
Correo elect.	ceip.virxe.rocio@edu.xunta.es
Horario de oficina	de 9:00 a 14:30 h
Centro ao que está adscrito	IES Álvaro Cunqueiro

Somos unha escola pública cun proxecto pedagóxico innovador que busca unha educación de calidade, tal e como plantexa a actual Lei Orgánica de Educación, mediante a formación integral do alumnado. Desexamos mellorar día a día.

A nosa escola

É activa, dinámica e comprometida co seu entorno.

É aberta á participación de todos os que interveñen no proceso educativo do alumno/a.

Busca o desenvolvemento da personalidade dos nosos nenos e nenas cun sistema de educación integral.

Escola que potencia as capacidades. Aténdese a cada neno segundo a súa realidade concreta e persoal.

Integra alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo.

Aplica as novas tecnoloxías no proceso de ensino-aprendizaxe.

Nos procesos de ensinanza aprendizaxe temos en conta a lexislación actual para o uso e promoción da lingua galega.

Dende o primeiro curso de educación infantil introducimos a aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

Dispón dun consolidado Equipo de Mestres en formación permanente.

Inculca o respecto polo medio ambiente favorecendo actitudes de colaboración e coidado.

Conta con mestres especialistas en Educación Física, Educación Musical, Inglés, Pedaxía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

Dispón dun departamento de Orientación.

Conta con grupos reducidos de alumnos/as o que permite un seguimento individualizado.

## Ubicación e instalacións:

A nosa escola atópase preto do centro urbano, nunha zona privilexiada pola abundancia de zonas verdes.

Contamos con tres edificios, un para Educación Infantil, outro para Educación Primaria e outro para Administración e Servizos; polo que cubrimos todas as nosas necesidades de espazo.

Temos un excelente patio de recreo de 3400m<sup>2</sup>, con canchas deportivas ao aire libre apropiadas para a práctica de fútbol sala, balonmán, baloncesto,..., e un polideportivo cuberto onde se atopa unha cancha polideportiva e vestiarios con duchas de auga quente e sala de material. Tamén resulta un espléndido espazo onde celebrar diferentes actividades e festivais que a nosa escola tende a celebrar (Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Fin de Curso,...) e zonas verdes.



## Servizos:

Biblioteca, contamos cunha biblioteca escolar totalmente renovada e aberta a toda a comunidade.

Aula TIC. Utilizamos as tics en tódolos niveis.

Comedor gratuito xestionado pola Xunta de Galicia.

Transporte escolar gratuito.

Gardería matinal xestionada pola ANPA, de 8 a 9h.

Actividades extraescolares organizadas pola ANPA.





## 25. C.E.I.P. Santa Mariña

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Rúa do Xalón, s/n. Becerreira-Cabral. Vigo
Tfno.	986 486 901
Fax	986 487 553
Correo elect.	ceip.santamarina@edu.xunta.es
Horario de oficina	luns, mércores e venres, de 9:00 a 10:00 horas
Centro ao que está adscrito	IES Carlos Casares (O Meixoeiro)

Xornada continuada.

Proxecto educativo coas liñas básicas seguintes:

- Educación non discriminatoria orientada á igualdade de todas as persoas.
- Apertura da escola ao contorno.
- Potenciar a participación na escola dos diferentes sectores da comunidade educativa.
- Regulamento de réxime interno.
- Proxecto de autoprotección.
- Xornadas de portas abertas.
- Linguas de aprendizaxe: galego e castelán.
- Inglés desde educación infantil (3 anos).

## Transporte escolar


Unha liña de transporte dende os 3 anos.

## Equipamento e instalacións

- Comedor subvencionado pola Xunta de Galicia.
- Biblioteca.
- Instalacións deportivas: dispón de ximnasio e de dúas pistas polideportivas.
- Aulas de vídeo, idiomas, música e informática.
- Conta cun patio cuberto e cun patio axardinado de 4.234 m<sup>2</sup>

## Actividades organizadas pola ANPA

As ANPAS xestionan os servizos de actividades extraescolares (patinaxe, baile moderno, informática, teatro, natación, manualidades e obradoiro de ciencias de natureza).





## 26. C.E.I.P. Carballal-Cabral

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Rúa Freiría, 1. 36318 Vigo
Tfno.	986 486 690
Fax	986 488 221
Correo elect.	ceip.carballal.cabral@edu.xunta.es
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipcarballal">http://centros.edu.xunta.es/ceipcarballal</a>
Horario de oficina	luns a xoves de 9:00 a 9:50 h. Venres de 12:30 a 14:00h.
Centro ao que está adscrito	IES Carlos Casares (O Meixoeiro)

O Centro está situado nun privilexiado entorno natural con zonas axardinadas que dispoñen dunha ampla variedade de especies vexetais, o que nos permite fomentar o gusto e o respecto pola natureza.

Dispón de amplos patios e zona de xogo tanto ao aire libre como ao cuberto.

Xornada lectiva en horario continuado de mañá, de 9 a 14 horas, con servizo de madrugadores de 7:45 a 9:00h, servizo de comedor de 14 a 16 horas e actividades extraescolares de 16 a 18 horas, ampliando algúns días ata as 20,45 horas.

A liña Educativa do Centro está baseada na tolerancia, no respecto e a solidariedade dende un punto de vista integrador en tódolos eidos educativos e sociais.

Mestres especialistas en Audición e Linguaxe, Pedagogía Terapéutica, Inglés, Educación Musical, e Educación Física, dende os tres anos.

Proxecto de aulas bilingües en lingua inglesa na área de plástica.

Integración de soportes informáticos nas diversas áreas do currículo tanto en Educación Infantil coma en Educación Primaria contando con aula de informática, conexión a Internet e ordenadores en todas as aulas do Centro, pizarra dixital...

Ampla oferta de Actividades Complementarias, tanto culturais como lúdico-pedagóxicas, que permiten unha aprendizaxe motivadora e significativa.

Biblioteca de nova creación onde se fomenta a participación do alumnado na súa informatización e xestión. Numerosas actividades de animación á lectura.

Implicación do alumnado na elaboración da páxina web do Colexio e no blogue de biblioteca.

Dende o equipo de Normalización Lingüística promóvense actividades en colaboración coa Asociación Cultural “O Coto”, con sede no propio Centro.

Publicación anual da nosa Revista Escolar “O Coto”.

Ciclo de Teatro Negro de Carballal.

## Equipamento e instalacións

- Comedor con servizo de cáterin.
- Biblioteca xeral e de aula.
- Edificio multiusos (ximnasio e salón de actos).
- Aulas de informática, audiovisuais, inglés, música, e audición e linguaxe, con dotación didáctico-pedagóxica adaptada a cada unha das áreas .
- O Centro está formado por catro edificios: edificio administrativo, edificio principal para Educación Primaria e especialidades, edificio de Educación Infantil e ximnasio.
- Consta tamén dun patio cuberto, parque infantil pechado para Ed. Infantil, patio de Educación Primaria e pista polideportiva.



## Actividades organizadas pola ANPA

- Natación.
- Informática.
- Manualidades.
- Danza.
- Fútbol.
- Aerobic para pais/nais.





## 27. C.E.I.P. Sello

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Rúa Sardomela, 5. 36215 Cabral-Vigo
Tfno. e fax	986 277 744
Correo elect.	ceip.osello@edu.xunta.es
Horario de oficina	de luns a venres, de 9:15 a 11:15 horas
Centro ao que está adscrito	IES Ricardo Mella.

O Sello, como é coñecido cariñosamente no barrio de Cabral, este centro educativo vigués, ven funcionando dende o ano 1970, como unha institución ao servizo da comunidade educativa na que está inserta.

O Ceip O Sello, situado na rúa Sardomela de Cabral, pertence á un grupo de colexios públicos construídos no ano 1969 e comezou o seu funcionamento en xaneiro de 1970, xa co curso escolar iniciado. O edificio consta dun único módulo con dúas ás asimétricas. Na esquerda está o comedor escolar, biblioteca xeral, laboratorio, aulas, aseos, vestiarios, ximnasio, aula de múltiples, aula de informática, radio escolar e Departamento de Orientación. O centro dispón tamén de dúas aulas de inglés (infantil e primaria), de plástica, de música, de audición e linguaxe e de atención ás necesidades especiais. No centro hai pistas de baloncesto, de fútbol e de balonmán. Tamén conta cunha zona de recreo para o alumnado de Educación Infantil, ademais de amplas zonas con gran diversidade de flora. O Ceip O Sello, dedicado á Educación Infantil e Primaria, conta ademais dos correspondentes mestres titores, con profesorado especialista en Lingua Inglesa, Francesa, Educación Física, Música, Pedagogía, Terapéutica, Orientador Escola e Audición e Linguaxe.

O estilo educativo do CEIP Sello está reflectido no seu Proxecto Educativo de Centro.

O Sello é un centro aberto ao contorno físico, social e cultural, xogando ao mesmo tempo un importante papel socializador. Para isto prográmanse saídas e actividades socioculturais. É un centro integrador, non unidimensional, é dicir, un colexio que non só se interesa polos aspectos intelectuais, senón que tamén lle dá importancia ás facetas afectiva, creativa e cívica. Todo este estilo educativo enmarcado sempre nun ensino activo.

O colexio non vive de costas ás novas tecnoloxías. O uso do ordenador e de internet demánda a sociedade. Existe unha aula de informática que lle facilita ao alumnado e ao profesorado o acceso a outras fontes de comunicación e información.

Ostemas transversais impregnan a práctica educativa e están presentes en todas as áreas.

Somos especialmente sensibles coa educación ambiental, que ten que ser a través dun coñecemento activo do entorno próximo, implicando ao alumnado na conservación e respecto do medio.

A participación da comunidade escolar na xestión do centro é unha característica esencial do PEC.

## Transporte escolar

LIÑA 1: Centro · Bar Fontefría · Residencia de Anciáns · Hospital Meixoeiro · Grupo Sindical · Manuel Álvarez.

LIÑA 2: Centro · Feira · Curuxeira · Caeiro · Rabadeira · Parada · Gasolineira · Avda. de Peinador · Ramón Nieto · Martínez Garrido · Avda. da Ponte.

## Equipamento e instalacións

- Inglés dende os 3 anos.
- Comedor con capacidade para 100 persoas en dous turnos.
- Biblioteca xeral, de aula e de profesorado.
- Salón de actos con proxector e Pizarra Dixital Interactiva.
- Laboratorio completamente equipado.
- Instalacións deportivas: pista de fútbol, baloncesto, balonmán e ximnasio.
- Aulas de música, vídeo, informática, plástica, de apoio e de educación especial.
- Zona pechada de xogos para infantil.
- Aulas de inglés en infantil e primaria.
- Internet.
- Saídas socioculturais.
- Aula de audiovisuais.
- Radio escolar.

## Departamento de orientación.

Educación Infantil:

- Un ordenador por aula, conectados a internet.
- Revista escolar.
- Festivais e cursos de formación do profesorado.
- Terreo anexo de 1.100 m<sup>2</sup>
- Patio de 4.500 m<sup>2</sup>
- Patio cuberto de 165 m<sup>2</sup>
- Zonas verdes e axardinadas de 1.600 m<sup>2</sup>
- Horto-invernadoiro.
- Aseos e sala de xogos nas aulas de Infantil.

## Actividades organizadas pola ANPA

- Manualidades de barro.
- Natación.
- Obradoiro de teatro.
- Informática.
- Música e movemento.
- Baile moderno.
- Multideporte.
- Predeporte.
- Contacontos.



## 28. C.E.I.P. Fonte Escura

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	1ª Travesía Barreiro, 34 (Cabral). 36317 Vigo
Tfno. e fax	986 251 842
Correo elect.	ceip.fonteescura@edu.xunta.es
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipfonteescura">http://centros.edu.xunta.es/ceipfonteescura</a>
Horario de oficina	Todos os días de 09:00 a 10:00 e de 13:00 a 14:00 h
Centro ao que está adscrito	IES Ricardo Mella

O noso colexio, situado no Barrio de Fonte Escura, xusto ao lado do Centro de Saúde de Lavadores, conta cun proxecto educativo baseado na integración e na transmisión de valores como a responsabilidade, a autoestima, a participación, a tolerancia, a convivencia e o respecto, mantendo así un entorno tranquilo, seguro e comfortable.

É un Centro que proporciona a todo o alumnado:

- Calidade na Educación, prestando atención individualizada, axeitada ás necesidades de cada neno/a, xa que contamos con grupos reducidos de alumnado.
- Igualdade de oportunidades a todo o alumnado, conseguindo o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional.

A xornada lectiva é de 9:00 a 14:00 horas.

As linguas de aprendizaxe son o castelán e o galego, impartindo tamén inglés dende os 3 anos, ademais de música e psicomotricidade.

Contamos con profesorado especialista en Inglés, Música, Ed. Física, Audición e Linguaxe e Padagogía Terapéutica, ademais de estar todo o profesorado en formación permanente.

## Equipamento e instalacións

- Comedor da Xunta.
- Biblioteca.
- Salón de actos (emprégase o Ximnasio).
- Aulas de: música, plástica, audición e linguaxe, pedagogía terapéutica, informática, psicomotricidade.
- Aula de usos múltiples.
- Ximnasio.
- Ampla pista deportiva.
- Areeiro cuberto dotado con xogos infantís.
- Aula de Audición e Linguaxe.
- Zonas verdes e axardinadas.
- Eliminación de barreiras arquitectónicas.

## Outros Datos de Interese

- Saídas socioculturais ao longo de todo o curso.
- Editase una revista escolar na semana das letras galegas.
- Desenvólvense obradoiros de cociña, tan motivadores como educativos, para o alumnado.
- Trabállanse as festividades e conmemoracións facendo aos nenos/as coñecedores activos da nosa cultura.
- Contamos con persoal cualificado (coiadoras) para atender as necesidades básicas dos nenos/as.
- Xornadas de portas abertas, podendo participar calquera neno/adado nas clases mentres os pais coñecen o colexio.



## Actividades organizadas pola A.N.P.A.

- Natación.
- Cerámica.
- Cada curso escolar ofértanse máis actividades dependendo das demandas dos nenos.
- Posibilidade de poñer gardería matinal.

## Transporte Escolar

- Tres liñas:

LIÑA 1: Ramón Nieto, Maceiriñas, Ponte Cabral, Parachán, Fonte Escura.

LIÑA 2: Martínez Garrido, Gregorio Espino, Sta. Cristina, Ramón Nieto, Coutada Nova, Fontiñas, Fonte Escura.

LIÑA 3: Florida, Avd. Castelao, Gran Vía, Pizarro, Travesía de Vigo, Genaro de la Fuente, Ramón Nieto, Fonte Escura.





## 29. C.E.I.P. Igrexa-Candeán

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Avda. San Cristovo, 97. Vigo
Tfno	986 270 905
Fax	986 264 111
Correo elect.	<a href="mailto:ceip.igreja.candean@edu.xunta.es">ceip.igreja.candean@edu.xunta.es</a>
Horario de oficina	de 9:00 a 9:45 h. e de 13:13 a 14:15 horas.
Centro ao que está adscrito	IES Carlos Casares (O Meixoeiro)

No noso centro a xornada lectiva é continuada en horario de 9:00 a 14:00 horas.

Pretendemos una escola aberta, dinámica e plural.

Buscamos o crecemento integral do alumnado favorecendo actitudes solidarias, cooperativas e ecolóxicas.

Departamento de Orientación.

Participamos nos programas ofertados polo Concello de:

Educación Viaria.

Vigo por Dentro.

Camiña con nós pola igualdade.

## Equipamento e instalacións

- Comedor ampliado este curso polo Concello. Servizo de cáterin.
- Biblioteca de aula.
- Salón para usos múltiples.
- Instalacións deportivas: ximnasio, pistas polideportivas.
- Amplas Zonas verdes, espazos para o xogo ao aire libre, patio de educación infantil cerrado e con mobiliario axeitado. Patio cuberto.



## Actividades organizadas pola ANPA

- Xestión do comedor escolar.
- Campamento de fin de semana.
- Festa de Fin de Curso.
- Patinaxe, para o alumnado e para os adultos.
- Natación.
- Taekwondo.
- Fubito.
- Informática.





## 30. C.E.I.P. A Doblada

### Etapas educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Gaivota, 18. 36205 Vigo
Tfno. e fax	986 274 787
Correo elect.	ceip.doblada@edu.xunta.es
Horario de oficina	9:00 a 14:00 horas
Horario comedor	14:00 · 16:00 horas
Transporte Escolar	1 Liña
Centro ao que está adscrito	IES Castelao-Calvario

Situado no barrio da Doblada-Calvario.

O centro réxese por un proxecto educativo aprobado polo consello escolar. Nel reflíntense os obxectivos xerais e específicos na formación integral do alumnado nos valores democráticos e de convivencia.

O horario lectivo é de xornada única, de 9:00 a 14:00 h. Para o alumnado de comedor prolóngase ata as 16:00 h. As actividades extraescolares comezan ás 16:00 h e rematan ás 18:30 h.

No centro empréganse as dúas linguas oficiais.

Estúdase como lingua estranxeira o inglés, dende os 3 anos.

Realízanse saídas didáctico-culturais a lugares de interese pedagóxico.

As familias participan activamente no proceso educativo con xuntanzas xerais e visitas persoais.

Celébranse conmemoracións con carácter formativo e festivo.

Horario de atención as familias de 18:00-19:00 horas.

## Transporte escolar

Liña 01: Gregorio Espino · Travesía de Vigo · Aragón · Martínez Garrido.

## Equipamento e instalacións

- Comedor. Servizo de cáterin para infantil e primaria.
- Biblioteca central e de aula.
- Salón de actos provisto de vídeo, DVD, e pizarra dixital.
- Pista polideportiva e ximnasio.
- Aulas de música, informática con conexión a Internet, aula de apoio.
- Departamento de orientación
- Patios e xardíns.
- Aula de audición e linguaxe.

## Actividades organizadas pola ANPA

- Colabora na organización das distintas conmemoracións.
- Organiza as actividades extraescolares da tarde baixo a supervisión do profesorado.
- Organiza o comedor baixo a supervisión do consello escolar.
- Promove a participación do alumnado nos diversos campionatos escolares.
- ANPA organiza as actividades ofertadas polo I.M.D.
- Xestiona o servizo de comedor e a aula matinal.





## 31. C.E.I.P. Ría de Vigo

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Av. Cesáreo Vázquez, 139. S. Miguel de Oia. Vigo
Tfno.	986 490 906 / Fax: 986 492 165
Correo elect.	ceip.riadevigo@edu.xunta.es
Web	www.ceipriavigo.profesionales.org
Horario de oficina	de 13:00 a 14:30 h (secretaría); de 9:15 a 10:15 h (dirección)
Centro ao que está adscrito	IES Carrasqueira (Coruxo)

Atópase en Oia, preto das praias de Canido gozando dunha privilexiada situación con contacto directo e permanente co mar, e con patios e demais instalacións en perfectas condicións para o seu uso e disfrute. Dispón de zonas de recreo axeitadas a cada etapa educativa.

O noso Proxecto Educativo apostamos por un ensino activo e participativo, por unha formación integral en valores, e buscamos a maior presenza do Centro na vida da comunidade á que dá servizo. Na etapa de Educación Infantil impártense clases de lingua inglesa (formando parte da rede de Centros participantes no proxecto de anticipación da lingua inglesa), educación musical e psicomotricidade sendo atendidos polos respectivos mestres especialistas.

Impártense as clases en xornada continuada de 9:30 a 14:30 horas.

Promove os proxectos intercentros “Ría de Vigo”: “Xuntos pola paz” co CEIP A PAZ, e “Ría de Vigo: Facendo escola” coa Escola Infantil Municipal Costeira de Saiáns. Froito do desenvolvemento do proxecto didáctico “Ría de Vigo, mar e arte” conta

coa exposición permanente do mesmo nome, recreando diferentes ambientacións submariñas en diversas instalacións do colexio.

Nos últimos anos ten recibido o Premio Galicia do proxecto medioambiental VOZ NATURA e o Premio Valora Mariño “Ría de Vigo: a mar de saberes”

## Transporte Escolar

Tres liñas de transporte que dan servizo con diferentes paradas en Balaídos, Avda. Florida, Oia, Saiáns e Priegue.

## Equipamento E Instalacións

- Servizo de orientación, pedagogía terapéutica e logopedia.
- Comedor escolar subvencionado pola Xunta de Galicia e no que se sirve a comida elaborada na cociña do propio Centro.
- Biblioteca ampla e ben dotada.
- Ximnasio escolar recentemente inaugurado e provisto de todo tipo de equipamentos axeitados para o correcto desenvolvemento das clases.
- Instalacións deportivas exteriores: catro pistas deportivas, unha delas de herba.
- Dispoñemos de aulas específicas para informática, ludoteca, música e psicomotricidade, audiovisuais, plástica e educación especial.
- Horto escolar con carácter permanente.
- Xardín adicado a un proxecto de Voz Natura (plantas medicinais e aromáticas).
- Zona de lecer para o alumnado de Educación Infantil dotada con equipamentos específicos e solo non agresivo.

## Actividades organizadas pola ANPA

Actividades organizadas pola ANPA neste curso 2009-10: danza, teatro, natación, taekwondo e balonmán.





## 32. C.E.I.P. Mestres Goldar

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	A Costa, 4. 36213 Vigo
Tfno.	986 470 839
Fax	986 423 998
Correo elect.	ceip.mestres.goldar@edu.xunta.es
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipmestresgoldar">http://centros.edu.xunta.es/ceipmestresgoldar</a>
Horario lectivo	9:00 a 14:00 h
Horario de oficina	de 9:00 a 9:50 h (secretaría); de 13:15 a 14:15 h (dirección)
Horario da ANPA	de 9:00 a 9:30 e de 16:00 a 18:00 h

O centro, situado nun lugar excepcional ao lado do parque de Castrelos, conta con xornada continuada de mañá, que pode ser ampliada co servizo de comedor e as actividades extraescolares. A actividade educativa baséase no pleno respecto aos dereitos e liberdades fundamentais, no exercicio da tolerancia e na adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo que lle permitan ao noso alumnado unha integración crítica na sociedade. Planificación de saídas e actividades complementarias para todos os cursos. O idioma estranxeiro é o inglés, e iníciase de forma secuencial desde infantil de 3 anos. Xa dende educación infantil contamos con sesións específicas de educación musical e psicomotricidade. Dispoñemos tamén de servizo de orientación escolar e audición e linguaxe.

Centro incluído no plan de mellora de bibliotecas escolares da Consellería de Educación e participante no proxecto de Horta escolar ecolóxica patrocinado polo Concello de Vigo, así como no programa educativo de fomento do inglés, tamén dependente do Concello.

## Transporte escolar

Dúas liñas. Rúas: Praza 8 de Marzo - Concello - Praza de España - Gran Vía - Avda. de Castrelos - Balaídos - Alcalde Portanet - Rúa Mestres Goldar - A Falcoa - Colexio.

## Equipamento e instalacións

- Biblioteca xeral renovada ([www.blogoteca.com/orecantodemik](http://www.blogoteca.com/orecantodemik)).
- Bibliotecas de aula.
- Comedor.
- Salón de actos.
- Laboratorio.
- Instalacións deportivas: ximnasio e tres pistas polideportivas.
- Aula de música.
- Aula de vídeo.
- Aula de informática.
- Aula de psicomotricidade.
- Aula de apoio.
- Aula de xogos para educación infantil.
- Aula de novas tecnoloxías (pizarra dixital, cañón, ...).
- Aula de idiomas (Ed. Infantil e 1º ciclo de primaria e 2º e 3º ciclo de primaria).
- Aula de audición e linguaxe.
- Aula de Exposicións.
- Patio de xogos para infantil.
- Horta escolar.



## Actividades organizadas pola ANPA

- Gardería de 8:00 a 9:00 horas.
- Pintura.
- Natación.
- Baile moderno
- Manualidades
- Taekwondo.
- Ximnaxia rítmica.
- Tenis de mesa.
- Taller oral de inglés.
- Patinaxe artística.

Colabora activamente en múltiples actividades complementarias: magosto, nadal, entroido, maíos, letras galegas, festivais de actividades extraescolares e fin de curso.





## 33. C.E.I.P. Canicouva-Pereiró

Etapas  
educativas

22º ciclo de educación infantil  
Educación primaria (6-12 anos)



Enderezo	Rúa Canicouva, 22. Vigo
Tfno. e fax	986 293 194
Correo elect.	ceip.canicouva@edu.xunta.es
Horario de oficina	de luns a venres, de 9:00 a 10:50 h
Centro ao que está adscrito	IES Santa Irene

O centro está situado nunha tranquila zona a carón do parque Quiñones de León. Acolle aproximadamente 250 nenos e nenas da parroquia de Castrelos, zona de Pereiró e das avenidas de Balaídos, Castrelos e Portanet. O número de unidades do centro é de 18, incluíndo pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.

Preténdese levar a cabo un ensino activo baseado na motivación, creatividade, na apertura ó exterior e no dinamismo interno.

Impártense clases de idioma e de música desde infantil.

Fanse saídas culturais e, coincidindo coa semana das Letras Galegas, faise un amplo programa adicado ao teatro escolar.

## Equipamento e instalacións

- Servizo de comedor con 46 prazas.
- Servizo de canguros. Horario de 8:00 a 9:00 h.
- Biblioteca.
- Salón de actos.
- Laboratorio.
- Instalacións deportivas: dúas pistas polideportivas e ximnasio.
- Aulas de música, vídeo, informática, educación plástica, psicomotricidade, idiomas, pedagogía terapéutica, audición e linguaxe, e departamento de orientación.
- Zona axardinada, patio infantil acondicionado con xogos, e patios de recreo separados por ciclos.



## Actividades organizadas pola ANPA

- Atletismo.
- Bádminton.
- Baloncesto.
- Balonmán.
- Fútbol Sala.
- Natación.
- Kung-fu.
- Manualidades.
- Pintura.
- Obradoiro ANPA.
- Outras actividades ofertadas:

Iniciación ao deporte, teatro, aerobic, conta contos, baile moderno.





## 34. C.P.I. Celso Emilio Ferreiro

### Etapas educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)  
ESO (12-16anos)

Enderezo	Rúa O Porriño, s/n. 36209 Vigo
Tfno.	986 298 058
Fax:	986 244 249
Correo elect.	<a href="mailto:cpi.celso.emilio.vigo@edu.xunta.es">cpi.celso.emilio.vigo@edu.xunta.es</a>
Horario de oficina	de 9:00 a 14:00 horas

A xornada lectiva é de mañá, ademais das tardes do luns para o alumnado da ESO. Como centro integrado imparte educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria, polo que ofrece a posibilidade de cursar todos os niveis de ensino obrigatorio sen necesidade de trasladarse de centro. Música e inglés impártense dende infantil.

As tardes adícanse á programación de actividades extraescolares dirixidas pola ANPA. Asemade realízanse actividades complementarias adaptadas aos currículos escolares. Formamos parte da rede europea de consumo, e participamos, xunto con outros centros europeos no Internet Award Schcme (realización de páxinas web conxuntas).

O centro réxese por un programa anual, enmarcado no proxecto educativo do centro, que fixa as metas para conquistar segundo as necesidades e características do alumnado, así como a organización dos medios materiais e humanos. Tamén conta cun regulamento de réxime interno orientado a fomentar hábitos de convivencia, tolerancia e solidariedade.

O ensino impartido é bilingüe e hai dúas linguas estranxeiras, inglés e francés. Tamén conta con departamento de orientación para facilitar a integración e proporcionarlle ao alumnado orientación profesional.

## Transporte escolar

Unha liña (Rías Baixas).

## Equipamento e instalacións

- Comedor de nova implantación. Funciona todos os días con coidadoras que están co alumnado ata as 16:30 h.
- Biblioteca xeral e de aulas.
- Salón de actos.
- Laboratorios.
- Pavillón polideportivo cerrado; pistas pavimentadas con dotación para futbito, baloncesto, balonvolea, balonmán, campo de fútbol de terra e céspede.
- Aulas de música, tecnoloxía, debuxo, informática, psicomotricidade (educación infantil) e de apoio para EP e ESO.
- Amplas zonas axardinadas para recreo e lecer. Superficie do patio de recreo: 8.790 m<sup>2</sup>
- Instalación de megafonía para todo o recinto escolar.

## Actividades organizadas pola ANPA

- Natación, pintura, danza, informática, patinaxe, futbito, bádminton, etc.





## 35. C.E.I.P. Emilia Pardo Bazán

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Camiño do Chouzo, 7. 36208 Vigo
Tfno.	986 293 780
Fax	986 290 306
Correo elect.	ceip.emilia.pardo@edu.xunta.es
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipemiliapardobazan.vigo">http://centros.edu.xunta.es/ceipemiliapardobazan.vigo</a>
Horario de oficina	de 9:00 a 14:00 h
Centro ao que está adscrito	IES Politécnico (Torrecedeira)

Centro situado no importante núcleo urbano da zona residencial e comercial da Praza de América, xunto aos edificios dos xulgados e facenda. Conta cunha superficie de 10.413 m<sup>2</sup>, con xornada continuada de 9 a 14 horas e cun total de 450 prazas.

O seu proxecto educativo salienta a promoción de cidadáns libres e solidarios facendo ao alumnado protagonista da súa propia educación. Xira ao redor dos valores da convivencia, a participación e a cooperación de todos os implicados para permitir os principios básicos da educación que promove a LOE: calidade de educación para todo o alumnado, equidade que garante a igualdade de oportunidades e esforzo compartido por todas as persoas componentes da comunidade educativa. Valora que todo o alumnado desenvolva as competencias básicas que o permitan encamiñar cara ao logro dunha formación integral, tanto na súa vertente persoal coma nas demandas sociais e culturais para que faciliten a continuación dos estudos e, posteriormente, a inclusión na vida laboral, pero sempre coa asunción da necesidade de aprender ao longo de toda a vida. Conta cun equipo de 30 profesores cunha gran capacidade de traballo, de afán de superación e involucrados no proceso de mellora da calidade de educación.

No aspecto de innovación educativa estanse a desenvolver os seguintes proxectos e plans anuais: plan lector, plan TIC, plan de convivencia, plan de orientación e atención.

diversidade, plan de autoprotección e seguridade, plan de adaptación do alumnado novo e proxecto de interteatro (intercambio escolar de teatro infantil). Nos últimos anos, participou en dous programas europeos, publica a revista escolar “CONTACTO CHOUZO” e conta con dous blogs creados dende os equipos de dinamización: <http://chouzouno.blogspot.com/> e <http://bibliotecadochouzo.blogspot.com/>.

As súas linguas vehiculares son o galego e o castelán, e impártese inglés dende os tres anos.

Pioneiros en ofrecer servizos educativos complementarios oferta un total de 200 prazas de comedor xestionado polo propio centro e subvencionado pola Xunta de Galicia. E coa colaboración da ANPA, oferta dous obradoiros de 7.45 a 9.00 h. e de 14.00 a 15.30 horas. Tenta así unha visión da escola non só como transmisora de coñecementos senón tamén como formadora e coidadora do benestar de todo o alumnado.

Conta cunha biblioteca totalmente reformada no curso 2006/07 que co proxecto “caixón de fantasía” foi seleccionada para o programa de mellora de bibliotecas escolares da Consellería de Educación.

A ANPA colabora co centro na tarefa educativa e programa, ao comezo de cada curso escolar, un amplo cadro de actividades: informática, cerámica, patinaxe, xadrez, etc. Organiza os obradoiros de xogos e os campamentos nos períodos vacacionais.

Centro aberto ao contorno, colabora coas iniciativas formativas locais que se propoñan a través dos diversos colectivos e organizacións: centros de formación, asociacións, sindicatos, etc.

## Equipamento e instalacións

- Comedor de 200 prazas en dúas quendas. Horario de 14:00 a 16:00 h.
- Biblioteca con servizo de préstamo.
- Instalacións deportivas: ximnasio, pista polideportiva cuberta e pista polideportiva descuberta.
- Aulas: 3 aulas de vídeo, aula de música e de informática. Dispoñemos tamén de aula de psicomotricidade, audición e linguaxe, de pedagogía terapéutica e departamento de orientación.
- 2 patios descubertos, 1 cuberto e xardíns.
- Obradoiro de xogos (servizo de canguros). Horario de 8:00 a 9:00 horas e de 14:00 a 15:30 horas.
- Organización de campamentos nos períodos vacacionais: Verán, Nadal, Semana Santa e Entroido.

## Actividades organizadas pola ANPA Chouzo

- Taller de xogos.
- Baloncesto.
- Cerámica.
- Danza Moderna.
- Expresión musical.
- Futbiño.
- Informática.
- Ludo.
- Natación.
- Patinaxe.
- Pintura.
- Taekwondo.
- Teatro.
- Xadrez.
- Xogando cos nenos.
- Baile galego.
- Tenis.
- Arte e movemento.
- Pintura ao óleo.



## 36. C.E.I.P. Seis do Nadal

### Etapas educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Rúa Mondariz, 2. 36209 Vigo
Tfno.	986 291 213
Fax	986 290 081
Correo elect.	cep.seisdonadal@edu.xunta.es
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/seisdonadal">http://centros.edu.xunta.es/seisdonadal</a>
Horario de oficina	de 12:15 a 13:15 horas
Centro ao que está adscrito	IES Alexandre Bóveda

A finalidade da educación no noso centro é proporcionarlle a todos os nenos e nenas unha educación que permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar, adquirir habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura, á escritura e ao cálculo, ao sentido artístico, á creatividade e á afectividade, así como desenvolver habilidades sociais e hábitos de traballo.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarse aos seus ritmos de traballo.

O centro está acollido o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, a proxectos internacionais Comenius e a rede de escolas de Educación do Consumidor.

As linguas de aprendizaxe son o castelán e o galego. A lingua estranxeira, inglés, impártese dende os tres anos.

Desenvolve a xornada lectiva en horario continuado de mañá de 9 a 14 horas. Con servizo de comedor de 14 a 16 horas, servizo de gardería de 14 a 15 horas e actividades extraescolares de 16 ata 21.30 horas.

## Equipamento e instalacións

- Departamento de orientación.
- Dúas Bibliotecas (Primaria e infantil).
- Comedor (132 prazas).
- Salón de actos.
- Aula de música.
- Aula de informática, ordenadores en todas as aulas con conexión a Internet.
- Aula de psicomotricidade.
- Aulas de audición e linguaxe.
- Instalacións deportivas cubertas e ao aire libre con pistas de baloncesto, balonmán e bádminton.
- Patio de terra e 2500 m<sup>2</sup> zonas axardinadas con variedade de árbores ornamentais e froiteiras.



## Actividades organizadas pola ANPA

- Ballet e baile moderno.
- Iniciación o deporte.
- Ludoteca.
- Manualidades.
- Música instrumental e música e movemento.
- Natación.
- Patinaxe.
- Pintura.
- Teatro.
- Inglés.
- Kun fu.
- Xogos de estratexia.
- Ximnasia rítmica e de mantemento.
- Baloncesto, balonmán e voleibol.
- Encaixe de bolillos.





## 37. C.E.I.P. Illas Cíes

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Avda. Castelao, 59. Vigo
Tfno.	986 291 265
Fax	986 234 993
Correo elect.	ceip.illas.cies@edu.xunta.es
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipillascies">http://centros.edu.xunta.es/ceipillascies</a>
Centro ao que está adscrito	CPI Celso Emilio Ferreiro

O centro, situado en Coia, desenvolve a xornada lectiva en horario continuado de mañá de 9:00 a 14:00 horas. Servizo de comedor de 14:00 a 16:00 h. e de almorzo de 7:30 a 9:00 horas, xestionado pola ANPA. As actividades realizadas están rexidas pola programación xeral que aproba o Consello Escolar.

Somos un centro plural e integrador que acolle alumnos/as principalmente da nosa zona.

As linguas de aprendizaxe son o castelán e o galego. Lingua estranxeira: inglés dende educación infantil, con posibilidade de impartir francés. Educación musical e informática desde educación infantil.

O centro foi seleccionado no programa de melloras das bibliotecas escolares, convocado pola Consellería de Educación, co proxecto COLMEA.

Traballamos nun Proxecto de Innovación Educativa: “Adiviña quen ven das Cíes”, nas tres linguas do centro: castelán, galego e inglés.

## Equipamento e instalacións

- Comedor (50 prazas), de 14:00 a 16:00 horas.
- Servicio matinal de almorzo “Esperta xogando”.
- Pista polideportiva cuberta.
- Laboratorio.
- Biblioteca xeral e de aula.
- Aulas de informática, psicomotricidade, plástica, música, lingua estranxeira e pedagogía terapéutica, audición e linguaxe.
- Zona de recreo independente para educación infantil.
- Pavillón de deportes.
- Aula de audiovisuais.



## Actividades organizadas pola ANPA

- Inglés.
- Natación.
- Fútbol.
- Baloncesto.
- Iniciación ao deporte.
- Pintura.
- Patinaxe.





## 38. C.E.I.P. Escultor Acuña

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Rúa A Estrada, 10. 36209 Vigo
Tfno. e fax	986 239 901
Correo elect.	ceip.escultor.acunha@edu.xunta.es
Horario de oficina	Luns, mércores e venres de 9 a 9'55 e martes de 13 a 14
Centro ao que está adscrito	IES Álvaro Cunqueiro

Situado en Coia, sobre una superficie de 9.000 m<sup>2</sup>, dos que 6.000 son de pistas deportivas e herba.

Ten un horario de xornada continuada de 9:00 a 14:00 horas

O modelo educativo está marcado polo respecto ás persoas nun ambiente de alegría e tolerancia. Sentímonos orgullosos de poder desfrutar da plena integración no centro de alumnado xordo que enriquece o día a día dunha educación plural, democrática, integradora e compensatoria.

Son eixes fundamentais a atención á diversidade (procurando axustar a resposta educativa aos ritmos de aprendizaxe), o respecto ao contorno (promovendo hábitos de vida sá e respecto á natureza) e a necesidade de practicar actitudes solidarias e de aceptación da diferenza ao tempo que reafirmamos o aprecio pola lingua galega, fomentando o seu uso en todos os contextos da vida.

## Transporte escolar

O colexio conta con 3 liñas de transporte gratuítas:

- A Guía-G. Barbón-Paseo Alfonso-Camelias.
- Meixoeiro-Travesía de Vigo-Gran Vía.
- Navia-AvdaCastrelos-Balaídos-Florida.

## Equipamento e instalacións

- Comedor.
- Servizo “Espertar Xogando” de 8:00 a 9:00.
- Biblioteca, participando no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.
- Instalacións deportivas: Ximnasio, baloncesto, voleibol, fútbol sala, balonmán, bádminton.
- Aulas de Informática, Música, Laboratorio, Plástica, Idiomas, Apoios, Usos Múltiples.
- Aulas especializadas para a atención a alumnado xordo.
- Dous patios exteriores de herba, pistas deportivas e dous pequenos patios cubertos.
- Horto Escolar, coa colaboración do Concello de Vigo.



## Actividades organizadas pola ANPA

A ANPA está integrada e participa na dinámica do centro. Promove, organiza e xestiona o comedor escolar, o servizo Espertar Xogando e Actividades Extraescolares como:

- Obradoiros de Plástica.
- Taller de cociña.
- Taekwondo.
- Fútbol sala.
- Baloncesto.
- Voleibol.
- Teatro de nenos e adultos.
- Piscina.
- Xogamos en Inglés.
- Danza moderna.
- Xogando con Maruxa.





## 39. C.E.I.P. Pintor Laxeiro

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Rúa García Lorca, 18. Vigo
Tfno.	986 238 043
Fax	986 203 721
Correo elect.	<a href="mailto:pintor.laxeiro@edu.xunta.es">pintor.laxeiro@edu.xunta.es</a>
Horario de oficina	de 10:50 a 11:40 horas
Centro ao que está adscrito	IES Alexandre Bóveda

Os nosos principios educativos son os referentes básicos que rexen a vida do noso centro. É un centro aberto a todo o alumnado independentemente da súa raza, sexo ou crenzas; é plural e democrático, pretendendo unha acción educativa que favoreza ao máximo o pleno desenvolvemento da personalidade da alumna/o e rexida polos principios de integración, coeducación e respecto á diversidade. Pretendemos o fomento do espírito crítico, de actitudes positivas e unha educación baseada en valores de respecto mutuo e de respecto co medio, tolerancia, solidariedade e non violencia.

A educación é unha tarefa conxunta e compartida polas diversas persoas que participan nela. Por este motivo tratamos de impulsar a participación, a cooperación e a corresponsabilidade da familia, profesorado, alumnado, ANPA e persoal non docente co obxecto de que, desde esa colaboración, se consigan mellor as metas propostas.

## Equipamento e instalacións

- Comedor escolar.
- Biblioteca.
- Instalacións deportivas: pistas polideportivas exteriores, de 2.000 m<sup>2</sup>, e patio exterior cuberto de 500 m<sup>2</sup>.
- Aulas específicas: medios audiovisuais, plástica, música, informática, psicomotricidade (infantil), pedagogía terapéutica, audición e linguaxe, inglés e relixión.
- Patio específico para educación infantil con mobiliario.
- Departamento de orientación.

## Actividades organizadas pola ANPA

Ao longo de toda a semana organízanse diferentes actividades en horario de 16 a 18 h:

- Natación.
- Taekwondo.
- Xadrez.
- Fútbol sala.
- Ximnasia rítmica.
- Obradoiro Lingua Inglesa-infantil e primaria.
- Patinaxe.
- Pintura.
- Manualidades.
- Teatro.
- Danza.
- Balonmán.
- Pre-deporte.

Así mesmo a ANPA xestiona o comedor escolar con servizo de cáterin en horario de 14 a 16 h organizando despois da comida actividades de hixiene e mais actividades lúdicas.





## 40. C.E.I.P. Párroco Don Camilo

### Etapas educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Estrada Matamá-Pazo, 104. Vigo
Tfno.	986 296 194
Fax	986 296 194
Correo elect.	<a href="mailto:ceip.parroco.doncamilo@edu.xunta.es">ceip.parroco.doncamilo@edu.xunta.es</a>
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipparrocodoncamilo/">http://centros.edu.xunta.es/ceipparrocodoncamilo/</a>
Horario de oficina	de 9:00 a 10:00 horas
Centro ao que está adscrito	IES Coruxo

Colexio de recente construción, sito a 2 km. da Praza de América, en zona rural con grandes e variados espazos verdes, sen casas arredor, sen ruidos e sen contaminación. Seguindo o noso proxecto educativo, o funcionamento do centro como institución pública está ao servizo da comunidade a que pertence. Edúcase nun ambiente escolar integrado no contorno, respectando a natureza privilexiada que nos rodea. Educamos nos valores: coeducación, integración, paz, igualdade, respecto das minorías, solidariedade, tolerancia, en técnicas de estudo, etc.

As linguas galega, castelán e inglesa, ensínanse dende os tres anos ao comezo da educación infantil, así como a educación musical e a educación física.

## Transporte escolar coas seguintes paradas:

Teixugueiras (San Paio de Navia)

Florida

A Ponte (gasolineira)

Pereiras

Muiños

Rial

Pitasia

Casás

Cocheiros

## Equipamento e instalacións

- Ximnasio, patio cuberto e pista de futbito.
- Patios: un para E. Infantil e tres de E. Primaria.
- Aulas de: Música, audiovisuais, informática, educación artística, logopedia, apoio, inglés e orientación.
- Comedor e servizo de madrugadores.
- Biblioteca.
- Horto escolar, xardíns e árbores frutais.



## Actividades extraescolares:

- Atletismo.
- Baile moderno
- Natación.
- Patinaxe.

Servizo de comedor en horario de 14 a 16 horas.

Servizo madrugadores en horario de 7.45 a 9 horas.





## 41. C.E.I.P. Carrasqueira

### Etapas educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Rúa Carrasqueira, s/n. Coruxo. Vigo
Tfno.	986 491 201
Fax	986 491 201
Correo elect.	ceip.carrasqueira@edu.xunta.es
Horario de oficina	de luns a venres, 9:10 a 10:00 horas
Centro ao que está adscrito	IES Coruxo

Máis de 30 anos formando xeracións de alumnos/as de Coruxo e dunha ampla zona de Vigo, en especial do Ensanche, Coia, Frago, Florida, Polígono de Navia... aproveitando o servizo de transporte escolar mediante desprazamento propio.

Se vostede se atopa na crucial decisión de escolarizar o seu/súa fillo/a ou cambiar de centro, aparte da breve información contida nesta guía aconsellámoslle:

- Visítenos en horario de 9:00 a 18:00 h e coñeza as nosas instalacións e servizos informándose sobre a nosa liña educativa.

- Contacte con familias que teñan alumnos/as no centro. Son o noso principal aval e a súa mellor fonte de información crítica.

O noso horario é de xornada única (de 9:10 a 14:10 h).

Temos un proxecto de anticipación do inglés que comeza en educación infantil e continua en educación primaria. A música e a educación física impártense desde educación infantil e, a materia de informática, en toda a primaria.

Temos unha intensa actividade cultural: celebracións festivas, exposicións, saídas e elabórase a revista escolar "A Lansadeira".

## Transporte escolar

Liña1: García Barbón, Pi i Maragall, López Mora, Avda. Castrelos, Portanet, Ricardo Mella.

Liña 2: B. Aires, Travesía de Vigo, Pizarro, Gran Vía, Avda. Castelao, Pau Navía, Ricardo Mella.

Liña3: Balaídos, Fragoso, Florida, Estrada de Camposancos.

## Equipamento e instalacións

- 400 m<sup>2</sup> adicados a cociña e comedores, subvencionados pola Xunta. O horario do comedor é de 14:10 a 15:40 h.
- Laboratorio e aula de plástica.
- Dúas aulas de idiomas con equipamento audiovisual.
- Ximnasio con 200 m<sup>2</sup> de sala e outras dependencias anexas.
- Dúas pistas polideportivas
- Aula de informática cun dos mellores equipamentos da cidade.
- Nova biblioteca: 100 m<sup>2</sup> para a promoción da lectura nos que se inclúe zona multimedia, internet...
- Aula de educación especial equipada informaticamente.
- Aula de Audición e Linguaxe.
- Parque infantil.
- Departamento de orientación.
- Aula de música: 100 m<sup>2</sup> con área específica para coreografías e danza.
- Todo nun enclave de 10.000 m<sup>2</sup> de zona axardinada.

## Actividades organizadas pola ANPA

As actividades extraescolares do noso centro están organizadas e xestionadas pola ANPA. Desenvólvense das 16:00 ás 17:45 h.

No último curso lévanse a cabo actividades de atletismo, judo, ximnasia rítmica, debuxo, fútbol sala, danza moderna, baile galego, karate do, informática e natación.

Colabora e coorganiza as festas do colexio: Magosto, Nadal, Entroido e a de final de curso que se celebra nun dos primeiros sábados do mes de xuño.





## 42. C.E.I.P. A Paz-Tintureira

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo: Estrada Fragoselo, 42. Coruxo-Vigo  
Tfno. e fax: 986 491 182  
Correo elect.: ceip.apaz@edu.xunta.es  
Horario de oficina: de 9:15 a 10:45 h e de 13:30 a 14:15 h  
Centro ao que está adscrito: IES Coruxo

Pola súa situación en lugar privilexiado e polas súas 2 liñas de transporte é o centro indicado para alumnado procedente de Vigo (Travesas, Navia, San Andrés de Comesaña, Coruxo, ...) e da zona de Fragoselo e Chandebrito.

Atópase a 300 m do cruce da estrada de Camposancos (antiga estrada de Baiona) hacia Fragoselo e Chandebrito, nun emprazamento tranquilo con vistas ao mar e ao monte. Aulas e locais de uso común (Biblioteca, Aula de Psicomotricidade, ...) completamente renovados.

Inspirámonos nos valores da convivencia, a participación e a responsabilidade de toda a comunidade educativa. O noso labor educativo apóiase nunha relación fluida e cordial entre o profesorado, o alumnado e as súas familias. Tamén na colaboración coas institucións do noso contorno. Participamos en numerosos proxectos promovidos pola Xunta, Concello e outras institucións que favorecen a calidade educativa.

Concretamos os nosos obxectivos cada ano nun Plan Xeral. Este se revisa ao final de cada curso nunha Memoria valorativa co fin de mellorar a nosa práctica educativa, adaptándoa ás necesidades do noso alumnado

## Algunhas das nosas características

Linguas de aprendizaxe: galego e castelán. Departamento de Orientación con persoal especializado.

Inglés dende os tres anos en horario escolar e extraescolar.

Música e psicomotricidade dende os 3 anos. Actividades e saídas culturais concertadas co Concello, Caixanova...

Participación en programas de Educación Viaria, Comenius e outros promovidos polo Concello e outras institucións. Participación co CEIP Ría de Vigo na actividade “Xuntos pola Paz”.

Dinamización lectora e cultural dende a Biblioteca escolar.

Excursións e celebracións de festas tradicionais.

## Transporte escolar

- Liña 1: Pza. España · Gran Vía · Florida · San Andrés · Navía · Roteas.
- Liña 2: Chandebrito · Fragoselo.

## Equipamento e instalacións

Amplo comedor subvencionado.

Cociña propia.

Aulas específicas de Música, Informática, Psicomotricidade, Inglés, Aulas de apoio e logopedia.

· Biblioteca ampliada e renovada en fondos, equipamento informático e mobiliario. Servizo de préstamo, actividades de dinamización.

· Patio de 5000 m<sup>2</sup> con pistas polideportivas e gradas.

· Patio cuberto de 400 m<sup>2</sup>.

· Ximnasio.

· Parque infantil acotado.

· Zonas axardinadas e horto.

## Outras

Horario Lectivo: de 9:15 a 14:15 horas.

Apertura anticipada ás 8:00 horas con almorzo e atención ata o inicio das clases.

Comedor e cociña propia con vixilancia ata 16:00 horas da tarde.

Actividades extraescolares de luns a venres.

Somos a sede da Ludoteca de Coruxo con horario de 16:30 a 20:00 horas de luns a venres.

## Actividades organizadas pola ANPA

ANPA moi activa con local propio. Organiza actividades extraescolares de luns a venres entre as 16:00 e as 18:00 h.: patinaxe, fútbol, informática, inglés, natación, baile, ximnasia rítmica, taekwondo.

Organizan excursións e participan nas celebracións do colexio.

Ludoteca ( de luns a venres de 16:30 a 20:00 h.) promovida polo CRAC de Coruxo e pola Casa da Xuventude do Concello de Vigo.





## 43. C.E.I.P. O Pombal

### Etapas educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Camiño Pombal, s/n. Vigo
Tfno. e fax	986 279 813
Correo elect.	ceip.opombal@edu.xunta.es
Web	centros.edu.xunta.es/ceipopombal
Horario de oficina	de 9:00 a 10:00 h e 14:00 a 14:30 horas
Centro ao que está adscrito	IES Castelao

Horario de xornada única de 9:00 a 14:00 horas.

Educación na investigación con actitude crítica.

Educación na tolerancia, respecto e solidariedade.

Interese e respecto polo medio natural.

Formación en termos de igualdade nas dúas linguas (galega e castelá), mediante o estudo e uso da nosa cultura.

Inglés, Educación Musical e Psicomotricidade dende os 3 anos.

O Centro desenvolve diversas actividades complementarias: concursos, saídas, exposicións, programas, visitas ó Centro, etc.

O Centro está acollido o Plan Mellora de Bibliotecas Escolares desenvolvido pola Consellería de Educación.

Tódolos martes de 16:00 a 17:00 h entrevistas cos pais e nais, previa cita.

## Equipamento e instalacións

- Gardería Matinal de 8:00 a 9:00 h. (30 prazas).
- Comedor con servizo de cáterin (80 prazas).
- Biblioteca xeral e de aula, con servizo de préstamo e actividades de animación á lectura.
- Salón de actos (empregamos o ximnasio).
- Aulas de informática, inglés e música.
- Instalacións deportivas: ximnasio e pista polideportiva cuberta.
- Departamento de Orientación, Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Conta con 6 unidades de E. Infantil e 12 de E. Primaria.
- Patio para educación infantil con área de xogos, areeiro e pista de educación vial.
- Varias zonas de xardín acoutadas e numerosas árbores.
- Tres patios cubertos.

## Actividades organizadas pola ANPA

O ANPA conta cun local para o seu uso. Xestiona o Comedor e a Gardería.

- Inglés.
- Balonmán.
- Cerámica.
- Teatro.
- Taekwondo.
- Pintura.
- Informática.
- Natación.
- Baile moderno.
- Fútbol sala.
- Patinaxe.
- Baloncesto.
- Aula “Paquete Infantil”.

## Outros datos de interese:

- Publicamos anualmente a revista escolar “Lanzal”.
- Realizamos variadas saídas socioculturais.
- Realízanse cursos de formación do profesorado dentro e fora do Centro.
- Contamos cunha variada programación das festas: Halloween (Samaín), Agosto, Santa Cecilia, Nadal, Día da Paz, Entroido, Semana da Prensa, Mes do Libro, Letras Galegas e Fin de Curso.





## 44. C.E.I.P. Valle Inclán

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Rúa Alcalde Lavadores, 16. 36214 Vigo
Tfno.	986 273 432
Correo elect.	ceip.valle.inclan.vigo@edu.xunta.es
Horario de oficina	de 10:00 a 11 h., e luns, mércores e venres de 9:00 a 11:00
Centro ao que está adscrito	IES Ricardo Mella

O CEIP Valle Inclán está ubicado na zona urbana da parroquia de Lavadores, e nunha zona espaciosa, onde é propicio o desenvolvemento das actividades educativas e lúdicas dun xeito relaxado e tranquilo.

Trabállase en grupos reducidos, o que posibilita una actuación e atención educativa moito máis personalizada e permite un seguimento individualizado do alumnado.

No Plan Educativo de Centro (PEC) e no Proxecto Curricular de Centro (PCC), queda reflexado entre outras cousas o noso ideario educativo, así como tódolos obxectivos que se pretenden acadar ao longo do curso en cada unha das etapas e niveis.

A actividade do Centro está presidida polo respecto á diversidade e ás liberdades individuais, baseada na tolerancia e os principios democráticos da convivencia, fomentando a paz e a solidariedade cara ao logro dunha formación integral do noso alumnado.

Dispoñemos dun mestre-titor para cada un dos grupos dos diferentes niveis educativos e un mestre para cada unha das especialidades, ademais do Departamento de Orientación que está integrado por un especialista en Pedagogía Terapéutica, un en Audición e Linguaxe e o Orientador.

Participamos no proxecto de anticipación de lingua extranxeira, impartindo inglés dende os tres anos. A música, a psicomotricidade e o uso das tecnoloxías da información e comunicación iníciase tamén dende a Educación Infantil.

Pretendemos fomentar a participación de todos os membros da Comunidade Educativa (alumnado, profesorado e familias) e a apertura a outros Centros e Institucións do noso contorno que desenvolvan actividades relacionadas co ámbito pedagóxico.

Durante todo o desenvolvemento da etapa de Infantil e Primaria os nenos e nenas teñen á súa disposición a realización dunha ampla oferta de actividades complementarias, así como a celebración das diferentes conmemoracións: Samaín, Magosto, Nadal, día da Paz, Entroido e Letras Galegas, recollidas dentro da Programación Xeral Anual.

## Equipamento e instalacións

- Amplo e renovado Comedor con servizo de catering.
- Biblioteca de aula e de Centro con servizo de préstamo e actividades de animación á lectura.
- Sala de usos múltiples con escenario.
- Sala de Faladoiro para o desenvolvemento das linguas.
- Instalacións deportivas: Excelente pista polideportiva e Ximnasio.
- Sala de Experiencias, Laboratorio e Recursos didácticos.
- Aula de Informática. Aula de Audiovisuais.
- Aulas específicas para as especialidades de lingua inglesa, música, relixión, pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.
- Pizarra dixital e catro pantallas cos seus respectivos cañóns de proxección, instalados en Sala de usos múltiples, Aula de lingua inglesa, Faladoiro e Biblioteca, así como conexión a Internet en tódalas aulas do Centro.
- Amplios espazos verdes: 7000 m<sup>2</sup> de patio axardinado e arbóreo.



## Actividades organizadas pola ANPA

A ANPA xestiona o Comedor Escolar, dende as 14:00 ata as 16:00 e a Aula Matinal, dende as 7:45 ata as 9:00, así coma as diferentes actividades extraescolares:

- Campamento de verán.
- Natación, na piscina do IMD de Santa Cristina.
- Manualidades e Taller de Barro.
- Taekwondo.
- Taller de Pasta de Papel e Sal.
- Talleres para pais e nais.
- Excursión de Fin de Curso.
- Sendeirismo.
- Asistencia a Festivais Culturais Infantís.
- Festival de Fin de Curso, con inchables e xogos populares.
- Charlas sobre Educación.





## 45. C.E.I.P. Eduardo Pondal

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Rosal Florido, 24, Sampaio. Vigo
Tfno. e fax	986 278 479
Correo elect.	ceip.eduardopondal@edu.xunta.es
Horario de oficina	de 9:00 a 14:00 horas
Centro ao que está adscrito	IES A Guía

O centro dispón dunha superficie total de 7.500 m<sup>2</sup>. O número de profesores que traballan é de once e atenden alumnos/as en xornada continuada.

Conta cun proxecto educativo laico, plural, baseado na tolerancia e no respecto democrático a todo tipo de opinión e crenza que fomenta a educación integral dos individuos co desenvolvemento da súa personalidade, preparando homes e mulleres libres e críticos consigo mesmos para afrontar unha vida no futuro de esforzo, traballo e progreso nos cambios que se presenten.

O centro dispón de regulamento de réxime interno e de proxecto de autoprotección. Fanse entrevistas familia-profesorado e dispoñemos dun plano experimental de inglés e de progreso na normalización lingüística.

## Equipamento e instalacións

- Comedor con capacidade para 30 persoas. Sistema cáterin.
- Biblioteca de aula e de centro con servizo de préstamo Meiga e actividades de animación á lectura.
- Inglés, música e informática dende Educación Infantil. Aulas con equipamento específico.
- Departamento de Orientación. Aulas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.
- Instalacións deportivas: ximnasio, pistas polideportivas e campo de fútbol.
- Patio cuberto e zona de xardín con mobiliario infantil.

## Actividades organizadas pola ANPA

A ANPA do centro organiza as actividades extraescolares, como: natación, patinaxe, barro, informática, animación á lectura e kung-fu.

Ten ao seu cargo a xestión do comedor, introducindo todo tipo de melloras.

A ANPA organiza as festas do Magosto en colaboración cos mestres/as. Tamén as do Nadal, o Entroido, Samaiñ, día da paz e fin de curso.

Colabora en actos solidarios, organiza saídas a albergues de varios días para os maiores e de un día para os máis pequenos e pequenas. Sempre acode cando é requerida polo centro.

Conta con local para o seu uso.





## 46. C.E.I.P. Otero Pedraio

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Rúa Ramiro Pascual, 9. As Carneiras. 36213 Matamá-Vigo
Tfno. e fax	986 296 223
Correo elect.	<a href="mailto:ceip.pedraio.vigo@edu.xunta.es">ceip.pedraio.vigo@edu.xunta.es</a>
Horario de oficina	de luns a venres de 9:00 a 11:00 horas
Centro ao que está adscrito	IES Beade

O colexio público CEIP “Otero Pedraio” ten como obxectivos xerais prioritarios os de garantir unha educación para a igualdade, que contemple a atención á diversidade de tanto social como psicolóxica do alumnado e a súa transformación ao longo do proceso educativo (seguridade, hixiene, consumo, etc.), actuar con valores democráticos e sobre todo asegurar a información e participación de todos os sectores da comunidade educativa. Como obxectivos pedagóxicos máis inmediatos serían: os de promover innovacións e proxectos educativos que faciliten un cambio positivo e unha mellora xeral do centro educativo (Plan de Convivencia, Plan Lector, Proxecto TIC, etc.), e planificar, coordinar e organizar adecuadamente todas as actividades educativas.

As linguas de aprendizaxe do alumnado serán o castelán e o galego e como primeira lingua estranxeira o inglés dende educación infantil 3 anos ata 6º curso de educación primaria.

O centro dispón dun protocolo elaborado polo Departamento de Orientación de portas abertas para as familias interesadas no noso centro e un programa de acollida para o novo alumnado.

## Recursos humanos

- Departamento de Orientación.
- Especialista en Psicopedagogía.
- Especialista de Pedagogía Terapéutica.
- Especialista en Audición e Linguaxe.
- Especialistas en Educación Infantil e Primaria.
- Especialistas en Educación: Musical, Física, Inglés, Francés e Relixión.

## Equipamento e instalacións

- Ximnasio-Auditorio.
- Biblioteca.
- Salón de Actos.
- Aula de Informática.
- Pista Polideportiva, patio axardinado e dous patios para educación infantil.

## Servizos Complementarios

- Transporte Escolar: Tres liñas de autobuses.
- Comedor Escolar: 40 prazas en dúas quendas.
- Biblioteca con servizo de préstamo.



## Actividades e saídas didácticas

- Teatro
- Cine
- Museos
- Entornos naturais
- Visitas culturais
- Celebracións tradicionais

## Actividades organizadas pola ANPA

- Patinaxe
- Taekwondo
- Natación
- Baile Moderno
- Informática
- Fútbol
- Pintura





## 47. C.E.I.P. Josefa Alonso

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo Rúa Manuel de Cominges, 14. 36213 Matamá-Vigo  
Tfno. e fax 986 292 067  
Correo elect. ceip.josefa.alonso@edu.xunta.es  
Horario de oficina de luns a venres, de 13:00 a 14:30 horas  
Centro ao que está adscrito IES Valadares

O CEIP “Josefa Alonso” atópase no centro da parroquia de Matamá.

O Proxecto Educativo de Centro ten como obxectivos entre outros:

Unha educación baseada na tolerancia e no respecto a todo tipo de crenza e opinión.  
O diálogo como principio básico de relación. A formación integral de persoas capaces e competentes. A potenciación de opinións propias. Unha educación solidaria.

Impártese inglés e música dende os tres anos.

Dispón o centro de servizo de orientación educativa.

A metodoloxía de traballo busca a aprendizaxe significativa.

Realízanse visitas escolares para coñecer a realidade social.

A relación coas familias se realiza a través da titoría semanal e con reunións trimestrais na entrega das informacións individualizadas da evolución educativa.

Xornada única en horario de 8:50 a 13:50 horas, comedor con vixancia ata as 16:00 h e actividades extraescolares de luns a venres.

O centro participa nun programa de agrupamento con colexios de outras comunidades autónomas.

## Transporte escolar

Unha liña de transporte gratuito.

Outeiro-Campo de fútbol-Baixada a Moo -A Moó-Barxa- Vilar-A Balsa.

## Equipamento e instalacións

Neste curso pon en funcionamento unhas instalacións dotadas de melloras na accesibilidade (ascensor, ...) o realizarse obras de mellora e eliminación de barreiras arquitectónicas.

- Biblioteca con dotación para infantil e primaria.
- Salón de actos con escenario para representacións teatrais.
- Aula de informática.
- Aula de apoio.
- Aula de idiomas.
- Aula de educación artística e musical.
- Patio específico para educación infantil.
- Patio cuberto.
- Instalacións polideportivas (Cancha de voleibol, campo de fútbol sala).
- 2.000 m<sup>2</sup> de xardín.



## Actividades organizadas pola ANPA

A ANPA representa a totalidade de pais/nais do centro e colabora co profesorado en actividades complementarias e celebracións, ademais de organizar unha ampla oferta de actividades extraescolares.

- Servizo de aula matinal de 7:30 a 8:50 horas.
- Servizo de comedor de 13:50 a 16:00 horas.
- Xadrez, Patinaxe, Baile.
- Escola de música tradicional (Gaita e percusión)
- Teatro, Pintura, Natación.
- Escola de Voleibol. (En colaboración co club Xuvenil de Teis-Turismo de Vigo).
- Ximnasia de mantemento para pais e nais.
- Teatro de nais e pais.

O Centro en colaboración coa Deputación Provincial ten en funcionamento unha escola de Balonmán.





## 48. C.E.I.P. Alfonso R. Castelao

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo Rúa da Pedra Seixa, 29. Navia. Vigo  
Tfno. e fax 986 241 585  
Correo elect. [ceip.castelao.vigo@edu.xunta.es](mailto:ceip.castelao.vigo@edu.xunta.es)  
Centro ao que está adscrito CPI Celso Emilio Ferreiro

Centro construído no ano 1990, dotado con modernas instalacións, aulas amplas e luminosas, debidamente equipadas. De edificación baixa sen barreiras arquitectónicas.

Realízanse conmemoracións de festividades conxuntas e saídas en horario lectivo para o coñecemento do contorno.

O centro está rexido por un proxecto educativo desenvolvido por unha programación xeral anual e avaliada mediante unha memoria informada polo Consello Escolar ao final do curso.

Dende fai varios cursos, participación na actividade de Intercambio de Teatro Infantil entre algúns centros de Vigo.

## Equipamento e instalacións

- Comedor (servizo de cáterin).
- Biblioteca dotada con libros para todos os niveis e con libros de consulta.
- Pistapolidportiva. Ximnasiototalmente equipado, con vestiarios e duchas.
- Aula de usos múltiples.
- Aulas de pretecnoloxía, informática, de apoio, música e inglés.
- Superficie: 6.038 m<sup>2</sup>.
- Patio amplo con zonas axardiñadas.
- Horta escolar (organizada polo concello).



## Actividades organizadas pola ANPA

- Xadrez.
- Natación.
- Artísticas.
- Kung-fu.
- Baile moderno.
- Batuka.
- Obradoiros de inglés.
- Patinaxe.
- Tenis.
- Predeporte.
- Informática.
- Aula matinal.
- Contacontos.
- Multideporte.
- Obradoiro de música.

Ademais colabora nas diferentes conmemoracións e festividades que se celebran ao longo do curso.





## 49. C.E.I.P. Lope de Vega

### Etapas educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Estrada Provincial, 119. 36214 Vigo
Tfno. e fax	986 480 485
Correo elect.	ceip.lopedevega@edu.xunta.es
Horario de oficina	de 9:15 a 11:00 horas
Centro ao que está adscrito	IES Santo Tomás de Freixeiro

O proxecto educativo do centro céntrase nos seguintes obxectivos:

- Unha educación baseada na tolerancia e no respecto a todo tipo de crenza e opinión.
- O diálogo como principio básico de relación.
- A formación integral de persoas capaces e competentes.
- A potenciación de opinións propias.
- Unha educación solidaria e non discriminatoria.
- O desenvolvemento e fomento de actitudes positivas no referente á saúde, ao consumo e á conservación do medio natural.

O horario do colexio é de xornada en sesión única de 9:15 a 14:15 horas.

O alumnado de comedor queda no colexio de 14:15 a 16:00 horas.

O colexio dispón dun departamento de orientación para organizar a atención ao alumnado con necesidades educativas.

Impártese inglés dende os 3 anos.

## Transporte escolar

Dispoñemos de 6 liñas de autobús, cos seguintes percorridos:

Liña 1: Pizarro.

Liña 2: Gran Vía-Urzáiz.

Liña 3: Martínez Garrido.

Liña 4: Vía Norte-G. de la Fuente.

Liña 5: Gregorio Espino (“Palmeras”).

Liña 6: Travesas-Pza. España.

## Equipamento e instalacións

- Comedor subvencionado pola Xunta.
- Aula Matinal: de 7:45 a 9:15 h.
- Biblioteca de aula en cada clase e biblioteca do centro con 2000 libros.
- Instalacións deportivas: ximnasio, unha pista polideportiva cuberta, dous patios pintados para a práctica deportiva, un patio cuberto.
- Aulas de educación musical, pedagogía terapéutica, audición e linguaxe e informática.
- Patio de recreo de 3000 m<sup>2</sup> e unha zona de recreo con area e xogos para educación infantil.
- Tamén temos amplos xardíns cunha gran variedade de plantas e árbores.



## Actividades organizadas pola ANPA

- Judo.
- Música.
- Baloncesto.
- Baile.
- Técnicas de estudio.
- Xadrez.
- Teatro.
- Informática.
- Obradoiro de cociña.
- Natación.
- Pintura.
- Inglés/Francés.
- Patinaxe artístico.
- Tenis.
- Béisbol





## 50. C.E.I.P. Sárdoma - Moledo

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Rúa do Marco, 30. Vigo
Tfno. e fax	986 421 490
Correo elect.	ceip.sardoma.moledo@edu.xunta.es
Horario de oficina	de 9:30 a 12:00 horas
Centro ao que está adscrito	IES de Beade

Situado na subida ás Relfas a carón do campo de fútbol de Moledo, rodeado de vexetación.

Características:

- Horario lectivo: sesión única de 9:30 a 14:30 h.
- Servizos complementarios: comedor e transporte.
- Actividades extraescolares: de luns a xoves, de 15:45 a 17:00 h

Escolas deportivas: patinaxe, balonmán, minibasket, fútbol.

Culturais: teatro, pintura, manualidades, xadrez, baile moderno e biblioteca.

Novas tecnoloxías: aula de informática (20 ordenadores) e laboratorio de idiomas.

Actividades de Educación Infantil: teatro, expresión corporal e ritmo.

- Metodoloxía de traballo Activa: aprendizaxe significativa e por descubrimento.
- Traballo en equipo para a cooperación, convivencia, democracia, tolerancia e a paz.

- Proxecto Educativo, Proxecto Curricular de Centro e Programación Xeral Anual, aprobados polo consello escolar.
- Visitas escolares para coñecer a realidade social.
- Departamento de Orientación dirixido por unha especialista, para unha orientación persoal, educativa e profesional en coordinación cos equipos de orientación.
- Aula de apoio para a atención do alumnado con necesidades educativas especiais. Aula de Audición e Linguaxe.
- Relación coas familias: Atención individualizada con titoría semanal para pais/nais do alumnado e atención por ciclos con reunións trimestrais.

## Transporte escolar

Dúas liñas:

- LIÑA 1: Miraflores-Avda. De Madrid- Praza de España-GranVía-Praza da Independencia-Camelias-Venezuela-Gregorio Espino.
- LIÑA 2: Lameiro-Avda. De Madrid-Rúa Aragón-Travesía de Vigo-Vía Norte-Vázquez Varela.



## Equipamento e instalacións:

- Comedor: autoservicio e equipamento para 200 alumnos/as.
- Biblioteca de centro e de aula.
- Laboratorios de ciencias naturais e de idiomas.
- Instalacións deportivas: pavillón polideportivo cuberto, pista polideportiva exterior e pista de minibasket.
- Circuito de Educación Vial.
- Aulas de música, inglés, manualidades, informática, audición e linguaxe, aula de apoio.
- 2.500 m<sup>2</sup> de patios e 250 m<sup>2</sup> de xardíns.



## 51. C.E.I.P. Vicente Risco

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Rúa Santander, 10. Vigo
Tfno.	986 378 304
Fax	986 250 829
Correo elect.	ceip.vicente.risco@edu.xunta.es
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipvicenterisco">http://centros.edu.xunta.es/ceipvicenterisco</a>
Horario de secretaría	de 9:00 a 9:50 horas
Centro ao que está adscrito	IES Rosais II

O CEIP Vicente Risco pódese caracterizar por asumir a necesidade dunha educación integral, pluralista, solidaria e democrática.

Dentro dunha metodoloxía activa e de respecto ao individuo, fixamos os obxectivos seguintes:

- Contribuír a favorecer o desenvolvemento intelectual, físico, afectivo e moral do alumnado.
- Potenciar a autonomía persoal, o espírito crítico, construtivo e democrático.
- Adquirir formas de pensar democráticas e cívicas como elemento de entendemento e respecto.
- Adquirir hábitos de limpeza e hixiene persoal e social, valorando e defendendo o medio natural.
- Adquirir e consolidar técnicas instrumentais de lectura, escritura e cálculo, traballo en equipo e iniciación nas novas tecnoloxías e os idiomas.

- Potenciar a coordinación entre os estamentos da comunidade educativa: familia, alumnado e profesorado.
- Mellorar a calidade do ensino: adaptación do proxecto curricular do centro e o material ás capacidades do alumnado; aproveitar as características do profesorado fomentando a súa importancia na función docente; mellorar o centro e o material para manter un lugar de traballo digno.

## Equipamento e instalacións

- Comedor.
- Biblioteca.
- Laboratorios.
- Instalacións deportivas.
- Aulas de música, vídeo, tecnoloxía, informática e inglés.
- Departamento de orientación.
- Aula de apoio (con especialista en pedagogía terapéutica).
- Patios e xardineiras.
- Ximnasio



## Actividades organizadas pola ANPA

Actividades extraescolares:

- Natación.
- Manualidades.
- Baile moderno.
- Taekwondo.
- Informática.
- Pintura.
- Fútbolito.
- Taller de xogos
- Armónica.
- Patinaxe.
- Inglés.

Sen prexuízo de que se incremente o seu número ou que se substitúa algunha das citadas actividades por outras. Tamén se pode dar o caso de que se deixe de facer algunha por diversos motivos.





## 52. C.E.P. Santa Tegra

Etapas  
educativas

Educación primaria

(6-12 anos)

Enderezo	Maceiras, 48. Vigo
Tfno. e fax	986 378 728
Correo elect.	cep.santategra.teis@edu.xunta.es
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/cepsantategra-teis">http://centros.edu.xunta.es/cepsantategra-teis</a>
Horario de oficina	de luns a xoves de 13:00 a 14:00 h
Centro ao que está adscrito	IES A Guía

O horario escolar é en sesión continua de 9.00 a 14.00 h.

Entre os obxectivos prioritarios do centro están:

- Desenvolver valores e hábitos democráticos de convivencia, de respecto e de tolerancia.
- Acadar unha educación integral do alumnado.
- Prestar atención á diversidade nunha sociedade multicultural.

Tendo en conta o proxecto educativo: celebramos conmemoracións, realizamos festivais, exposicións, charlas, obradoiros, elaboramos dous números da revista escolar "A Trola", realizamos saídas didácticas e colaboramos coas institucións do contorno facendo partícipe a toda a comunidade educativa. Fomentamos todas aquelas actividades que redundan na conservación e mellora do medio ambiente. Fomentamos o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TICS) como soporte da información que se transmite á Comunidade Educativa e como recurso didáctico (pantalla dixital, ordenadores de aula, aula de informática...)

Contamos cun departamento de orientación, profesorado especialista en Pedagogía Terapeútica e Audición e Linguaxe.

Temos unha biblioteca dinamizada por un grupo de profesores a través da que se levan a cabo actividades de animación á lectura e funciona con servizo de préstamo.

Dispoñemos de servizo de comedor de 14.00 a 16:00h.

O servizo de comedor e as actividades extraescolares ofertadas pola ANPA permiten a permanencia do alumnado no Centro até as 18:00 horas.

Entrevistas familias/titores (martes de 17.00 a 18.00 h.).

## Transporte escolar

Unha liña: Porta do Sol · Vulcano.

## Equipamento e instalacións

- Comedor.
- Biblioteca de Centro.
- Salón de actos.
- Aula de audiovisuais.
- Aulas: música, idioma estranxeiro, relixión/A. E., aula de apoio e A. L.
- Instalacións deportivas: ximnasio, campo de fútbol e baloncesto.
- Patios: cuberto de 80 m<sup>2</sup> e ao aire libre de 2.800 m<sup>2</sup>.
- Zonas axardinadas.



## Actividades organizadas pola ANPA

Extraescolares: todos os días hai actividades nas instalacións do centro agás natación, que será na piscina de Teis.

Realízanse:

- Tenis.
- Natación.
- Multideporte.
- Baile.
- Percusión.
- Balonmán.
- Excursión fin de curso, en colaboración co claustro, dun día con todo o alumnado.





## 53. C.E.I.P. Frián-Teis

### Etapas educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Rúa Gonderán, 42. 36216 Vigo
Tfno.	986 253 428 / Fax: 986 262 467
Correo elect.	ceip.frian.teis@edu.xunta.es
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipfrian/">http://centros.edu.xunta.es/ceipfrian/</a>
Blog	<a href="http://avozdefrian.nireblog.com/">http://avozdefrian.nireblog.com/</a>
Horario de oficina	de 9:00 a 11:00 h, e os martes, de 16:30 a 18:30 horas (flexible, se é preciso)
Centro ao que está adscrito	IES República Oriental do Uruguai (con transporte desde o centro)

Os principios contidos no Proxecto Educativo de Centro pretenden formar ó noso alumnado como cidadáns e cidadás libre, iguais nos seus deberes e dereitos, participativos na vida social, críticos ante a información e solidarios co seu entorno. Estes principios concrétnanse anualmente no Plan Xeral Anual, aprobado polo Consello Escolar e avaliado ao remate de cada curso.

Como escolas sensible ás novidades do mundo en que vivimos, fomentamos a Creatividade, a participación da Comunidade Educativa e o Uso das Novas Tecnoloxías a través de distintos proxectos e propostas metodolóxicas desenvolvidos longo do curso.

A Biblioteca e a Aula de Informática constitúen dous referentes importantes na nosa práctica diaria como lugares preferenciais para o acceso á información e á adquisición de hábitos de traballo intelectual.

Outros datos de interese: Xornada continuada de 9:00 a 14:00 h. Servizo de Guardería de 8:00 a 9:00 h e de 14:00 a 15:00 h. Servizo de Comedor Escolar de 14:00 a 16:00 h · Entrevistas semanais das familias co profesorado (martes pola tarde) · Centro seleccionado para participar no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares · Páxina web e blogs con amplos contidos en enlaces educativos · Educación Musical dende os 3 anos.

Participación no Proxecto de Anticipación en Linguas Estranxeiras (Inglés) dende os 3 anos. Inmersión lingüística. Saídas e educación artística en inglés en 5º nivel · Aulas con equipamentos informáticos.

Celebracións: Samaín, Magosto, Día da Paz, Entroido, Día do Libro, Letras Galegas, Convivencia de Fin de Curso.

Saídas culturais (concertos, exposicións, rutas pola cidade, ...).

Actividades e charlas para pais e nais.

3º Premio Concurso Nacional de Boas Prácticas para a Dinamización e Innovación das Bibliotecas dos centros escolares do ano 2009.

## Equipamento e instalacións

- Patio de 6.900 m<sup>2</sup> aproximadamente (deles 700 m<sup>2</sup> de patio cuberto).
- Instalacións deportivas: pista de baloncesto, pista de mini-básquet, pista de fútbol sala e ximnasio.
- Biblioteca con programación de Actividades de Formación de Usuarios, Formación Documental e Animación á Lectura. Sala de lectura de prensa para pais e nais. Servizo de préstamo para o alumnado e as súas familias. Aberta durante o horario de Actividades Extraescolares.
- Aula de Informática dotada con 14 equipos informáticos, scanner e pizarra dixital. Aulas dotadas de ordenador e acceso a Internet.
- Horto escolar con unidade de compostaxe.
- Comedor Escolar.
- Departamento de Orientación.
- Aula de pedagogía terapéutica.
- Salón de actos.
- Aula de audición e linguaxe.
- Aula de Música.



## Actividades organizadas pola ANPA

A ANPA colabora activamente na vida cotiá do Centro, participando nas distintas propostas suxeridas polo Profesorado ou o Equipo Directivo.

A ANPA xestiona os servizos de Comedor (na modalidade de cáterin), Gardería e Actividades Extraescolares.

A oferta de Actividades Extraescolares durante este curso é:

- Informática.
- Kárate.
- Natación.
- Ximnasia Rítmica.
- Pintura e Debuxo.
- Balonmán.
- Teatro.
- Xogos en Inglés.
- Ioga (para nais e pais e alumnado).
- Predeporte.
- Gaita galega

A ANPA colabora e participa en FOANPAS, Asociación de Veciños de San Xoán, Asociación de Veciños de Teis, e no Plan Comunitario de Teis.





## 54. C.E.I.P. San Salvador-Teis

### Etapas educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Avda. Galicia, 181. 36206 Vigo
Tfno. e fax	986 452 194
Correo elect.	ceip.sansalvador@edu.xunta.es
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipsansalvador">http://centros.edu.xunta.es/ceipsansalvador</a>
Horario de oficina	de luns a venres, de 9:00 a 9:50 e de 13:00 a 14:00 horas
Centro ao que está adscrito	IES de Teis

Contamos cun proxecto educativo no que o obxectivo prioritario é, mediante unha metodoloxía activa, motivar o estudo e levar a cabo un ensino axeitado ás necesidades da vida actual e ao desenvolvemento integral do alumnado.

Educamos baseándonos en valores como a tolerancia, a solidariedade, o respecto ás diferenzas e o respecto ao medio e á diversidade.

Normalización do galego como lingua vehicular.

Realízase unha avaliación continua.

Preténdese fomentar as relacións entre todos os membros da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familia) con reunións e asembleas periódicas.

O centro conta cun regulamento de réxime interno.

Celebramos as festa de Halloween, Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, semana das Letras Galegas e festa de fin de curso coa colaboración activa dos pais/nais.

## Transporte escolar

Unha liña: Porta do Sol · San Salvador; con dos autobuses. Dende os 3 anos, con coidadoras.

## Equipamento e instalacións

- Servizo “pequenos madrugadores” dende as 7:30 ata as 9:00 horas
- Comedor, con horario de 14 a 16 horas.
- Biblioteca.
- Salón de actos.
- Laboratorios.
- Instalacións deportivas: ximnasio, polideportivo pechado.
- Aulas de música, vídeo, educación artística, educación especial, inglés, informática, psicomotricidade e ludoteca.
- Horto escolar.
- Xardín ao redor do colexio.
- Patio de entrada.
- Parque da Riouxa preto do centro.



## Actividades organizadas pola ANPA

Temos unha ANPA en activo que xestiona o comedor e as actividades extraescolares. Organiza as seguintes actividades extraescolares, de luns a venres de 16:00 a 19:15 h:

- Informática.
- Karate.
- Música galega: pandereta e gaita.
- Baile galego.
- Natación.
- Barro.
- Pintura.
- Psicomotricidade.
- Baile moderno para alumnos e pais/nais.
- Lingua inglesa.
- O Clube da lectura.





## 55. C.E.I.P. Paraixal

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo Rúa do Colexio Paraixal, 17. 36216 Vigo  
Tfno. e fax 986 373 255  
Correo elect. ceip.paraixal@edu.xunta.es  
Horario de oficina Dirección: Luns, Martes, Xoves e Venres, 13:00 a 14 h  
Secretaría: Luns e Xoves, 9:00 a 10:00 horas. Luns e Venres 13:00 a 14:00 horas.

Centro ao que está adscrito IES A Guía

O noso Colexio promove a tolerancia, o diálogo, defendendo unha escola aberta e pluralista, educando ao alumnado na liberdade, no respecto ás diferenzas entre os pobos e as persoas, así como un clima de confianza e cordialidade. Propúgnase unha escola baseada na coeducación coa igualdade entre os sexos, tentando eliminar as diferenciacións nos roles, tanto dos alumnos/alumnas coma dos profesores/profesoras.

Somos conscientes de que a escola debe preparar aos seus membros para a súa inserción na sociedade actual e polo tanto a alfabetización dixital supón un dos principais retos para o Centro.

Tratamos de que a Biblioteca sexa un eixo de encontro do traballo diario e desde esta coordinar aos distintos equipos formados no Centro.

Durante os cursos desenvólense, entre outras, as seguintes actividades: mostradeoutono, magosto, nadal, día da paz, entroido, día do libro, semana da prensa, letras galegas, ...

O colexio ten departamento de orientación e conta con especialistas de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe, que xunto co resto do profesorado atenden á diversidade.

O horario é en xornada continuada de mañá.

O centro dispón de servizo de comedor en horario de 14:00 a 16:00 horas.

## Equipamento e instalacións

- Comedor.
- Biblioteca.
- Salón de actos / ximnasio.
- Aula de plástica.
- Aula de música.
- 2 Pistas de baloncesto.
- 1 Pista polideportiva.
- Patio cuberto.



## Actividades organizadas pola ANPA

Todas as actividades extraescolares son organizadas pola ANPA:

- Natación.
- Informática.
- Taekwondo.
- Iniciación ao deporte.
- Taller de cociña.





## 56. C.E.I.P. Altamar

### Etapas educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Cesáreo González, 4. Vigo
Tfno.	986 213 713
Fax	986 244 326
Correo elect.	ceip.altamar@edu.xunta.es
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/ceipaltamar">http://centros.edu.xunta.es/ceipaltamar</a>
Horario de oficina	de 13:00 a 14:00 horas
Centro ao que está adscrito	IES Santa Irene

- Impártense clases de informática en todos os niveis, dende os 3 anos.
- Lingua estranxeira (inglés) dende os 3 anos.

#### Proxecto educativo:

O sistema educativo do noso centro oríentase na consecución dos seguintes fins:

- O pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado.
- A formación no respecto á pluralidade lingüística e cultural de España.
- A adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo.
- A preparación para participar activamente na vida social e cultural.
- A formación para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.

#### Outros datos de interese:

- Edítase unha revista escolar.
- Conta cun proxecto de autoprotección.
- Linguas de aprendizaxe: galego e castelán.

## Equipamento e instalacións

- Comedor escolar gratuito xestionado pola Consellería de Educación.
- Servizo de gardería de 8:00 a 9:00 horas.
- Salón de actos.
- Instalacións deportivas.
- Aula de informática con 23 ordenadores conectados a internet.
- Patio de 1.370 m<sup>2</sup>
- Patio cuberto de 300 m<sup>2</sup>
- Zona axardinada.
- Área de xogos para educación infantil.
- Aula de Apoio e Logopedia.
- Equipo de Orientación.



## Actividades organizadas pola ANPA

- Todas as ofertadas polo IMD.
- Patinaxe.
- Batuka.
- Teatro.
- Música.
- Obradoiro de Inglés.
- Aulas Internacionais de Inglés, financiadas polo Concello.





## 57. C.E.I.P. Sobreira

### Etapas educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Estrada da escola da Sobreira, 89. 36315 Vigo
Tfno.	986 468 189
Fax	986 468 080
Correo elect.	ceip.sobreira.valadares@edu.xunta.es
Web	www.ceipsobreira.es
Horario de oficina	de luns a venres de 9:15 a 10:15 horas.
Centro ao que está adscrito	IES nº 2 de Valadares

A xornada escolar é de 9:15 a 14:15 horas.

O centro está situado a carón da vía que une Vigo coa Cidade Universitaria.

Ocupa unha parcela de 15.000m<sup>2</sup>. Está dotado de magníficas instalacións, a escasos minutos da cidade en un marco paisaxístico extraordinario e apacible.

O centro réxese por un proxecto educativo (PEC) e anualmente se fixan unha serie de obxectivos a acadar reflectidos na Planificación Xeral Anual (PXA) que aproba o Consello Escolar do Centro.

Partimos da consideración de que este é un colexio de Ensino Público e por tanto debe prestar un servizo á sociedade e á comunidade mais achegada na que nos atopamos. O centro esforzarase sempre por dar un ensino de calidade que responda ás necesidades do noso alumnado, do noso entorno e da nosa sociedade.

Desexamos formar ao alumnado no espírito crítico, no desenvolvemento das súas capacidades de razoamento co fin de que poida acadar a capacidade de elaborar un criterio propio no ámbito e idade que lle corresponda e exprese a súa creatividade e afectividade.

Queremos tamén que sexa unha escola moderna e creativa, aberta a novos enfoques pedagóxicos e ás novas tecnoloxías. Pero non podemos esquecer que o camiño da aprendizaxe, ás veces, non é doado e require necesariamente do esforzo do alumnado e a colaboración das familias. O feito de que o Centro oferte todos os medios ao seu alcance non evitará o necesario traballo de cadaquén.

Neste colexio poderás atopar ademais do ensino reglado un taller de literatura, taller de teatro, taller de radio e medios AV, taller de horta escolar e invernadoiro... Esta formación complementase con outras ofertas educativas presentadas nas actividades extraescolares da ANPA, do Concello e doutras Entidades Veciñais e Locais.

## Servizos Complementarios:

### Transporte escolar

(Pagado pola Xunta, Consellería de Educación)

1. Zamáns-Universidade.
2. A Garrida-Valadares.
3. Sobreira.

### Comedor escolar:

(Parcialmente subvencionado polo Concello e Consellería)

- Comedor de cáterin.
- De 14:15 a 16:15 horas.
- Servizo fixo e esporádico.

### Instalacións:

- Biblioteca.
- Aula de música
- Aula de Ed. Artística e Plástica
- Aula de Informática.
- Aula de Medios AV.
- 2 aulas de inglés Infantil e Primaria.
- Aula de Psicomotricidade para Infantil.
- Sala de usos múltiples.
- Horta escolar e invernadoiro.
- Instalacións deportivas: campo de fútbol de herba, pista polideportiva, pavillón con calefacción...
- Patios cubertos e espazos de arboredo e herba.
- Patio específico para Ed. Infantil con areiros e xogos.

## Actividades organizadas pola ANPA

- Informática.
- Inglés.
- Ocio-aventura.
- Natación/Piscina.
- Manualidades.
- Cross.
- Baile moderno.
- Taekwondo.
- Técnicas de estudio.





## 58. C.E.P. Igrexa-Valadares

Etapas  
educativas

Educación primaria

(6-12 anos)

Enderezo	Camiño Caseiro, s/n. Valadares. 36314 Vigo
Tfno.	986 467 019
Fax	986 467 868
Correo elect.	ceip.igrexa.valadares@edu.xunta.es
Horario de oficina	luns, martes e xoves, de 10:00 a 12:00 horas.
Centro ao que está adscrito	IES Valadares

Xornada escolar continua con horario de 9:15 a 14:15 h. Situado na zona de Valadares, goza das vantaxes de estar preto da cidade e nunha zona rural rodeado por unha fermosa paisaxe.

O Consello Escolar aproba cada curso a programación xeral anual baseada no PEC. O colexio ten regulamento de réxime interno que periodicamente é revisado polo consello. Na xestión do centro ten especial participación a totalidade da comunidade educativa, representada nos diferentes órganos do colexio.

Conmemóranse as festas escolares en paraxes próximas ao centro e en contacto coa natureza.

Inclúese inglés desde o 1º ano de primaria.

O centro colabora con todas as actividades que dende organizacións locais se lle propoñan, sempre que teñan algunha relación co ámbito educativo. Ten un grupo de teatro de alumnos e alumnas e nos últimos anos participou nas campañas de teatro escolar organizadas polo Concello de Vigo.

## Transporte escolar

Dúas liñas: unha desde Freixo ata o colexio e outra desde o Carregal e os Seixos, pasando pola Costa e a Garrida ata o colexio.

## Equipamento e instalacións

- Comedor con capacidade para 225 persoas. Aberto de 14:15 a 15:15 h.
- Biblioteca con máis de 5.000 volumes. Está atendida por nais.
- Salón de actos.
- Instalacións deportivas: dúas pistas polideportivas, unha delas cuberta e pechada.
- Aulas de música, informática, psicomotricidade, apoio, integración escolar, consumo e debuxo.
- Dous patios, un cuberto e outro cerrado, cunha superficie de 1.500 m<sup>2</sup>.



## Actividades organizadas pola ANPA

Todas as actividades extraescolares son organizadas pola ANPA. Destacaremos as seguintes: natación, debuxo e pintura, actividades deportivas, informática, teatro, manualidades, etc.

Estas actividades teñen o seguinte horario: de luns a venres, de 16:00 a 18:00 horas.

As nais teñen un grupo de teatro que cada curso representa dúas obras para o alumnado (unha no Nadal e outra a final de curso).





## 59. C.E.P. Doutor Fleming

Etapas  
educativas

Educación primaria

(6-12 anos)

Enderezo	Rúa Ourense, 15. 36211 Vigo
Tfno.	986 415 447
Fax	986 413 903
Correo elect.	cep.fleming@edu.xunta.es
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/cep Fleming">http://centros.edu.xunta.es/cep Fleming</a>
Horario de oficina	de luns a venres, de 8:30 h a 14:00 horas.
Horario das clases	Xornada continuada de 9:00 h a 14:00 horas.
Horario de titoría	Os martes de 16:00 h a 17:00 horas.
Centro adscrito	EEl Vilalaura
Centro ao que está adscrito	IES "O Castro"

### A razón de ser do noso centro:

A misión do noso Centro é proporcionar ao alumnado unha formación integral e personalizada, baseada no desenvolvemento de capacidades, habilidades e valores que lle permitan afrontar diferentes situacións, fomentando un espírito crítico e responsable, nun clima de traballo cooperativo e de esforzo persoal que facilite a adaptación á escola e ao contorno para acadar unha sociedade mellor.

O noso centro aspira a: Converterse en referente da zona educativa pola optimización dos seus recursos e instalacións, a boa relación entre os membros que forman a súa comunidade educativa e a apertura a outros Centros e institucións.

Consolidar un clima de traballo en equipo, agradable e participativo, onde o profesorado se involucre no bo funcionamento do Centro, nos procesos de innovación e mellora continua e acade o recoñecemento da comunidade educativa.

Que o alumnado o sinta como seu, cun clima de tolerancia e respecto onde reciba unha formación de calidade que aporte valor a súa socialización e preparación intelectual cara á integración na sociedade do futuro.

## A calidade educativa no Centro:

O CEP Dr. Fleming obtivo un premio ás actuacións de calidade no ámbito educativo convocado pola Xunta de Galicia no ano 2005.

O CEP Dr. Fleming ten vixente unha certificación de calidade do seu sistema educativo de acordo coa Norma UNE-ENISO 9001:2000 dende o 29/05/2005.

O CEP Dr. Fleming forma parte da Rede galega de centros con certificación de calidade creada pola Consellería de Educación que traballan na mellora continua da educación.

## Equipamento e instalacións

O centro conta cun edificio de 4.500 m<sup>2</sup> do que salientamos o seguinte:

- Aulas: Conta con 32 aulas, 1 aula de usos múltiples, 1 aula de Música, 1 aula de Informática, 1 aula de Audición e Linguaxe, 1 aula de recursos e 2 aulas de Pedagogía Terapéutica.
- Biblioteca: Con servizo de préstamo. Está dentro do programa de Mellora de Bibliotecas Escolares convocado pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Xunta de Galicia.
- Instalacións deportivas: Ximnasio e Pistas polideportivas para a práctica do baloncesto, balonmán, fútbol sala, etc.
- Comedor: Dependente da Consellería de Educación. Réxime de xestión indirecta con cociña propia. Conta con 300 prazas autorizadas no curso 2008/2009 e un horario de 14:00h a 16:00 horas.

- Gardería: Servizo de atención ao alumnado antes do horario de entrada. Está organizado pola ANPA e o seu horario é de 8:00 h a 9:00 horas.

Ademais o Centro conta con dous patios cubertos e dous patios descubertos.

## Actividades extraescolares e Complementarias

A ANPA organiza as ofertadas polo IMD (Escolas Deportivas Municipais). Entre as que salientan: natación, baloncesto, voleibol, atletismo, patinaxe, xadrez.

O Centro oferta as seguintes actividades: Baile galego, baile moderno, ballet, Iniciación á pintura, debuxo e pintura artística, Crea coas túas mans, informática, ximnasia predeportiva, ximnasia rítmica, patinaxe, baloncesto, fútbol sala, Integración coa Cruz Vermella.

O Centro desenvolve ao longo do curso diversas actividades complementarias en horario lectivo que teñen como obxectivo completar a formación do alumnado.





## 60. C.E.I.P. García Barbón

### Etapas educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Rúa Serafín Avendaño, 20. 36201 Vigo
Tfno. e fax	986 226 434
Correo elect.	ceip.garcia.barbon@edu.xunta.es
Horario de oficina	de 9:00 a 14:00 horas
Centro ao que está adscrito	IES Rosais II

O colexio García Barbón é un colexio plural e integrador. A educación e formación está baseada no respecto, na cooperación, na solidariedade e na tolerancia.

- Favorecer procesos interdisciplinares e de aprendizaxe significativa.
- Fomentar o coñecemento e o uso de técnicas de traballo intelectual.
- Impulsar hábitos de traballo.
- Responder adecuadamente ás necesidades de cada alumno/a.
- Garantir a orientación escolar.
- Garantir actividades complementarias.

Estase a desenvolver un proxecto de horto escolar para pór en contacto aos nenos e nenas coa natureza.


O alumnado recibe ensino de idioma estranxeiro dende os tres anos.

O centro dispón dos servizos de pedagogía terapéutica, audición e linguaxe e orientación.

A ANPA traballa activamente na organización e xestión do comedor escolar, organiza as actividades extraescolares e colabora na consecución de melloras de todo tipo para o colexio.

## Equipamento e instalacións

- Comedor (con prazas limitadas).
- Biblioteca.
- Aula de experiencias.
- Aula de Música.
- Aula de Informática.
- Aula de Idiomas.
- Sala de Usos Múltiples.
- Aula de Relixión.
- Pavillón deportivo.
- Pistas deportivas.
- Patio cuberto.
- Patio infantil con mobiliario.



## Actividades organizadas pola ANPA

- Obradoiro matinal e obradoiros vacacionais.
- Participación en conmemoracións e actividade complementarias.
- Organización das seguintes actividades extraescolares: Tenis, Patinaxe, Baloncesto, Pintura, Xogar coa Arte, Teatro, Xadrez, Ludoteca, Cerámica, Guitarra, Contacontos, Informática, Kung-Fu e Futbito.





## 61. C.E.I.P. Ramón y Cajal

### Etapas educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)

Enderezo	Rúa Marqués de Valterra, 8. Vigo
Tfno. e fax	986 293 409
Correo elect.	ceip.ramon.cajal@edu.xunta.es
Web	www.ramón-cajal.com
Horario de oficina	9:00 a 10:00 horas
Centro ao que está adscrito	IES República Oriental do Uruguai

O colexio está situado no centro da cidade. Dispón de tres unidades de educación infantil e seis de primaria. Funciona en horario de xornada continuada de 9:00 a 14:00 horas, ofrecendo servizos complementarios e extraescolares que permiten ao alumnado estar no centro dende as 8:00 ata as 18:00 horas.

É un centro público por tanto pluralista; aberto a todos/as; sen discriminación de ningún tipo que pretende formar bos cidadáns e boas cidadás. Réxese por un proxecto educativo consensuado e aprobado polo Consello Escolar. Cada curso escolar elabórase unha Programación Xeral, un proxecto a curto prazo, que partindo do contexto do centro e dunha avaliación interna planifica con visión de futuro os obxectivos a acadar.

Hai que destacar a capacidade de traballo en equipo e comunicación, tamén o afán de mellora na creación dun clima de respecto e esforzo; a capacidade de acollida cara a alumnos/as procedentes doutras culturas e a integración das novas tecnoloxías na práctica pedagóxica.

## Equipamento e instalacións

- Comedor.
- Biblioteca (horario lectivo de 15:00 a 16:00 horas).
- Aula de música, vídeo, tecnoloxía, informática, psicomotricidade, de apoio e de educación artística.
- Horto escolar (en proxecto).
- Patio cuberto e xardíns.



## Actividades organizadas pola ANPA

- Baile galego.
- Manualidades.
- Labores.
- Teatro.
- Baile moderno.
- Patinaxe.
- Atletismo.
- Fútbol Sala.
- Natación.
- Kárate.

En horario de 16:00 a 18:00 horas.





## 62. C.E.E. Saladino Cortizo

### Etapas educativas

Etapas educativas: Educación Especial, Tránsito a vida adulta, Programas de Cualificación Profesional Inicial

Enderezo	Carballal, 60 (Avda. do Aeroporto). 36318 Vigo
Tfno.	986 288 188
Fax	986 487 658
Correo elect.	cee.saladino.cortizo@edu.xunta.es
Web	centros.edu.xunta.es/ceesaladino/
Horario de oficina	de 9:30 a 11:30 horas

O centro sitúase na rúa Carballal, 60, na parroquia de Cabral. Este centro escolariza a alumnos/as en idades comprendidas entre os 6 e 21 anos e ten como obxectivo acadar o pleno desenvolvemento do alumnado en todas as súas facetas, traballando aspectos intelectuais e habilidades da vida cotiá.

Para acadar este obxectivo dispomos dos seguintes recursos:

Mestres especialistas en Pedagogía terapéutica · Mestres especialistas en Audición e Linguaxe · Mestres de taller · Reprografía · Carpintería · Peiteado · Xardinería · Psicólogo · Traballador social · Coidadoras para atender ás necesidades básicas dos/as nenos/as · Conserxe · Persoal de cociña e comedor · Persoal de limpeza.

## Transporte escolar

Tres liñas de autobús que percorren a cidade e tres furgonetas de transporte adaptado para nenos e nenas con problemas de mobilidade. Ademais, conta con dous servizos de taxi para nenos e nenas das aforas de Vigo.

## Equipamento e instalacións

- Comedor subvencionado pola Consellaría de Educación.
- Biblioteca de profesorado e de alumnos/as.
- Salón de actos.
- Instalacións deportivas: ximnasio, campo de fútbol e patio de recreo con canastras.
- Aulas de audición e linguaxe, vídeo, informática, psicomotricidade, fogar (na que o alumnado aprende destrezas e habilidades da vida cotiá), biblioteca escolar (na que se traballa a animación á lectura) e radio escolar (na que participan activamente os nenos/as do centro).
- Patio de xogos moi grande con zona arborada e un invernadoiro.

## Actividades organizadas pola ANPA

A ANPA é socia de Fadenga. Participan nas actividades deportivas organizadas por SPECIAL OLYMPICS E FEGADE-MPS e o alumnado asiste á piscina en horario escolar.





## 63. C.E.P. Caixanova

Etapas  
educativas

Educación primaria

(6-12 anos)

Enderezo	Rúa Filipinas, 4. 36204 Vigo
Tfno.	986 411 625
Fax	986 424 016
Correo elect.	ceip.caixanova@edu.xunta.es
Centro ao que está adscrito	IES Santo Tomé de Freixeiro

O C.E.P. “Caixanova” atópase situado no entorno da Praza de España e conta con horario lectivo de xornada continuada de mañá, que pode ser ampliada co servizo de comedor e actividades extraescolares.

Os obxectivos do centro virán recollidos nun proxecto educativo desenvolvido por unha programación xeral anual aprobada polo consello escolar e revisada cada fin de curso.

Somos un centro integrador e plural baseado nunha educación que fomente os valores de solidariedade, tolerancia, compromiso, igualdade, respecto ao medio ambiente, etc.

Así mesmo preténdese impulsar a participación, cooperación e corresponsabilidade do profesorado, o alumnado e as súas familias con reunións e asambleas periódicas. Tamén na colaboración coas institucións do noso contorno.

As linguas de aprendizaxe do alumnado son o galego e o castelán. Ofértase inglés dende o primeiro curso.

O C.E.P. “Caixanova” participa en diversos programas e proxectos educativos: Dependencia da escola, Proxectos de innovación educativa sobre valores democráticos.



## 64. E.H. Hospital Xeral

Etapas  
educativas

2º ciclo de educación infantil (3-6 anos)  
Educación primaria (6-12 anos)  
1º ciclo de ESO (12-14 anos)

Enderezo	Rúa Pizarro, 22. Vigo
Tfno.	986 816 000 (ext.15203)
Fax	986 816 029
Correo elect.	ah.xeralcies@edu.xunta.es
Horario de oficina	de 9:30 a 13:30 h e de 15:00 a 17:00 horas.

Centro creado no ano 1991 para atender os nenos e nenas ingresados no Sº de Pediatría do hospital Xeral-Cíes. Aténdense uns 1.600 nenos e nenas ao ano.

Os obxectivos fundamentais desta Escola de Pediatría do Hospital Xeral, son dous:

- Aminorar o impacto da hospitalización nos nenos e nenas creando un ambiente lúdico e distendido.
- Permitir a continuidade da escolarización pese á hospitalización.

Neste centro os nenos e nenas acoden de maneira voluntaria e realizan actividades docentes e lúdicas que lles permiten non romper coa súa vida normal fóra do hospital e distraelos/as da súa situación.

### Equipamento e instalacións

Biblioteca · Aula de informática.

## Xornadas de portas abertas

En marzo de 2010 nos centros de ensino público terán lugar as Xornadas de Portas Abertas. Estas xornadas teñen como finalidade que todas as persoas interesadas poidan coñecer as características e o funcionamento destes centros educativos.

Serán previsiblemente os días 2, 3 e 4 de marzo de 2010 nos horarios sinalados a continuación:

**Día 2: de 9:30 a 13:30 h e de 16:00 a 18:00 horas.**

**Días 3 e 4: de 9:30 a 13:30 horas.**

**Cómpre confirmar previamente con cada centro de ensino, de xeito particular, as datas concretas nas que se desenvolverán as Xornadas de Portas Abertas.**

Nestes días as persoas que se acheguen ao centro recibirán información sobre o funcionamento, as instalacións, as actividades que se realizan ou calquera outra de interese. Nalgúns centros proxectaranse vídeos.

As persoas que queiran coñecer un determinado centro e non poidan acudir nesas datas poden poñerse en contacto coa dirección para solicitar outro día.

## Admisión do alumnado

Con carácter xeral a matriculación do alumnado realízase no mes de marzo. En calquera caso poderán obter información e orientación sobre todos estes temas no teléfono 986 817 543 ou 986 817 544, da Inspección da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, sita na praza da Estrela da nosa cidade, ou no centro da súa elección.

# Institutos de Educación Secundaria



- |   |  |
|---|--|
| 65. Educación persoas adultas «Borbés»  | 79. IES República Oriental do Uruguai  |
| 66. Conservatorio de Música Superior    | 80. IES Rosais II                      |
| 67. Conservatorio de Música Profesional | 81. IES A Guía                         |
| 68. IES Santa Irene                     | 82. IES Coruxo                         |
| 69. IES San Tomé de Freixeiro           | 83. IES Teis                           |
| 70. IES Alexandre Bóveda                | 84. IES Beade                          |
| 71. IES Álvaro Cunqueiro                | 85. IES 2 de Valadares                 |
| 72. IES Politécnico                     | 86. IES Politécnico Marítimo Pesqueiro |
| 73. IES O Castro                        | 87. Escola Oficial de Idiomas          |
| 74. IES Castelao                        |  |
| 75. IES Carlos Casares                  |  |
| 76. IES Manuel Antonio                  |  |
| 77. IES Valentín Paz Andrade            |  |
| 78. IES Ricardo Mella                   |  |



## 65. E.P.A. “Berbés”

### Etapas educativas

### Persoas adultas

Enderezo	Marqués de Valterra, 8 · 1º. 36202 Vigo
Tfno.	986 225 579
Fax	986 441 599
Correo elect.	epa.berbes@edu.xunta.es
Web	www.epavigo.es
Horario de oficina	luns, mércores e venres de 09:30 a 13:00 e de 17:00 a 20:00 horas; martes e xoves de 10:00 a 13:00 e de 17:00 a 20:00 horas.

Este centro ten como finalidade a formación de todas aquelas persoas maiores de idade que desexan completar a súa formación básica e acadar os títulos de Graduado en Secundaria, e Bacharelato, ó tempo que melloran e promocionan na súa vida laboral.

Oferta educativa de carácter regrado:

· Ensinanzas presenciais:

E.B.I. (Ensinanzas básicas Iniciais) Nivel I (Alfabetización e Neolectores); Nivel II (preparación para a ensinanza Secundaria).

E.S.A. (Educación Secundaria Adultos) Nivel I (Módulos 1 e 2); Nivel II (Módulos 3 e 4). Cuadrimestral.

Español para estranxeiros.

## Oferta educativa de carácter regrado

· Ensinanzas presenciais:

E.B.I. (Ensinanzas básicas Iniciais)  
Nivel I (Alfabetización e Neolectores);  
Nivel II (preparación para a ensinanza Secundaria).

E.S.A. (Educación Secundaria Adultos)  
Nivel I (Módulos 1 e 2); Nivel II (Módulos 3 e 4). Cuadrimestral.

Español para extranxeiros.

· Ensinanzas semipresenciais:

E.S.A. Módulos 1, 2, 3 e 4. Cuadrimestral.

Bacharelato;modalidades: Humanidades e Ciencias Sociais; e Ciencias e Tecnoloxía.

· Ensinanzas a Distancia; colaboración co IES San Clemente de Santiago no Bacharelato telemático.

Oferta educativa de carácter non regrado:

· Acuarela, Informática Iniciación, Inglés Iniciación, Educación Vial (preparación para realización das probasteóricas do carnet de conducir para persoas con dificultades de lectoescritura).

· Curso Mentor a través de Internet con tutorías a través de correo electrónico: información en: [www.mentor.mec.es](http://www.mentor.mec.es)  
[avim0013@sauce.pntic.mec.es](mailto:avim0013@sauce.pntic.mec.es)

## Outras actividades

Asociación de alumnos/ase antigos/as alumnos/as que organizan cursos en colaboración co Centro e coa Vocalía da Muller.

## Equipamento e instalacións

- Biblioteca.
- Sala de usos múltiples.
- Laboratorio.
- Aula de tecnoloxía.
- Aula de informática.
- Aula Mentor



## 66. Conservatorio de Música Superior

Niveis  
académicos

Superior. Titulación superior

Enderezo	Rúa Manuel Olivié, 23. 36203 Vigo
Tfno.	986 471 144
Fax	986 481 807
Correo elect.	cmus.vigo@edu.xunta.es
Horario de oficina	de 9:00 a 13:00 horas

Impártense estudos de grao superior, das especialidades instrumentais (todas as orquestrais agás arpa e cravo), así como tamén as de guitarra, composición, instrumentos de música tradicional, canto e pedagogía.

Impártense os seguintes idiomas: alemán, francés, inglés e italiano aplicados á materia de canto.

Realízanse intercambios culturais con Francia, Alemania e colaboracións con Portugal.

Ao longo do curso organizamos unha gran variedade de actividades culturais no Auditorio Martín Códax, das cales se poden informar no propio centro.

### Equipamento e instalacións

Superficie de 7.000 m<sup>2</sup> · Biblioteca con servizo de préstamo e de fonoteca · Aulas de informática · Auditorio (300 prazas) · Xardíns e cafetería.



## 67. Conservatorio de Música Profesional

Niveis  
académicos

Elemental e medio. Titulación: media

Enderezo	Rúa Felipe Prósperi, s/n. 36209 Vigo
Tfno.	986 213 395
Fax	986 206 131
Correo elect.	cmus.profesional.vigo@edu.xunta.es
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/cmus.profesional.vigo">http://centros.edu.xunta.es/cmus.profesional.vigo</a>
Horario de oficina	de 9:00 a 13:30 horas

Impártense ensinanzas de Grao Elemental e Profesional, todas as especialidades da orquestra sinfónica, ademais de canto, piano, guitarra, acordeón e gaita.

Actividades de intercambio musicais con outros centros profesionais de España.

Organízanse ciclos de concertos ao longo de todo o curso.

### Equipamento e instalacións

Superficie 3.800 m<sup>2</sup> · Biblioteca e fonoteca · Auditorio (167 butacas) · Cabinas de estudio.

### Actividades do ANPA

Organización de cursos e clases maxistras, financiamento doutras actividades extraescolares.



## 68. IES Santa Irene

Enderezo	Praza de América, 7. Vigo
Tfno.	986 231 162 / 986 233 799
Fax	986 210 435
Correo elect.	<a href="mailto:ies.santairene@edu.xunta.es">ies.santairene@edu.xunta.es</a>
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/iessantairene">http://centros.edu.xunta.es/iessantairene</a>
Horario de oficina	9:30 a 14:00 h.
Centros adscritos	CEIP Altamar e CEIP Canicouba

O centro dará especial relevancia á adquisición de hábitos intelectuais e técnicos de traballo así como coñecementos científicos e humanísticos para participar na vida socio-cultural. Esta formación do alumnado estará integrada no respecto aos valores democráticos.

Realízanse intercambios culturais.

## Niveis académicos

- ESO.
- Bacharelato: Ciencias da natureza e da súde e humanidades e ciencias sociais.
- Bacharelato de adultos e EPA (niveis III e IV).

## Equipamento e instalacións

- Superficie axardinada e patio exterior (5.194 m<sup>2</sup>).
- Aulas de audiovisuais, música, tecnoloxía, debuxo e informática.
- As aulas de bacharelato están dotadas de sistema informático e proxector de vídeo coa su correspondete pantalla.
- Instalación de WIFI.
- Laboratorios de bioloxía e física e química.
- Paraninfo.
- Cafetería.
- Como instalacións deportivas utilízanse as do Instituto Municipal de Deporte.

## Outra información de interese

- O centro conta con grupo de teatro (Spasmo) e edita unha revista escolar (Trégola).
- O departamento de música convoca xornadas de portas abertas para celebrar as festividades de Nadal, Santa Cecilia, Día das Letras Galegas e Fin de curso.





## 69. IES San Tomé de Freixeiro

Enderezo	Gran Vía s/n. Vigo
Tfno.	986 231 667
Fax	986 213 969
Correo elect.	<a href="mailto:ies.santome.freixeiro@edu.xunta.es">ies.santome.freixeiro@edu.xunta.es</a>
Horario de oficina	de luns a venres, de 9 a 14 h.; xoves pola tarde.
Centros adscritos	Colexio Compañía de María, Colexio Carmelitas, Colexio Miralba, CEIP Lope de Vega e CEIP Caixavigo.

O instituto funciona dende 1962, inicialmente era un instituto só feminino, baixo a denominación de Instituto Nacional de Bachillerato Femenino “Nuestra Señora de la Guía”, en 1981, transformouse en Instituto Mixto adoptando como nome o da parroquia viguesa de Freixeiro na que estaba situado (Instituto de Bachillerato San Tomé de Freixeiro), en 1998 nun afán de galeguizar axeitadamente a súa denominación, transfórmase no “IES San Tomé de Freixeiro”.

Realízanse intercambios culturais cos seguintes países: Francia e Holanda.

O centro participa nos programas europeos: Comenius 1 e 2.

Actividades complementarias: teatro, fotografía, cursos de guitarra, internet.

## Niveis académicos

- ESO.
- Bacharelato.
- Educación de adultos, nivel III de EPA, e Bacharelato Adultos.
- Idiomas: francés e inglés.
- Impártese informática en ESO.

## Equipamento e instalacións

O instituto conta con 803 m<sup>2</sup> de superficie útil repartidos en 4 andares e que acollen un total de:

- 26 aulas teóricas.
- 5 aulas prácticas (laboratorios de idiomas, física, química, ciencias naturais, e aula de tecnoloxía).
- 2 salas de medios audiovisuais.

- Aulas de informática, música e proxecións.
- 2 salas de debuxo técnico e artístico/modelado.
- 1 biblioteca.
- 1 ximnasio cuberto.
- 1 salón de actos.
- 13 seminarios didácticos e diversas dependencias destinadas a despachos.
- Salas de profesores, xuntas e de atención a pais e nais.
- Departamento de orientación.
- Oficinas.
- Conserxería.
- Cafetería.
- Patio de 3.000 m<sup>2</sup> e xardín.





## 70. IES Alexandre Bóveda

Enderezo	Rúa Cuntis s/n. 36209 Vigo
Tfno.	986 292 812
Fax	986 292 816
Correo elect.	ies.alexandre.boveda@edu.xunta.es
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/iesalexandreboveda">http://centros.edu.xunta.es/iesalexandreboveda</a>
Horario de oficina	de 9 a 14 h.
Centros adscritos	CEIP Seis do Nada, CEIP de Balaídos e CEIP Pintor Laxeiro.

Contamos con PEC aprobado polo Consello Escolar. O IES Alexandre Bóveda maniféstase laico, plural, democrático, galego e busca a integración co noso contorno. O noso centro concibe a educación como unha formación da persoa rexida polos principios de coeducación, integración, dereito á diferenciación, educación compensatoria e fomento do espírito crítico, actitudes e valores.

Propugnamos unha xestión democrática e participativa. Comprometémonos a potenciar a nosa lingua e cultura a través da interdisciplinariedade.

O noso centro está adaptado para o alumnado con discapacidade motoras, tamén dispón de Departamento de Orientación e Equipo de Normalización Lingüística con publicación anual dunha revista.

Actividades complementarias e extraescolares:

- Viaxes culturais a distintas partes de Vigo, Galicia e España. Unha viaxe cultural anual as capitais máis importantes de Europa.
- Actividades deportivas: balonmano, taekwondo, voleibol, fútbol.

## Niveis académicos

- ESO.
- Bacharelato.
- Científico-Técnico.
- Humanidades e Ciencias Sociais.
- Artes Escénicas, Música e Danza (impartido en aulas do Conservatorio Profesional de Música de Vigo).
- No noso centro hai tamén funcionando unha extensión da Escola Oficial de Idiomas de Vigo.

## Equipamento e instalacións

- Superficie de 10.000 m<sup>2</sup>.
- Ximnasia e pista polideportiva.
- Biblioteca acollida ao Plan de Mellora de Bibliotecas de Galicia.
- Aulas de vídeo, idiomas, música, tecnoloxía, debuxo, informática e plástica.
- Aulas de audición e linguaxe, pedagogía terapéutica e diversificación.
- 2 aulas de informática conectadas a Internet.
- Laboratorios de física e química e bioloxía.



- Salón de actos con capacidade para 200 persoas.
- Cafetería.
- Patio cuberto e ao aire libre e xardíns.

## Outra información de interese

- Hai formado un grupo de matemáticas.
- Hai formado un Club de Lectura de alumnado e profesorado.
- Edítase unha revista ecolar.
- O centro conta con Regulamento de réxime interno.
- Hai servizo de transporte escolar (Baíaídos, Florida e Praza de América).





## 71. IES Álvaro Cunqueiro

Enderezo	Rúa O Porriño s/n. Vigo
Tfno.	986 298 892
Fax	986 298 926
Correo elect.	<a href="mailto:ies.alvaro.cunqueiro@edu.xunta.es">ies.alvaro.cunqueiro@edu.xunta.es</a>
Horario de oficina	de 9 a 14 h.
Centros adscritos	CEIP Escultor Acuña, CEIP Javier Sensat e CEIP Virxe do Rocío

Defensa dos valores de tolerancia, respecto, convivencia, traballo e amor ao estudo. realízanse intercambios culturais cos seguintes países Francia, Reino Unido e Estados Unidos de América.

## Niveis académicos

- ESO.
- Bacharelato: ciencias da natureza e da saúde; ciencias sociais e humanidades.
- Idiomas: inglés e francés.
- Informática: como materia optativa en 4º de ESO e como actividade extraescolar.

## Equipamento e instalacións

- Pista polideportiva cuberta.
- Ximnasio e pista polideportiva exterior.
- Patio cuberto.
- Biblioteca con servizo de préstamo.
- Aula de informática con 16 equipos e internet.
- 2 aulas de idiomas, 1 de plástica, 1 de música, 2 de vídeo e 1 de tecnoloxía.
- Laboratorios de física e química e ciencias naturais.
- Salón de actos con capacidade para 200 persoas.
- Cafetería.

## Outra información de interese

Actividades extraescolares: escola de badminton, actividade física para a saúde e grupo de teatro “Aulatalía”. Edítase a revista “O Trasno”.

A ANPA, en activo, xestiona servizos relacionados coas actividades extraescolares e complementarias.





## 72. IES Politécnico

Enderezo	Rúa Torrecedeira, 88. 36208 Vigo
Tfno.	986 213 025
Fax	986 208 175
Correo elect.	ies.politecnico.vigo@edu.xunta.es
Web	www.politecnico.info
Horario de oficina	Todos os días de 9:00 a 14:00, e martes e xoves de 16:00 a 21:00.
Centros adscritos	CEIP Emilia Pardo Bazán, CPR Daniel Castela, Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro, CPR Aloya, CPR Colexio Hogar Caixanova, CPR Vivas, CPR San Miguel, CPR Fillas María Inmaculada, CPR Vivas, CPR Cebem, Escola Deportiva Constantino Castro Ruso, CIFP de Coia

Centro urbano con un funcionamento moi intenso, nel conviven moitas ensinanzas, as actividades lectivas iníciase as 8:10 e rematan as 22:10.

E centro de referencia na Formación Profesional e no Bacharelato de Artes.

### Niveis académicos

ESO · BACHARELATO (réxime ordinario): Modalidade de Artes e Ciencias, con horarios de mañá e vespertino · Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía en réxime ordinario, con horarios de mañá e vespertino · BACHARELATO: Modalidade de Artes e Ciencias e Tecnoloxía en réxime de persoas adultas

- CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO (réxime ordinario):
- Equipos e instalacións electrotécnicas.
- Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e conducción de liñas.
- Mecanizado.
- CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR (réxime ordinario):
- Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas.
- Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción.
- Realización e plans de obra.
- Instalacións electrotécnicas.
- Sistemas de regulación e control automáticos.
- Mantemento de equipo industrial.
- Prevención de riscos profesionais.
- Programación da produción en fabricación mecánica.
- CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO (réxime persoas adultas):
- Equipos e instalacións electrotécnicas.
- Mecanizado.
- CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR (réxime persoas adultas):
- Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas.
- Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción.
- Instalacións electrotécnicas.



- Sistemas de regulación e control automáticos.
- Programación da produción en fabricación mecánica.
- PROGRAMS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL (PCPI):
- Fabricación mecánica.
- Instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións.
- ESA: Educación Secundaria para Adultos.
- Mod. III - IV.

## Equipamento e instalacións

- Salón de actos con 250 butacas.
- Ximnasio polideportivo cuberto e patio interior.
- Biblioteca con mais de 20.000 volumes.
- Laboratorios de Ciencias, Física e Química, Tecnoloxía, Taller Artístico, ...
- Aulas específicas de Música, Artes, Informática, ...
- Aulas específicas e Talleres para os ciclos de Formación Profesional.
- Cafetería.
- Rede de datos en todas as aulas.





## 73. IES O Castro

Enderezo	Rúa José Gómez Posada-Curros, 1
Tfno.	986 422 974
Fax	986 423 063
Correo elect.	ies.docastro@edu.xunta.es
Web	edu.xunta.es/centros/iesdocastro
Horario de oficina	Mañá: Luns a venres de 9 a 14 horas. Tarde: Luns e mércores de 16 a 18 horas
Centros adscritos	C.E.P. Dr. Fleming

O instituto desenvolve o labor fundamental de formación e transmisión de coñecementos nun clima de respecto mutuo e fomentando os valores de igualdade, solidariedade e tolerancia.

Préstase especial atención á diversidade con agrupamentos específicos e grupos de diversificación curricular, pero tamén buscando a excelencia ao ter implantado o Bacharelato Internacional.

Promóvense: a lectura coa dinamización da biblioteca, o uso do galego a través do departamento de Normalización Lingüística, as novas tecnoloxías co Plan de TICs e a as relacións con centros europeos participando nos Programas Comenius.

## Niveis académicos

- ESO
- Bacharelato:
- Modalidade de Ciencias e Tecnoloxía
- Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais

## Equipamento e instalacións

- Biblioteca/Mediateca
- Ximnasio e Pista Polideportiva
- Aulas específicas de Música, Tecnoloxía ESO, Tecnoloxía Bacharelato, Plástica, Informática I, Informática II e Apoi.
- Laboratorios de Física, Química e Bioloxía.
- Cafetería



## Outra información de interese

Promóvense actividades extraescolares, deportivas, intercambios e viaxes culturais.





## 74. IES Castelao

Enderezo	Rúa Aragón 20 · 22. 36206 Vigo
Tfno.	986 274 050
Fax	986 274 779
Correo elect.	<a href="mailto:ies.castelao.vigo@edu.xunta.es">ies.castelao.vigo@edu.xunta.es</a>
Web	<a href="http://www.iescastelao.com">www.iescastelao.com</a>
Horario de oficina	9:00 · 14:45
Centros adscritos	C.E.I.P. Pombal e C.E.I.P. A Doblada

O IES Castelao é un centro público de Ensino Secundario Obrigatorio e Bacharelato dependente da Xunta de Galicia, cunha capacidade para uns 800 alumnos/as de idades comprendidas entre os 12 anos (1º E.S.O.) e os 17-18 anos (2º de bacharelato).

Está situado no barrio de O Calvario. É un barrio en expansión e con gran crecemento.

É un centro de eldade, solidariedade, tolerancia e pluralidade. Promoverá a participación na xestión e na vida do centro de todos os sectores implicados nesta.

## Niveis académicos

Imparte, en réxime ordinario, a Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O.) e dúas modalidades de bacharelato -o de Ciencias e Tecnoloxía, e o de Humanidades e Ciencias Sociais-.

Ofrece, tamén, a ensinanza en réxime de adultos tanto en Bacharelato -na modalidade de Ciencias e Tecnoloxía e na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais -, como na E.S.A. (nivel III e IV de Educación Secundaria Obrigatoria).

Entre as medidas de atención á diversidade ofrecemos un Programa de Diversificación Curricular (P.D.C.) de dous anos, Agrupamentos Específicos en 1º e 2º de ESO e apios en diversas materias.

## Equipamento e instalacións

Conta cunha superficie construída de 4.042 m<sup>2</sup>, distribuídas en tres andares onde se atopan as aulas, os departamentos e os laboratorios. Ten un salón de actos con capacidade para 175 alumnos/as.



Entre as aulas específicas destacan: Aula de audiovisuais, Laboratorio de idiomas, Aula de informática, Aula de Debuxo, Aula de Música, Aula de Tecnoloxía.

A Biblioteca conta con máis de 10.000 volumes.

Conta cun pavillón de deportes cuberto e unha pista deportiva exterior cuberta.

## Outra información de interese

Ao longo do curso realízanse un gran número de actividades desenvolvidas polos diferentes Departamentos didácticos e coordinados pola Vicedirección. Entre todas elas pódense destacar as actividades do programa “Vigo por dentro”, as do Equipo de Normalización Lingüística e da Biblioteca (elaboración da Revista do Centro, Corre Lingua, Festa dos maíos, etc.), as visitas a casa das Ciencias de A Coruña, a cidade de Santiago...





## 75. IES Carlos Casares

Enderezo	Avda. de Madrid s/n. Vigo
Tfno.	986 376 650 / 986 376 211
Fax	986 375 381
Correo elect.	ies.carlos.casares@edu.xunta.es
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/iescarloscasares">http://centros.edu.xunta.es/iescarloscasares</a>
Horario de oficina	9:00 a 14:00
Centros adscritos	CEIP Chans-Bembrive, CEIP Carballal, CEIP Santa Mariña, CEIP Igrexa-Candeán.

No IES Carlos Casares pretendemos darlle ao noso alumnado unha formación sólida adaptada ás súas necesidades e circunstancias persoais. Para nós é fundamental que todos/as obteñan a titulación que lles permita acceder a estudos superiores ou ao mundo laboral, para iso coidamos moito tanto o nivel de coñecementos como o que ten que ver coa atención á diversidade.

O trato personalizado ao alumnado e as súas familias é outro dos aspectos que marcan a nosa forma de entender o ensino.

Nos últimos cursos estase a dar un maior pulo ao ensino dos idiomas (inglés e francés) e a canto ten que ver coa Biblioteca Escolar.

## Niveis académicos

- ESO
- Bacharelatos Científico Tecnolóxico e de Humanidades e Ciencias Sociais.
- PCPI con varios perfís profesionais.

## Equipamento e instalacións

- Laboratorio de Física, Química, Bioloxía e Xeoloxía.
- Aulas de Informática.
- Aulas de audiovisuais, Música e Plástica.
- Talleres de Tecnoloxía e de Electrotecnia.
- Biblioteca incluída no Plan de Mellora de Bibliotecas.
- Ximnasio.
- 2 pistas polideportivas.
- Salón de actos con capacidade para 300 persoas.

## Outra información de interese

Actividades transversais: temas transversais multidisciplinares concibidos como núcleo para as intencións educativas e asumidas pola totalidade do profesorado do Centro.

Contidos dirixidos a fomentar as capacidades fundamentais: pensamento crítico, creativo, resolucións de problemas e toma de decisións. Actividades de investigación e traballo en equipo (educación ambiental, do consumidor, moral e cívica, para a igualdade de oportunidades, para a paz, para a saúde, sexual e vial).

- Dispoñemos de cafetería na que se serven comidas os luns, que é o único día con horario de mañá e tarde.
- Transporte escolar con liñas que percorren practicamente todas as zonas da cidade.

## Actividades complementarias

No propio Centro:

- Charlas, conferencias e teatro para todos os niveis.
- Obradoiro de teatro e informática os luns de 15:00 a 16:30 horas opcional para os alumnos/as da ESO.
- Conmemoracións: Samaín e magosto (Samagostín), Nadal, Entroido, Letras Galegas, Día do Libro, Día do Medioambiente, etc.
- Revista escolar.
- Fóra do Centro: saídas a cine, teatro, exposicións con protagonismo da ANPA, que subvenciona os traslados con servizo de autobús.

## Actividades extraescolares:

- Viaxe á neve para 2º da ESO.
- Viaxe de fin de curso para 4º da ESO
- Viaxe cultural a Madrid ou Barcelona para 1º de Bacharelato.



## 76. IES Manuel Antonio

Enderezo	Avda. de Madrid s/n. Vigo
Tfno.	986 273 800
Fax	986 253 907
Correo elect.	ies.manuel.antonio@edu.xunta.es
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/iesmanuelantonio">http://centros.edu.xunta.es/iesmanuelantonio</a>
Horario de oficina	9:00 a 14:00
Centros adscritos	CEIP Mosteiro-Bembrive

O Instituto de Educación Secundaria Manuel Antonio de Vigo foi construído, conxuntamente co Centro Residencial Docente (CREDO), en 1976 como Centro de Universidades Laborais dependente do Ministerio de Trabajo.

Na actualidade é un centro público de ensinanza secundaria obrigatoria (ESO) e postobrigatoria (Bacharelatos e Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior), dependentedaConselleríadeEducaciónOrdenaciónUniversitariadaXuntadeGalicia.

O centro, ubicado na ladeira do Meixoeiro, ocupa unha superficie de 52.600 m<sup>2</sup>, e salienta pola orixinalidade da súa construción e a integración na paixase, pola peculiar combinación de módulos rectangulares e poligonais en diferentes alturas, comunicados entre si por corredores porticados, sendo o material de construción o formigón prefabricado. O Centro goza dunhas amplas zonas verdes cunha gran variedade de especies de flora e fauna arbóreas.

O IES Manuel Antonio ten como misión impartir un ensino de calidade, onde se conxuga a responsabilidade coa liberdade a través dunhas normas de convivencia dentro dun espírito independente, tolerante e comprometido. Ofrecendo un servizo educativo aberto ás innovacións e requerimentos de toda a comunidade educativa, tendo en conta as peculiaridades individuais do alumnado, posibilitándolles o desenvolverse a nivel persoal, permitíndolles progresar no mundo académico e laboral, e preparándolles para a vida.

## Niveis académicos

- Ensino Secundario Obrigatorio.
- Bacharelato de Ciencias e Bacharelato de Humanidades.
- Ciclos Formativos de Grado Medio  
Familia Profesional de Hostalaría e Turismo:
  - CM Cociña e Gastronomía.
  - CM Servizos de Restauración.
- Familia Profesional de Química:
  - CM Laboratorio.
- Familia Profesional de Têxtil:
  - CM Confección e Moda.
- Familia Profesional de Industrias Alimentarias:
  - CM Panificación, Repostería e Confitería.
  - Ciclos Formativos de Grado Superior:
    - Familia Profesional de Hostalaría.
    - CS Restauración.
    - Familia Profesional de Química.
    - CS Laboratorio de Análise e Control da Calidade.
    - CS Química Ambiental.
- Familia Profesional de Sanidade:
  - CS Anatomía Patolóxica e Citoxía.
  - CS Laboratorio de Diagnóstico Clínico.
  - CS Prótese Dental.
  - Ciclos Formativos de Grado Medio e Superior en oferta modular para as persoas adultas impartidos en quenda vespertina.
  - ZM Cociña e Gastronomía.
  - ZM Servizos de Restauración.
  - ZS Laboratorio de Análise e Control da Calidade.
  - ZS Laboratorio de Diagnóstico Clínico.



## Equipamento e instalacións

- Biblioteca.
- Pavillón de deportes.
- Salón de actos.
- Aulas de: música, tecnoloxía, plástica.
- Laboratorios de Física e Ciencias.
- 5 aulas multimedia.
- Aula de idiomas.
- 6 laboratorios de Química.
- 4 laboratorios de Sanitaria.
- 2 laboratorios de protésico dental.
- 2 Obradoiros de panadería e pastelería.
- 2 Obradoiros de cociña.
- 1 Aula-taller de restaurante.
- 1 Aula-taller de cafetería bar.

## Outra información de interese

### Plans de Mellora:

- Convivencia.
- Biblioteca.
- Tecnoloxías da información e comunicación.
- Xestión do centro.
- Proxecto FP PLUS Emprande (Viveiro de empresas).
- Xestión de bolsa de emprego.
- Convenios de colaboración para a realización da formación en centros de traballo, en empresas do sector público e privado punteiras do tecido produtivo químico, têxtil, sanitario e turístico.





## 77. IES Valentín Paz Andrade

Enderezo	Estrada vella de Madrid, 160. Vigo
Tfno.	986 270 904
Fax	986 270 908
Correo elect.	ies.paz.andrade@edu.xunta.es
Web	<a href="http://usuarios.lycos.es/iesvpazandrade">http://usuarios.lycos.es/iesvpazandrade</a>
Horario de oficina	9:00 a 14:00
Centros adscritos	CEIP Fonte Escura, CEIP Sello.

Ensino público de calidade, laico e plural. Fomento dos valores democráticos, educación para a paz, interculturalidade, coeducación e actitudes tolerantes en xeral.

Participación en programas municipais e europeos.

premio de innovación educativa da Xuntas de Galicia nestes temas transversais.

Niveis académicos

ESO

Bacharelato: tecnolóxico e humanidades; ciencias sociais.

PCPI

Clicos formativos de grado medio: carrozaría, electromecánica de vehículos, fabricación á medida e instalación de carpintaría e moble, montaxe e mantemento de instalacións de frío, climatización e produción de calor, soldadura e caldeiraría.

Ciclos formativos de grado superior: automoción, axencia de viaxes, construcións metálicas, desenvolvemento de produtos de carpintaría e moble, información e comercialización turística, mantemento de instalacións térmicas e de fluídos.

## Equipamento e instalacións

- Superficie de 30.000 m<sup>2</sup>.
- Aparcadoiro.
- Ximnasio e pista polideportiva.
- Biblioteca con servizo de préstamo.
- Aulas de informática para ESO, bacharelato e específicas para os ciclos.
- Laboratorios de bioloxía, ensaios de ciclos, física e química.
- Cafetería. Ofrece comidas.
- Salón de actos dotado de medios audiovisuais con capacidade para 300 persoas.
- Aulas de Tecnoloxía.
- Sala de Audiovisuais.
- Aula de Pedagogía Terapéutica de apoio para ESO.
- Aulas de debuxo.
- Aulas de música.
- Aula de plástica - educación artística.
- Patio de 16.000 m<sup>2</sup> e xardín.
- 2 salas de visitas.
- 13 obradoiros con grandes instalacións, algúns deles con máis de 300 m<sup>2</sup>.



## Outras informacións de interese:

Edición da revista "A miñoka", que convoca os premios Valentín Paz Andrade.





## 78. IES Ricardo Mella

Enderezo	Estrada vella de Madrid, 177. 36214 Vigo
Tfno.	986 253 711
Fax	986 260 726
Correo elect.	ies.ricardo.mella@edu.xunta.es
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/iesricardomella">http://centros.edu.xunta.es/iesricardomella</a>
Horario de oficina	9:00 a 14:00
Centros adscritos	CEIP Fonte Escura, CEIP Sello, CEIP Valle Inclán.

O IES Ricardo Mella basea o seu proxecto educativo no fortalecemento dos hábitos de convivencia democrática, baseados na participación, a tolerancia, a non discriminación, a solidariedade e a paz.

Trabállanse tamén aspectos relacionados coa educación para a saúde, a protección do ambiente e a educación en valores.



## Niveis académicos

ESO. En réxime ordinario, adultos e Distancia semipresencial.

2º curso de módulos voluntarios dos PCPI.

BACHARELATOS: Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía (réxime ordinario e adultos) e Bach de Humanidades e Ciencias Sociais (adultos).

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO (en réxime ordinario e en oferta modular para adultos): Xestión Administrativa/Equipos Electrónicos de Consumo e Coidados Auxiliares de Enfermería.

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR:

- Solo en réxime ordinario: Desenvolvemento de Produtos Electrónicos/Saúde Ambiental/Imaxe para o Diagnóstico/Secretariado (cunha sección bilingüe).
- En réxime ordinario e en oferta modular para adultos: Sistemas de Telecomunicación/Informáticos/Administración Finanzas.

PROGRAMAS DE CUALIFICACION PROFESIONAL INICIAL (PCPI): PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións e PCPI de servizos administrativos

ENSINO LINGUAS EXTRANXEIRAS (Inglés): Programa CUALE (grupos para alumnado de ciclos formativos e grupos para profesorado de centros educativos).



## Equipamento e instalacións

- Superficie de 17.950 m<sup>2</sup>.
- Biblioteca con 14.000 volumes e ordenadores con conexión a Internet (con servizo de préstamo).
- Salón de actos con 170 prazas.
- Cafetería de 160 m<sup>2</sup>.
- Laboratorios de Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía, Tecnoloxía e Idiomas.
- Ximnasio, pista polideportiva cuberta e ao aire libre.
- Aulas e talleres adaptados a cada un dos ciclos, amplamente dotadas de ordenadores e cañóns, específicos para cada ciclo.
- Conexión Wifi, de acceso libre para o alumnado, na biblioteca, cafetería e pavillón central do Instituto.
- Emisora escolar “Onda Xove Radio Meixoeiro FM 104.5.(dende o ano 1987).
- Emisión por internet.

## Outras informacións de interese

- O centro ten contacto con prestixiosas empresas da cidade de Vigo, para que o noso alumnado de formación profesional, curse nelas o módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT).
- O centro conta cun grupo estable de teatro, composto por alumnado e profesorado do centro (AULA OO).





## 79. IES República Oriental do Uruguai (Rosais I)

Enderezo	Rúa Coutadas, 54. Vigo
Tfno.	986 272 324 / 986 272 481
Fax	986 272 722
Correo elect.	<a href="mailto:ies.republica.uruguai@edu.xunta.es">ies.republica.uruguai@edu.xunta.es</a>
Horario de oficina	9:00 a 14:10; luns, de 16:30 a 18:10
Centros adscritos	CEIP Frián-Teis e CEIP Ramón y Cajal.

O centro é laico, plural, tolerante, gratuito e de calidade. Aspira a educar aos alumnos e ás alumnas como cidadáns de pleno dereito nunha sociedade plural e democrática, cunha dimensión europea e internacional. Para acadalo promoverá a participación en proxectos educativos e intercambios que propicien o coñecemento mutuo, a creación dunha conciencia europea e internacional como sólida base da tolerancia. Ao mesmo tempo procurará o desenvolvemento das capacidades e destrezas do alumnado para facer fronte aos problemas, así como unha formación académica científica e sólida.

## Niveis académicos

· ESO:

1. Sección Bilingüe: Impártense materias do Currículo oficial da E.S.O. en Inglés.

2. Ensinanzas cofinanciadas cocargo ao Fondo Social Europeo (F.S.E.):

Programa de Diversificación Curricular (P.D.C.) para 3º e 4º de E.S.O.

Agrupamentos específicos en 1º e 2º de E.S.O.

3. Plan Proa: Programa de Reforzo, Orientación e Apoio en 1º e 2º de E.S.O., fóra do horario lectivo, polas tardes, e impartido por profesorado específico.

· Bacharelato: Modalidades (Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais).

## Equipamento e instalacións

· Superficie total duns 15.000 m<sup>2</sup>.

· Biblioteca con 15.000 volumes, con Clube de lectura e dotada de ordenadores con acceso libre a Internet, a disposición do alumnado.

· Departamento de Orientación con Orientador e profesora de Pedagogía Terapéutica.

· Aula de Música dotada de equipamentos audiovisuais.

· Aula adicada á Sección Bilingüe.

· Dúas aulas de Informática.

- Aula de Tecnoloxía cunha superficie de 150 m<sup>2</sup>.

· Aula de Debuxo cunha superficie de 90 m<sup>2</sup>.

· Aulas de Apoio e de Atención á Diversidade.

· Laboratorios de Física, Química e Ciencias.

· Pavillón deportivo cunha superficie de 2.000 m<sup>2</sup> e dotado con vestiarios climatizados e duchas.

· Dúas pistas polideportivas.

· Ascensor para persoas con discapacidade.

· Salón de actos con capacidade para 250 persoas sentadas.

· Patios cubertos, xardíns e recinto pechado en todo o perímetro, con apertura centralizada controlada desde a Conserxería.

· Aparcadoiro para coches, motocicletas e bicicletas.

· Servizo de Cafetería.

## Outras informacións de interese:

Edítase unha revista escolar. Participase en “El País de los estudiantes”. Convócanse xornadas de portas abertas: data a determinar en cada curso.





## 80. IES Rosais II

Enderezo	Rúa Coutadas, s/n. 36207 Vigo
Tfno.	986 378 181
Fax	986 375 115
Correo elect.	ies.rosais.2@edu.xunta.es
Horario	8:30 a 20:30 · Clases: 9:00 a 14:40 h e luns de 16:00 a 18:30 h.
Centros adscritos	CEIP Vicente Risco e CEIP García Barbón.

Instituto de Secundaria cuxo eixe metodolóxico se orienta hacia o tratamento individualizado do alumno e a concepción do Centro como un lugar de ambiente ordenado, con instalacións cuidadas e o respecto mutuo que favorezca o proceso ensinanza/aprendizaxe.

En colaboración constante coas nais e pais de alumnos, búscase a excelencia, a través dun trato cortés pero entendendo o esforzo e a disciplina persoal como valores de progreso.

## Niveis académicos

### ESO

Bacharelato: Ciencias, CC. Sociais e Humanidades.

Idiomas: inglés, francés e alemán.

3 Liñas de bus escolar/ESO

## Equipamento e instalacións

- 5.430 m<sup>2</sup> de superficie.
- Aparcadoiro
- Pavillón e pista polideportiva.
- Biblioteca con servizo de préstamo (12.000 volumes)
- 2 Aulas de informática.
- 3 Laboratorios de física, química e ciencias naturais.
- Cafetería con servizo de comidas (luns).
- Aulas de Audiovisuais, Idiomas, Música, Tecnoloxía e Debuxo e Sala de Actos.
- Departamento de Calidade.

## Actividades extraescolares

1. Periódicas: English conversation group · Alemán (nivel inicial) · Escola de Hockey · Escola de Baloncesto · Liga de fútbol/sala
2. Non periódicas: Elabórase un plan anual que inclúe concertos, conferencias, exposicións, visitas culturais... gradadas segundo niveis educativos. Os

alumnos realizan unha viaxe a Italia en 2º Bacharelato e prográmanse viaxes a Francia (Programa europeo Sócrates) e Alemania, como intercambios o apoios lingüísticos.

3. Actividades de Orientación Profesional: Establécese un ciclo, para o alumnado de 2º e 1º de Bacharelato, que inclúe charlas con profesorado e alumnado universitario (ex-alumnos do Centro), proxeccións e visitas ás instalacións da Universidade.

Funciona, ademáis, un Departamento de Orientación con dous orientadoras que asesoran a alumnos e familias.

## Outra información de interese

O Instituto recibiu formación na Rede G2 de Calidade, de Centros da Consellería, polo que o seu Departamento de Calidade intenta mellorar os resultados a través da avaliación do proceso de ensinanza/aprendizaxe de contidos e valores. Coordina un proxecto de autoprotección.

Celébranse xornadas de Acollida para as familias dos alumnos novos de 1º ESO (setembro) e 1º Bacharelato (outubro) ANPA en activo.





## 81. IES A Guía

Enderezo	Avda. Dona Fermina, 1. 36207 Vigo
Tfno.	986 375 111
Fax	986 263 371
Correo elect.	ies.guia@edu.xunta.es
Horario de oficina	9:00 a 14:10
Centros adscritos	CEIP Paraixal, CEIP Pondal, C° Breogán e CEIP Sta. Tegra

Educación no respecto á diversidade, responsabilidade e solidariedade. Avaliación continua e formativa. Organización participativa e democrática. Normalización do galego como lingua vehicular.

### Niveis académicos

ESO (sección bilingüe en inglés) · Bacharelato: Ciencia e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais · Ciclos Formativos de Grao Medio: Comercio · Ciclos Formativos de Grao Superior: Comercio Internacional, Animación de Actividades Físicas e Deportivas Réxime de Adultos: Ciclo Formativo de Grao Superior Xestión do Transporte (oferta modular).

### Equipamento e instalacións

Pavillón cuberto · Biblioteca con servizo de préstamo · 4 aulas de informática (aposta polo software libre) · Servidor corporativo · Laboratorio de física-química e ciencias · Salón de actos con capacidade para 100 persoas · Cafetería · Aulas multimedia, música, tecnoloxía e plástica



## 82. IES Coruxo

Enderezo	Rúa Carrasqueira, 68. Vigo
Tfno.	986 460 142 / 986 460 144
Fax	986 490 892
Correo elect.	es.coruxo@edu.xunta.es
Horario de oficina	de 9:00 a 14:00 h.
Centros adscritos	CEIP Carrasqueira, CEIP Párroco Don Camilo, CEIP Ría de Vigo e CEIP A Paz-Tintureira.

Somos un centro laico, plural, participativo e galego.

Defendemos valores de tolerancia, respecto, convivencia, traballo, esforzo, solidariedade e paz.

### Niveis educativos

ESO · Bacharelato · PCPI · Idiomas: francés e inglés.

### Equipamento e instalacións

Ximnasio · Patio cuberto pequeno · 2 Pistas polideportivas · Biblioteca · 2 aulas de tecnoloxía · Aula de informática equipada · Laboratorios de física, química, bioloxía e xeoloxía · Aula de apoio · 17 aulas con vídeo · Salón de actos.



## 83. IES Teis

Enderezo	Avda. de Galicia, 101. 36216 Vigo
Tfno.	986 373 811 / 986 374 000
Fax	986 375 058
Correo elect.	ies.teis@edu.xunta.es
Web	www.iesteis.es
Horario de oficina	de luns a venres de 9:00 a 14:00; luns e mércores de 17:30 a 19:30
Centros adscritos	CEIP S. Salvador de Teis e Colexio San Fermín

O IES de Teis comezou no curso 1985/86 como centro de Formación Profesional, mais dende a década dos anos 90 brinda unha completa oferta educativa en réxime ordinario e para persoas adultas.

### Niveis académicos

E.S.O · ESO para persoas adultos niveis III e IV ( Equivalente a 3º e 4º de ESO).  
Bacharelato: Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais.( En réxime ordinario e para persoas adultas) · Ciclos formativos de grao medio: CM Perruquería. CM Estética Persoal decorativa, CM Sistemas Informáticos e Redes. En réxime ordinario e para persoas adultas) · Ciclos Formativos de grao superior: CS Estética, CS Administración de Sistemas Informáticos, CS Desenvolvemento de Aplicacións Informáticas. (En réxime ordinario e para persoas adultas) e ZS de Asesoría de Imaxe  
Programas de Cualificación Profesional Inicial: Peiteado, Estética e Informática.

## Equipamentos e instalacións

- Biblioteca con servizo de préstamo.
- 3 laboratorios de física, química e bioloxía e xeoloxía.
- 3 talleres de tecnoloxía.
- 6 aulas-laboratorio de informática con 100 equipos.
- 3 aulas-taller de estética.
- 2 aulas-taller de perruquería.
- Salón de actos con capacidade para 200 persoas.
- Aulas por materia con dotación específica.
- Cafetería que oferta comidas entre as 14:30 e as 16:00.
- Aulas de pedagogía terapéutica.
- Patio cuberto e pechado de 250 m<sup>2</sup>.
- 2 pistas polideportivas (unha delas cuberta) e utilización do Pavillón Municipal de Teis.
- Aulas de música e audiovisuais.
- 2 aulas con equipamento informático para ESO e os Bacharelatos.

## Otra información de interese

- Participa no Programa Internacional Erasmus e Leonardo da Vinci que permite facer as prácticas do alumnado de formación profesional no estranxeiro. Sección bilingüe no idioma francés na ESO e no Bacharelato nas áreas de matemáticas e Bioloxía e Xeoloxía.
- Programa CUALE de inglés e francés para o alumnado de formación profesional e para o profesorado do ensino de todos os centros da comarca.
- Programa de mediación escolar Aprender a Convivir.
- Ruta de transporte escolar: Colexio San Fermín, Travesía de Vigo, Bos Aires, Instituto.
- Convoca Xornada de Portas abertas nos meses de marzo para coñecer o centro.
- Escolas deportivas de voleibol e badminton abertas á alumnado doutros centros. Grupo de teatro permanente e edición da Revista Perfil.





## 84. IES Beade

Enderezo	Camiño do Outeiro, 10. 36312 Vigo
Tfno.	986 200 111
Fax	986 200 401
Correo elect.	ies.beade@edu.xunta.es
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/iesbeade">http://centros.edu.xunta.es/iesbeade</a>
Horario de oficina	de 9:00 a 14:00 h.
Centros adscritos	CEIP Coutada-Beade, CEIP Otero Pedraio, CEIP Sárdoma-Moledo.
Horario lectivo	de 8:20 a 14 h. / 16:30 a 18:10 h. (martes)

O IES Beade desenvolve un Proxecto Educativo que ten como fin a formación integral e harmónica do alumnado no que primen os valores democráticos e de convivencia.

Ademais, o centro desenvolve un ensino que ten como obxectivos xerais:

Afianzar a igualdade, tanto a nivel de xénero, cultura, relixión ou etnia · Sensibilizar e implantar na vida cotiá hábitos de vida saudable · Promover e respectar o coñecemento do noso patrimonio lingüístico, cultural e natural · Valorar a importancia e responsabilizarse cara ao noso patrimonio e ao medio ambiente · Fomentar a cooperación, a solidariedade e a tolerancia.

Para o desenvolvemento deste obxectivos o centro trata de dar participación activa ao alumnado mediante a posta en práctica dos diferentes plans do PEC:

Actividades complementarias e extraescolares · Plan de convivencia do centro · Plan lector · Plan de orientación · Plan de normalización lingüística.

## Niveis académicos

- ESO (1º e 2º ciclos)
- Bacharelato

## Servizos

- Departamento de Orientación constituído pola orientadora, unha especialista en pedagogía terapéutica e dous profesores coordinadores das áreas lingüística e científico-tecnolóxica.
- Aula de pedagogía terapéutica.
- Club de Lectura (CLUBELÉ) orientado a dinamizar foros literarios.
- Idiomas: Inglés e Francés.
- Transporte escolar: 6 liñas.

## Equipamento e instalacións

- Superficie de 8000 m<sup>2</sup>.
- Ximnasio e pista descuberta.
- Pavillón polideportivo cuberto (1600 m<sup>2</sup>) homologado para competicións por distintas federacións deportivas.
- Biblioteca con máis de 10.000 volumes e un servizo de préstamo aberto a toda a comunidade educativa e aos ex-alumnos do Centro.
- Salón de Actos con capacidade para 200 persoas e cunha instalación de megafonía profesional apta para concertos, representacións teatrais...
- Aula multimedia con encerado dixital.
- 20 aulas dotadas con medios audiovisuais.
- 11 aulas dotadas con canón de proxeccións.
- 2 aulas de Informática.
- Aula de Tecnoloxía.
- Laboratorios de Física, Química, Bioloxía e Xeoloxía.

- Aula de Música.
- Aula de Debuxo.
- Aula de Artesanía.
- Cafetería.

## Otra información de interese

- As actividades complementarias e extraescolares desempeñan un papel fundamental nun proxecto que ten como obxectivo conseguir un ensino activo no que o alumnado se sinta partícipe da súa propia aprendizaxe, onde poida desenvolver a súa creatividade, conseguindo que as súas inquietudes vaian alén dos contidos académicos.
- A ANPA colabora nalgunhas das actividades extraescolares.
- Conta cun Regulamento de Réxime Interno e un Plano de Convivencia.





## 85. IES Valadares

Enderezo	Avda. Clara Campoamor, s/n. Vigo
Tfno.	986 465 143
Fax	986 465 139
Correo elect.	ies.valadares@edu.xunta.es
Web	<a href="http://centros.edu.xunta.es/iesvaladares">http://centros.edu.xunta.es/iesvaladares</a>
Horario de oficina	de 9:00 a 14:00 h. (luns a venres)
Centros adscritos	CEIP Mestres Goldar, CEIP Josefa Alonso de Alonso · Matamá, CEIP Igrexa-Valadares e CEIP Sobreira-Valadares

O IES Valadares é un centro de ensino de titularidade pública dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

O IES Valadares ten como finalidade fundamental formar e transmitir ás alumnas e alumnos os elementos básicos da nosa cultura e preparamos para acceder ao Bacharelato, Ciclos Formativos de Grao Medio, etc.

Atópase na entidade de poboación de Sobreira, na parroquia de Valadares do Concello de Vigo. A súa zona de influencia esténdese dunha forma ampla ás parroquias de Castrelos, Matamá, Valadares e Zamáns.

Ten, polo tanto, asignada unha zona moi extensa e dispersa, que mantén como característica común pertencer á área xeográfica do extrarradio de Vigo.

## Niveis académicos

- Educación Secundaria Obrigatoria
- Idiomas: 1ª lingua, Inglés; 2ª lingua, francés e portugués.

## Equipamento e instalacións

- Superficie de 16.000 m<sup>2</sup>.
- Aparcadoiro interior para vehículos.
- Aparcadoiro exterior para o servizo de transporte escolar.
- Ximnasio e dúas pistas polideportivas ao aire libre.
- Biblioteca dotada con equipos informáticos con conexión á Internet e servizo de préstamo.
- 2 aulas dotadas con equipos informáticos individuais conectados en rede e á Internet.
- Aula de medios audiovisuais.
- 2 aulas de música.
- 2 aulas-taller de tecnoloxía.
- 2 aulas de debuxo e plástica.
- Aula de Apoio.
- Departamento de Orientación.
- Laboratorios de Física e Química, e de Bioloxía e Xeoloxía.
- Aulas dotadas de equipo informático individual, conexión á Internet e canón de vídeo.
- Cafetería con servizo no horario lectivo.
- Patio cuberto (300 m<sup>2</sup>), patio (800 m<sup>2</sup>) e xardín.

## Otra información de interese

- Servizo de transporte escolar: oito liñas de transporte.
- Parada do autobús urbano Vitrasa: liña U1
- Seccións bilingües: dúas, nas materias de Matemáticas e Bioloxía e Xeoloxía de 3º E.S.O.





## 86. IES Politécnico Marítimo Pesqueiro

Enderezo	Avda. Beiramar, 55. Vigo
Tfno	986 235 608
Fax	986 201 286
Correo elect.	<a href="mailto:xose.luis.gilino.villarramos@xunta.es">xose.luis.gilino.villarramos@xunta.es</a>
Horario de oficina	de 9:00 a 14:00 h.

Esta unidade ten como cometido a formación integral das dotacións dos buques de pesca, tanto de litoral como de altura, baixo as modalidades de formación profesional e permanente de adultos; ademais imparte formación para a obtención de certificados de especialidade marítima e de formación sanitaria inicial e avanzada.

## Niveis académicos

Ciclos formativo de grao superior de navegación, pesca e transporte marítimo.

Ciclo formativo de grao medio de pesca e transporte marítimo.

Ciclo formativo de grao superior de Supervisión, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque.

Ciclo formativo de grao medio de Operación, control e mantemento de máquinas e instalacións do buque.

## Equipamento e instalacións

O Instituto dispón dun buque escola de 22.90 metros de eslora e 403 CV de potencia propulsora, un gran número de áulas específicas, simuladores e talleres destacando:

- Aula simulador de navegación e manobra do buque.
- Aula simulador de motores.
- Planetario.
- Aula hidráulica y neumática.
- Rádar punteio automática.
- Aula laboratorio de electricidad i electrónica.
- Aula simulador G.M.D.S.S.
- Aula primeiros auxilios.
- Aula de audiovisuáis.
- Taller de motores.





## 87. Escola Oficial de Idiomas

Enderezo	Avda. Martínez Garrido, 17. Vigo
Tfno.	986 260 210 / 986 260 261
Fax	986 262 599
Correo elect.	oei.vigo@edu.xunta.es
Web	<a href="http://oeidevigo.org">http://oeidevigo.org</a>
Horario de oficina	de luns a venres de 9:00 a 14:00 h.; e luns e xoves de 17 a 20:00 h.
Centros adscritos	Seccións: IES Alexandre Bóveda, IES Rodeira (Cangas), IES San Paio (Tui), IES Val do Tea (Pontearreas)

Centro dependente da Consellería de Educación da Xunta de Galicia especializado na ensinanza de idiomas para adultos que expide títulos con recoñecemento oficial. Trátase dunha oferta pensada para adultos impartida segundo un enfoque comunicativo e uns contados específicos, na que a finalidade laboral é prioritaria. Impártense cursos monográficos das diferentes linguas e cursos CELGA e linguaxe administrativa de galego.

Un dos obxectivos é o de potenciar o uso das linguas na sociedade europea multicultural. Conta aproximadamente con 7.000 alumnos/as que reciben clases de alemán, chinés, español para estranxeiros, francés, galego, inglés, italiano, portugués e xaponés.

## Niveis académicos

Na Escola impártense clases en réxime oficial (presencial) e libre. A oferta distribúese en tres niveis: nivel básico (dos cursos académicos, excepto chinés e xaponés con tres), nivel intermedio (dos cursos académicos) e nivel avanzado (dos cursos académicos). A oferta horaria vai desde as 9.00 horas ata as 21.30 horas ininterrumpidamente.

## Equipamento e instalacións

As instalacións repártense entre os sete andares con 36 aulas dotadas de medios audiovisuais dixitais, un salón de actos, unha sala multimedia, un laboratorio, biblioteca, cafetería, vivenda para o conserxe e aparcadoiro.

## Otra información de interese

Os alumnos reforzan as destrezas orais e escritas con lectores e clases complementarias. Os diferentes departamentos organizan actividades extraescolares relacionadas coa cultura de cada país.

Existen distintas posibilidades para acceder directamente a niveis superiores: por proba de clasificación e por validación.

Hai unha asociación de alumnos/as e outra de ex alumnos/as. A asociación de alumnos/as oferta nos sábados durante o curso e no mes de xullo cursos de árabe, ruso, xaponés, español para estranxeiros, inglés, francés, alemán e portugués.





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CONCELLERÍA  
DE EDUCACIÓN

